



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 7

Sesión plenaria
14 de maio de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-zeDISUsUR-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía de emerxencia en relación coa pandemia covid-19 [(doc. núm. 2746), (12/SCI-000001)]

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 03.05.2024

Punto 2. Comparecencia

1854 (12/CPP-000004)

Do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024

Punto 3. Mocións

3.1 2638 (12/MOC-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo das políticas en materia de dependencia (Moción consecuencia da Interpelación nº 814, publicada no BOPG nº 10, do 12.04.2024, e debatida na sesión plenaria o 23.04.2024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024

3.2 2649 (12/MOC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda (Moción consecuencia da Interpelación nº 908, publicada no BOPG nº 10, do 12.04.2024, e debatida en sesión plenaria o 23.04.2024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024

3.3 2651 (12/MOC-000003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental (Moción consecuencia da Interpelación nº 566, publicada no BOPG nº 10, do 12.04.2024, e debatida en sesión plenaria o 23.04.2024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 825 (12/PNP-000075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024

4.2 864 (12/PNP-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e catro deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da destitución do actual director xeral da CRTVG e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de impulsar a renovación da devandita dirección xeral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 11.04.2024

4.3 1086 (12/PNP-000100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024

4.4 1618 (12/PNP-000179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da dotación da nosa comunidade de trens Avril e da extensión da alta velocidade ferroviaria ao resto de cidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 17.04.2024

4.5 2453 (12/PNP-000287)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que efectúe o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

4.6 2541 (12/PNP-000298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024



Punto 5. Interpelacións

5.1 829 (12/INT-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

5.2 2116 (12/INT-000145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e tres deputados/as máis

Sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024

5.3 2271 (12/INT-000159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 3181 (12/POPX-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o impulso de reformas efectivas para unha política máis transparente e axeitada aos estándares dunha democracia avanzada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

6.2 3182 (12/POPX-000004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ante a situación da Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 2125 (12/POP-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as accións que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBIfobia no mundo do deporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 03.05.2024



7.2 3168 (12/PUP-000014)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Mouzo Mas, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre a recente visita do presidente da Xunta de Galicia á República Arxentina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

7.3 1385 (12/POP-000294)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis**

Sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

7.4 1587 (12/POP-000239)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas que está xerando a acollida no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

7.5 3166 (12/PUP-000012)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre as políticas de igualdade que está a levar a cabo o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

7.6 1582 (12/POP-000238)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

7.7 3169 (12/PUP-000015)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa construción do treito da autovía da Costa da Morte entre Salto (Zas) e Berdoias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

7.8 2742 (12/POP-000416)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 21, do 03.05.2024



7.9 1098 (12/POP-000155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 17, do 25.04.2024

7.10 1837 (12/PUP-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias de don José Manuel Golpe Acuña e dona Alexandra Fernández Gómez. (Páx. 12.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do previsto no artigo 7.1 do Regulamento, o señor presidente procede ao chamamento para que presten promesa ou xuramento as novas deputadas e deputados. (Páx. 12.) Logo de prestaren xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, dona María Encarnación Amigo Díaz, don Víctor Manuel Baladrón Lamas, dona Cristina Campero Dorado, don Juan Manuel Casares Gándara, don José Luis Ferro Iglesias, don Miguel Fidalgo Iglesias, dona Nicole Grueira Fernández, dona Paula Mouzo Mas e dona María Felisa Rodríguez Carrera acadan a condición plena de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia. (Páx. 12.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía da emerxencia en relación coa pandemia covid-19. (Punto primeiro da orde do día.

Intervención do grupo proponente: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 18.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 20.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 23.)

Rolda de réplica: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 26.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía de emerxencia en relación coa pandemia da covid-19: rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 37.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 39.), Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 43.) e Sra. Pomar Tojo (P). (Páx. 46.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 50.)



O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 55.) Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M) (Páx. 55.), a señora Longueira Castro (S) (Páx. 55.), a señora Queixas Zas (BNG) (Páx. 57.), a señora Pomar Tojo (P) (Páx. 60.) e o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 61.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo das políticas en materia de dependencia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 67.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 67.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 70.)

Nova intervención da señora Longueira Castro (S). (Páx. 72.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 81.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 81.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 84.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo das políticas en materia de dependencia: rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 86.)

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental: rexeitada por 24 votos a favor, 38 en contra e 8 abstencións. (Páx. 87.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 87.)



Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 90.) e *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 92.).

Nova intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 95.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da destitución do actual director xeral da CRTVG e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de impulsar a renovación da devandita dirección xeral. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 99.) e *Sra. Pomar Tojo (P)*. (Páx. 101.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 109.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 111.).

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 114.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da dotación da nosa comunidade de trens AVRIL e da extensión da alta velocidade ferroviaria ao resto de cidades galegas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. López Font (S)* (Páx. 117.) e *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 119.)

Nova intervención do señor Trenor López (P). (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que efectúe o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 123.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 129.)

O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autoestrada AP-9. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S)* (Páx. 136.) e *Sr. Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 138.).

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 140.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 142.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da destitución do actual director xeral da CRTVG e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de impulsar a renovación da devandita dirección xeral: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 142.)

A señora Pérez López pide a votación por separado dos puntos 1 ao 3 e dos puntos 4 e 5 (Páx. 143.)

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a M^a del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade: *aprobados por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 143.)

Votación dos puntos 4 e 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a M^a del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en



Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade: *rexeitados por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 143.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da dotación da nosa comunidade de trens AVRIL e da extensión da alta velocidade ferroviaria ao resto de cidades galegas: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

Votación do texto autoemendado do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que efectúe o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

Votación do punto primeiro do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autostrada AP-9: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 145.)

Votación do punto segundo do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autostrada AP-9: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día que consiste en susbtanciar a pregunta ao Goberno formulada pola deputada D^a. Paloma Castro Rey. (Páx. 146.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBIfobia no mundo do deporte

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 149.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e dous minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican a súa inasistencia a esta sesión plenaria o deputado don Xosé Manuel Golpe Acuña, a quen expresamos o noso pesar polo falecemento de súa nai, e a deputada dona Alexandra Fernández Gómez, a quen lle desexamos tamén unha recuperación.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE: O punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas e dos novos deputados; en concreto, de dona María Encarnación Amigo Díaz, don Víctor Manuel Baladrón Lamas, dona Cristina Campero Dorado, don Juan Manuel Casares Gándara, don José Luis Ferro Iglesias, don Miguel Fidalgo Iglesias, dona Nicole Grueira Fernández, dona Paula Mouzo Mas e dona María Felisa Rodríguez Carrera.

Todo isto farémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara, polo que procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía ás novas deputadas e aos novos deputados. Segundo o procedemento, a formula é de contestar «Si, xuro» ou «Si, prometo» á pregunta desta presidencia. (*O señor presidenteponse en pé.*) Prégolles que respondan dende o escano á pregunta que lles vou formular:

Dona María Encarnación Amigo Díaz, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora AMIGO DÍAZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Víctor Manuel Baladrón Lamas, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor BALADRÓN LAMAS: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Dona Cristina Campero Dorado, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora CAMPERO DORADO: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Juan Manuel Casares Gándara, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor CASARES GÁNDARA: Si, xuro, ante Galicia e os galegos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don José Luis Ferro Iglesias, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor FERRO IGLESIAS: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Don Miguel Fidalgo Iglesias, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor FIDALGO IGLESIAS: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Nicole Grueira Fernández, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Paula Mouzo Mas, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora MOUZO MAS: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona María Felisa Rodríguez Carrera, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Si, prometo.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa ou o xuramento adquiren a condición plena de deputadas e deputados desta Cámara. Polo tanto, ¡sexan benvidos e benvidas a este Parlamento!

Moitas grazas. (*Aplausos*)

E agora continuamos coa orde do día.

Antes hai que comentar o que falamos o outro día na Xunta de Portavoces, e máis ou menos vou avisar de como vai ser o desenrolo do pleno e os horarios de votacións. Pola mañá —isto xa o coñecen vostedes— haberá unha votación despois, da solicitude de comisión de investigación que imos debater a continuación e despois sobre as catorce horas e vinte minutos haberá unha votación das mocións. E pola tarde reiniciaremos ás catro da tarde, e está previsto que a votación se faga sobre as oito da tarde.

E, sen máis, comezamos co primeiro punto.

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía da emerxencia en relación coa pandemia da covid-19

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposta do grupo parlamentario solicitante, ten a palabra o deputado don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías, o primeiro, darlles os parabéns aos deputados e ás deputadas que tomaron posesión no día de hoxe e lembrarlles a súa condición de persoas aforadas; polo tanto, se teñen algunha causa pendente agora corresponderá a súa tramitación ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Por tanto, se alguén está nesa circunstancia que non esqueza comunicarlle ao Xulgado de Instrución Número Un de Ourense, para que a súa causa se inhíba a favor do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

O señor PRESIDENTE: Non entendo a que vén iso. (*Murmurios.*)

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: É simplemente a vocación de servizo que temos os deputados e as deputadas do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para iso xa está o presidente.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Vocación de servizo, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, pero dígolle que para iso están os Servizos Xurídicos da Cámara e o presidente. Creo que iso que dixo vostede agora é moi libre de dicilo, pero non procedía, ao meu entender, sinalando nomeadamente a Ourense; non sei por que.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Agradezo a liberdade que me confire o presidente da Cámara...

O señor PRESIDENTE: Non, non, aí a ten. Pode vostede dicilo, pero creo que non é procedente.

Continúe, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Agradezo a interrupción. Simplemente, esa vocación de servizo. Se ninguén se ten por que dar por aludido ou aludida, pois continuemos. (*Aplausos.*) Se hai alguén que estea nesa circunstancia, que non ralentice o funcionamento da Administración de xustiza e siga sen colapsar os nosos xulgados, nomeadamente os xulgados do Penal.

E agora, co respecto da súa presidencia, continuarei.

Ante a negativa do Partido Popular a que se realice unha auditoría por expertos independentes, no BNG vemos a necesidade de solicitar a este Pleno do Parlamento de Galiza a constitución dunha comisión de investigación sobre a contratación realizada pola Xunta de Galiza polo procedemento de emerxencia como consecuencia da pandemia provocada pola covid-19. Coa creación desta comisión de investigación procuramos transparencia, procuramos control da xestión dos recursos públicos, procuramos a defensa dos dereitos da cidadanía e do tecido empresarial, do tecido empresarial honesto, do tecido empresarial profesional e que non ten padriños e *padriñas* nos órganos de contratación.

Non existe dúbida de que a situación provocada pola pandemia da covid requiriu decisións urxentes e inmediatas, posibilitando no ámbito da contratación recorrer ao procedemento excepcional de emerxencia. Procedemento de emerxencia que permite a axilización de trámites para a adxudicación dos contratos. Ante acontecementos catastróficos ou situacións de grave risco, a lei admite a contratación do necesario para remediar o acontecido ou para prover as necesidades urxentes que poidan sobrevivir, sen tramitar expediente previo e sen necesidade incluso de que exista crédito abondo.

Mais tamén esta contratación ou este procedemento de emerxencia ten requisitos. Ten como requisito a elaboración dunha memoria, unha memoria que relacione a urxencia co obxecto do contrato. Esta contratación ten un prazo máximo para a súa execución; debe iniciarse no prazo máximo dun mes dende que se declara a urxencia. Tamén ten como requisito a necesaria publicación das adxudicacións que se realicen. O recurso a este procedemento de contratación non permite arbitrariedades, non permite unha xestión ineficiente ou un derroche dos recursos públicos. Este procedemento de contratación non exime de controis.

En contra do que contumaz e reiteradamente afirma o Partido Popular, a contratación realizada como consecuencia da pandemia non foi obxecto de fiscalización na súa totalidade, nin fiscalización interna nin fiscalización externa. E na fiscalización parcialmente realizada o Consello de Contas atopou irregularidades e tamén actuacións non axustadas á legalidade.



Como dicíamos no pleno pasado, o Consello de Contas non fiscalizou a contratación de emerxencia de ningunha consellería, non fiscalizou a contratación de emerxencia de ningunha axencia, de ningunha fundación, de ningunha corporación ou de ningunha sociedade pública. Só fiscalizou unha parte do Sergas, deixando fóra —como afirmamos o outro día— mesmo diferentes áreas sanitarias: a área sanitaria de Ferrol, de Pontevedra, de Lugo ou de Ourense.

Sobre esta última área, o Consello de Contas, estes mesmos días, acaba de facer público un informe sobre a asistencia sanitaria con medios alleos en Ourense, no que á marxe dunha evidente tendencia privatizadora constatou que no 2022 o Sergas contrataba servizos á marxe dos procedementos legalmente establecidos, aboando prezos sen valoración previa dos custos nin coñecemento do mercado sobre os servizos que pagaba con recursos públicos. É dicir, non sabía se o que estaba a pagar era moito ou era pouco. Recorría —di o Consello de Contas— «indiscriminadamente» —e di textualmente o Consello de Contas— «ás espurias autorizacións do uso que supuñan contratación directa, sen concorrencia, sen publicidade e sen respectar a igualdade de trato».

Máis do setenta e dous por cento das contratacións realizadas polo Sergas no ano 2022 foron a través deste sistema ou realizadas a través deste sistema irregular, e concentráronse en dúas áreas sanitarias, concretamente a de Ourense e de Pontevedra, que non foron obxecto de fiscalización de emerxencia por parte do Consello de Contas.

O escaso perímetro de fiscalización só abrangueu un período concreto de tempo: marzo de 2020 a maio de 2021.

Estaremos de acordo en que, por tanto, esta fiscalización, tanto subxectiva como temporalmente, foi moi limitada, e ademais podemos afirmar que a Xunta non colaborou excesivamente no proceso de fiscalización.

A actuación do Consello de Contas, actuación fiscalizadora do pouco que fiscalizou do Servizo Galego de Saúde, limitouse ao que constaba no Rexistro de Contratos da Comunidade Autónoma; foi o único ao que tivo acceso o Consello de Contas.

Pois ben, alguén dixo que a documentación que existía nese rexistro de contratación non era fiábel. ¿E saben as señorías quen foi quen dixo que a documentación que existía nese rexistro de contratos non era fiábel? Pois foi o propio Servizo Galego de Saúde. O propio Servizo Galego de Saúde nas súas alegacións manifestou que existían irregularidades, discrepancias nos contratos rexistrados nese instrumento público. Di que onde aparecen trinta e un contratos rexistrados na Consellería de Sanidade deberían aparecer once. Di que nos servizos centrais do Sergas onde aparecen cento cinco contratos rexistrados deberían aparecer sesenta e cinco. Curiosamente, fai un reparo, unhas alegacións sobre o número de contratos, mais non sobre a cantidade contratada. Resulta que o propio Sergas admite que está mal o Rexistro de Contratos e que se rexistraron ou se fixeron menos contratos, mais o que está dicindo é que a contía segue sendo igual. Sobre esa contía non realiza alegación ningunha, o que resulta cando menos evidente dun absoluto descontrol nese instrumento que é o Rexistro de Contratos, que foi o único do que dispuxo o Consello de Contas para realizar esa tarefa fiscalizadora.



Mais con todo o limitado, si detectou actuacións non axustadas á lei, non porque as memorias fosen vagas ou xenéricas, que tamén, senón porque en moitos casos non as había ou esas memorias estaban realizadas, que eran esenciais, que eran indispensábeis, unha vez executado o contrato. É dicir, unha vez que se executa o contrato, despois faise a xustificación de que ese contrato e ese obxecto eran necesarios, o que non se axusta á legalidade e é bastante desastre na xestión dos recursos públicos.

Tamén advirte fallo de legalidade no inicio da execución fóra do prazo máximo legal; un dos requisitos que eran indispensábeis. Tamén realiza reparo de legalidade sobre a falla de publicación dos acordos de adxudicacións. Tamén advirte como reparo de legalidade a existencia de camuflar contratos de emerxencias antes da declaración de emerxencia, antes da declaración de pandemia, ou mesmo a fragmentación de pedidos, con vinte contratos co mesmo obxecto, o mesmo día, para pasalos como contrato menor.

Ademais dos reparos de legalidade, o Consello de Contas apreciou actuacións pouco acordes cos principios de boa xestión: non realizar unha mínima concorrència entre adxudicatarios, unha falla de valoración das prestacións que se contrataban ou mesmo a non-comprobación da aptitude e capacidade do adxudicatario, o que temos que pór en relación con outras conclusións.

Esta falta de comprobación e de actitude dos adxudicatarios témola que pór en relación con que no 2020 case o cincuenta por cento do contratado se concentrou en só once empresas. No 2021, só catro empresas foron as adxudicatarias de aproximadamente o sesenta e seis por cento de todo o licitado, producíndose outras circunstancias, como que a principal beneficiaria no 2020 é unha empresa da que participou como comisionista ou en cuxa relación ou execución do contrato participou como comisionista a parella da presidencia da Comunidade de Madrid. Ou mesmo que no 2021, un de cada tres euros adxudicados foi a unha empresa coa que ten relación laboral o cuñado do señor Núñez Feijóo. Existe todo iso a pesar de que esa empresa non tiña relación previa coa Xunta de Galiza e de que non se realizou —como advirte o Consello de Contas— ningunha comprobación da súa aptitude ou de capacidade para poder atender todo o que se lle adxudicaba.

Pero non é a única curiosidade. Tamén existen empresas das principalmente beneficiarias, como a empresa Sibucu, á que tras adquirirlle dous millóns de máscaras, o 18 de maio de 2020, o Sergas alerta que a empresa distribuía máscaras FFP2 con selo falso, expedido por un laboratorio que non tiña capacidade para a emisión deses certificados. E despois desa alerta do Servizo Galego de Saúde, ¿que foi o que fixo o propio Servizo Galego de Saúde? Pois adquirirlle máis máscaras deste tipo FFP2 os días 20 e 29 do mesmo mes e o día 19 de xuño, apenas un mes despois desa declaración de que eses certificados estaban falsos e que as máscaras que distribuía esa empresa non todas podían ser correctas.

Curiosamente, no informe non constan novas adxudicacións no 2021 a esta empresa Sibucu, pero si a outra filial participada ao cen por cento por esta entidade. É dicir, non á propia empresa principal, pero si a unha empresa matriz participada nada máis e nada menos que ao cen por cento. E dicimos que no informe non constan máis adxudicacións no 2021 a esta empresa, pero si foron realizadas por outras áreas sanitarias non investigadas neste informe de fiscalización. Outras áreas sanitarias, no 2021, si seguiron contratando con esta empresa...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...sobre a que existía esta alerta sobre a distribución das máscaras que se seguían comprando.

Pero existen outras informacións xornalísticas que ofrecen moitas dúbidas e moitas necesidades para realizar a investigación desta comisión de investigación que propomos. Unha empresa que na pandemia multiplicou por mil a contratación coa Xunta de Galiza logo de que adquirise o cincuenta por cento do capital social a parella dun alto cargo do Partido Popular. Alto cargo do Partido Popular co que —se non me trabuco— están casados en réxime de gananciais, o que non é unha cuestión menor.

Esta curiosa coincidencia...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...na entrada do accionariado da empresa, dunha empresa dedicada ao vestiario laboral, prodúcese exactamente o mesmo día que a Xunta de Galiza aproba un plan específico de protección laboral polo risco de contaxio polo virus.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Todo o anterior ao que leva é que non existe...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...outra cousa que a necesidade de investigalo, a necesidade de coñecer... *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupos non-propoñentes.

Señor Ojea, polo Grupo Mixto.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, señor presidente.

Saúdo os deputados e deputadas que tomaron hoxe posesión. Doulles a benvida en nome do noso grupo, que está formado só por min, pero é un grupo.

Cando se trouxo a colación esta cuestión, xa nalgún momento dixen que, efectivamente, durante a pandemia se deron unhas condicións de excepcionalidade que fixeron necesario en moitísimos casos a contratación sen poder seguir as canles habituais que se exixen.

Efectivamente, tal e como dixo o portavoz propoñente, a lei prevé situacións de emerxencia. O que me dá a min a impresión é que ningunha lei previu unha situación de emerxencia pla-



netaria. Esa situación de emerxencia dáse habitualmente en situacións puntuais. Non hai demasiado tempo, por exemplo, no concello de Ourense tivemos unha situación na que un vendaval levantou o tellado do pavillón de deportes e tivemos que cubri-lo nun tempo récord de novo, por motivos obvios.

Pero, claro, unha cuestión son esas situacións puntuais, que ás veces abranguen unha ampla área xeográfica, como o caso de inundacións etcétera, e outra cousa é unha situación planetaria global como a que se deu na pandemia, que desbordou todas as previsións —digamos— do ámbito xurídico e que desbordou por completo todo o que se tiña pensado ata o momento en relación coa contratación da administración pública en relación con todo, a medicina etcétera.

Efectivamente, movémonos durante moito tempo nunha situación —case dous anos, ou dous anos sen case— de inseguridade xurídica, de inseguridade de saúde, de preocupación por cuestións tan fundamentais como a alimentación etcétera, e todos os que tivemos responsabilidades de goberno nese momento pois sabemos o duro que foi tomar decisións naqueles momentos.

Da outra vez que falamos dese tema, eu xa dixen que era un estupendo exercicio de introspección por parte da administración —se é que se pode aplicar esa palabra «administración»—, unha situación de análise da propia administración do que se viu obrigada a facer neses momentos, sobre todo co ánimo de aprender para o futuro.

Nós imos apoiar esa proposta —como creo que xa adiantei nalgún momento— non tanto por un afán morbos, un afán fiscalizador, un afán acusador, mais eu son un abandeirado da presunción de inocencia habitualmente, pero non vén mal incluso para a propia administración que faga un exercicio de análise, aínda que só se vexa así, para aprender, para aprender para o futuro, para ver que erros cometemos ou deixamos de cometer. E con ese afán positivo, que pode ser moi interesante, eu dixen na outra intervención ao respecto que posiblemente no futuro aparezan teses de doutoramento sobre como se comportaron as empresas, as administracións e os individuos nesa situación tan problemática da pandemia, con aras de aprendizaxe histórica, pero tamén con aras de preparación para o futuro nesta clase de cuestións.

Entón, imos votar a favor con ese ánimo de que a administración, de vez en cando, ten que facer un exercicio de introspección, un *feedback*, unha autoanálise para o futuro.

Ao mesmo tempo, temos moita desconfianza sobre as comisións, porque xa dicía Napoleón Bonaparte que cando pretendas que algo se escureza ou que non se coñeza, que nomees un comité. Iso acostúmase dicir: a mellor maneira, ás veces, de non aclarar nada é formar unha comisión. Esperemos que non sexa o caso e esperemos que unha tal comisión ou comité, ou como lle queiramos chamar, aporte luz e taquígrafos acerca da cuestión concreta, neste caso que se propón na moción sobre a compra de máscaras e outros elementos digamos que foron necesarios durante aquela época, como todos soubemos, e algúns tivemos tamén responsabilidades nese sentido.

Como dixen, foi unha situación curiosa na que, incluso despois de ter contratado polo procedemento de emerxencia a compra de determinados obxectos, outra administración con máis prioridades, ás veces, quitábachas das mans etcétera.



Entón, nada, adiantar o noso voto a favor, con ese ánimo positivo ao que facía referencia ao longo da miña intervención.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Bos días a todos.

¡Benvidos aos novos deputados e deputadas!

Xa dixen na miña estrea nun anterior pleno como representante do Partido Socialista que xustificamos a nosa abstención á iniciativa presentada polo BNG de facer unha auditoría externa por persoal independente, pois criamos que non era o correcto. ¿Por que? Porque darlle unha auditoría nova a persoal independente, persoal experto, dáballa en bandexa ao Goberno galego, evidentemente, elixir unha auditoría, calquera firma privada de auditoría que lle puxera un laciño vermello e lle dixera que toda a contratación de emerxencia realizada durante a pandemia estaba de dez.

Evidentemente, nós, os socialistas, sempre —e digo: sempre—, imos apostar polos organismos públicos, sempre. O Consello de Contas de Galicia é o órgano fiscalizador das contas públicas, e —algo tamén moi relevante que hai que ter en conta neste hemiciclo— non só fiscaliza as contas públicas o Consello de Contas, senón que no ano 2015 se dotou dunha nova competencia legal, que é a da prevención da corrupción, é dicir, autorregulación.

Por tanto, deputados, isto non vai de corrupción —para iso están os órganos da xurisdición penal e tamén a Fiscalía—, senón que vai de algo de máis fino, do orballo galego, diso que vai calando pouquiño a pouco. Diso vai esta comparencia, que non acaba de calar no Goberno do PP, que pensa que as institucións públicas están ao seu servizo, e non ao revés; é dicir, que é o Goberno galego o que se debe poñer ao servizo dos cidadáns e á persecución do interese público. Non o digo eu, dio a Constitución, artigo 9.3 e artigo 103 da Constitución. Vai de integridade, de honestidade, de bo facer, disto vai.

Coñecemos ben os socialistas galegos as súas artes e os seus xogos do PP, que non son un xogo limpo. E ben o coñecemos no ano 2009, como cando o señor Feijóo estaba na oposición e logo en campaña durante o seu mandato. E a verdade é que ese *modus operandi* do PP lémbreme eses consellos que daba o diplomático italiano Maquiavelo en frases como «Poucos poden ver o que somos realmente, pero moitos ven o que aparentamos, aínda que teñamos que enganar». (Aplausos.)

Os socialistas galegos non imos xogar a ese xogo, non nos van atopar, pese ao dano causado. Por iso o debate de hoxe vai de exemplaridade, de facer o correcto cando ninguén te está mirando, de xestionar de forma eficiente cando sabes que ao mellor non te están controlando ou fiscalizando. Diso vai este debate. Significa non xestionar para intereses particulares de



partidos políticos ou para intereses particulares de amiguismo ou rede clientelar ou ben de intereses familiares. Diso vai este debate, de transparencia, de rexeneración democrática, de dar exemplo, de sen acudir a debates cheos de confrontacións e realmente hipérboles levadas á máxima, que inoculan o pensamento crítico, diso vai.

Non debemos permitir que a política se converta nun espectáculo onde van combater os rivais baixo a máxima de «caia quen caia». Non se me ocorre mellor momento que este para, en definitiva, defender unha política vigorosa, limpa, equilibrada.

Eu penso que os galegos e as galegas están fartos desta confrontación e queren lealdade institucional neste Parlamento galego, así como en todas as institucións públicas, cuxo funcionamento se está pervertendo en vez de que se asuma que iso ao único ao que leva é á desafección cidadá e socava o necesario equilibrio entre os tres poderes do Estado, tres poderes do Estado recoñecidos pola Constitución, señorías. É intolerable que a estas alturas —e importante tamén traelo ao debate— o Consello Xeral do Poder Xudicial leve máis de seis anos paralizado, e todo —e hai que dicilo ben alto— pola parálise e o bloqueo de senrazón do PP. (*Aplausos.*)

Descendendo xa á contratación pública, que é a que nos leva aquí a debate sobre a creación da comisión de investigación, certo —e sabemos todos— que durante a pandemia houbo oportunistas, comisionistas, en Galicia, en España, no mundo, que se aproveitaron da pandemia para lucrarse e para enriquecerse. Iso é unha realidade. E tamén é unha realidade, que non podemos tampouco mirar para outro lado, que os contratos de emerxencia realizados durante a pandemia polo Sergas e por outras institucións do sector público autonómico galego non foron transparentes e houbo moitas deficiencias e irregularidades e non se seguiron os requisitos da contratación de emerxencia que exixía a Lei de contratos do sector público.

Como dicía o representante do BNG, tanto o Consello de Contas como tamén outros organismos fiscalizadores que tamén fiscalizaron os contratos galegos (o Tribunal de Contas, a Oficina de Supervisión de Contratación do Estado), puxeron negro sobre branco: estamos á cola da transparencia nestas contratacións de emerxencia. Non houbo publicación de moitos contratos nas plataformas, contratacións verbais, abuso de emerxencia máis alá do tempo, non coincidencia na información da plataforma co Rexistro Público de Contratos. E un dato moi importante, que exige tamén que ao mellor se constituía esta comisión de investigación: a concentración en empresas en mans duns poucos, ademais empresas que non tiñan solvencia técnica nin experiencia na subministración de material sanitario.

Máis de 2 millóns de euros, como se di no último informe do Consello de Contas, adjudicatarias no 2020, máis de 80 millóns se repartiron entre once empresas e no 2021, cando xa pasamos toda a tensión competitiva da subministración de material sanitario, en catro empresas concentráronse todas as contratacións de emerxencia. É dicir, que 2 de cada 3 euros foron a mans de catro empresas. ¿Non había máis empresas ás que repartirlles os contratos de emerxencia?

Por outra parte, tamén nos sorprende moito aos socialistas galegos realmente que o señor Rueda e os voceiros do PPdeG, do grupo parlamentario, digan, día tras día, cando son pre-



guntados por este tema polos medios de comunicación, que o Consello de Contas dixo que todo estaba de marabilla, que todo estaba ben. É verdade que —xa o dixen eu— pois ao mellor non leron os mesmos informes que lemos nós do Consello de Contas nos que fiscalizou a contratación de emerxencia. Por máis que se repitan as mentiras, non se convarten en realidade. E o que dicía ao principio da miña intervención: iso non é un xogo limpo, iso é construír relato a toda custa.

O señor Rueda non debería cuestionar a pertinencia de realizar esta comisión e de investigación en sede parlamentaria. Ademais, como dixo na sesión de investidura, debería admitir con humildade e aprender dos erros en positivo; debería comezar por amosalo agora. O sentidíño, do que tanto falan no PP, non debería implicar inmovilismo ou deixar as cousas como están. Iso non é gobernar con maiúsculas e non o merecen os galegos e as galegas, que o que queren é certezas.

E quero volver remarcar nesta réplica, porque a min paréceme moi importante, que é que, aínda que votemos a favor da constitución da comisión de investigación, no Grupo Socialista galego non cuestionamos por parte do PSdeG o bo facer dos empregados públicos. Iso é moi importante. Tanto o persoal sanitario como o resto dos empregados públicos amosaron unha gran responsabilidade e gran vocación de servizo público. Foi o Goberno presidido polo señor Feijóo e co vicepresidente Rueda tamén sentado no Consello da Xunta o que validou esas contratacións de emerxencia, que precisamente tiñan que pasar polo órgano máximo de goberno para seren validadas. Foron as direccións políticas as que ordenaron facer esa contratación de emerxencia.

E non, non somos todos iguais. Aquí neste hemiciclo estou a falar de responsabilidade política, de ética pública, de transparencia, de regulación eficaz dos conflitos de intereses, prevención, detección e persecución dos conflitos de intereses.

Como dixo o noso voceiro no debate de investidura, José Ramón Gómez Besteiro, un dos retos da nosa oposición é que pretende ser útil e realista e fortalecer a nosa democracia e sobre todo pular por unha política máis transparente, máis limpa e máis honesta.

Se a xestión da contratación de emerxencia non funcionou ben, porque houbo importantes deficiencias e irregularidades, é o momento de tomar nota e regular para mellorar. Urxe que o Goberno galego, recién estreado, porque non o fai en conciencia, empece a regular de forma decidida, entre outras cuestións, os conflitos de intereses, os grupos de intereses, os *lobbys*, as portas xiratorias, como sucede noutras comunidades autónomas, que teñen normativa moitísimo máis rigorosa que a que ten o Goberno galego. Empecen a dar exemplo.

Saquemos en positivo leccións do que non se fixo ben. Non chega con xestionar, hai que dar exemplo. ¿De que lado queren estar —como dicía no primeiro día da intervención—: do lado do Goberno balear, que está gobernando co pacto de PP-Vox, que a primeira decisión política que tomaron foi suprimir a Oficina Anticorrupción, ou queren estar do lado da exemplaridade e da integridade pública? Son vostedes aos que lles toca gobernar e dar exemplo.



Se, como di o PP, non hai nada que agochar, logo non terían nada que temer en que se constitúa esta comisión de investigación e que se afonde precisamente nesas irregularidades, nos riscos dos conflitos de intereses e na concentración de empresas, que se puxo de manifesto por parte do Consello de Contas.

E, como dicía, estamos moi mal, estamos á cola. O feito é que nestas contratacións de emerxencia máis de 369 expedientes que se solicitaron na comisión de investigación que se está facendo no Congreso dos Deputados son expedientes de contratación de emerxencia do Goberno galego. É dicir, que alí se nos vai investigar pero aquí non podemos investigar, que é o que merecen os galegos e galegas. Estamos neste Parlamento galego e onde hai que dar explicacións é aquí, en Galicia.

Nada máis pola nosa parte, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Na mañá do 29 de abril o presidente Sánchez convocaba a prensa para comunicar que, despois de cinco días de profunda reflexión, decidira continuar á fronte do Goberno para afrontar unha cruzada democrática pola limpeza e fronte ao fango. Os motivos da reflexión son por todos coñecidos: un xulgado de Madrid admitira a trámite unha denuncia contra a súa esposa presentada pola ultradereita. Bulos, *lawfare* e ultradereita, o cóctel perfecto e favorito da nova esquerda patria cando pretende vitimizarse. Esa mesma mañá a señora Pontón aplaudía a decisión do señor Sánchez e lamentaba a súa tardanza en combater os bulos, as mentiras, a difamación e o *lawfare* que levamos tempo sufrindo outros. Horas despois rexistraba esta iniciativa, que acredita o seu cinismo político e que ten por único obxecto o ataque persoal ao adversario e continuar enlizando a política galega con acusacións que non se atreverían a facer sen as prerrogativas de deputado, que nos recordaba hai moi pouco o voceiro do BNG. (*Aplausos.*)

Señorías, namentres a esquerda leva meses espallando bulos e utilizando as institucións para atacar familiares de líderes do Partido Popular, escandalízase cando son as súas familias as salpicadas por actuacións inadmisibles en calquera democracia consolidada. Recordábanolo recentemente a esposa do mandatario inglés Nick Clegg: se eu fixera o mesmo que Beñoña Gómez, teríanme queimado en Trafalgar Square.

Señorías, en 1977, nunha histórica entrevista, Richard Nixon recoñecía ante David Frost que tiña violado sistematicamente a lexislación americana para defender a nación; seguro que lles soa a expresión. Pero iso significa que recoñece que fixo cousas ilegais —preguntaba Frost—. Non; significa que, se o fai o presidente, non é ilegal —dicía Nixon—. Este é o principio básico que rexe o Goberno de Pedro Sánchez. O ilegal vóltese legal se o fai o presidente ou a *sanchosfera*. (*Aplausos.*)



Señorías, a última ofensiva do BNG para enlodar a política galega comezou no anterior pleno, realizando unha serie de descualificacións baseadas nunha torpe manipulación dos feitos, e tamén do informe do Consello de Contas. Dicían, literalmente: o señor Feijóo ten pendente a xustificación neste Parlamento de Galicia dun incremento patrimonial curiosamente producido durante a pospandemia —afirmaba o señor Tabarés, unha afirmación tan falsa como lamentable—. Alberto Núñez Feijóo non ten pendente ningunha explicación neste Parlamento, tal e como acreditaron os representantes do Grupo Popular e do Grupo Socialista na Comisión do Estatuto do Deputado, os Servizos Xurídicos desta Cámara e a propia Mesa do Parlamento. Non minta. O señor Feijóo declarou un incremento da súa liquidez e unha redución do seu patrimonio inmobiliario, como vostede sabe e interesadamente oculta. Vincular o beneficio dunha compravenda dunha casa coa contratación durante a pospandemia é simplemente noxento señoría, noxento. *(Aplausos.)* Mire, tan noxento como utilizar un banco azul do Goberno para espallar o bulo de que existiu un trato de favor da Xunta cara a unha empresa na que traballaba a parella do presidente Feijóo, a pesar de que esa información fora desmentida a través dunha rectificación polo propio dixital que a publicara. Por certo, namentres a vicepresidenta Montero mentía e difamaba dende un escano do Goberno, o presidente Sánchez, sentado ao seu lado, ameazaba a Alberto Núñez Feijóo: *hay más cosas, hay más cosas*. Parece ser que os cinco días de reflexión non alcanzaron a valorar máis honorabilidade de ningunha esposa que non fora a do propio señor Sánchez.

Tan noxento todo isto como sinalar, con camiseta e foto, *(O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.)* e tamén dende os bancos azuis do Goberno, o irmán dunha presidenta de comunidade autónoma, que xa fora exhibido previamente, por certo, na fachada dun edificio en Madrid, todo iso a pesar de que a Fiscalía —¿quen manda na Fiscalía, señores?— determinou ata en dúas ocasións que non existe nin un só indicio de que cometera ilegalidade ningunha. Pero iso non impediu que o presidente Sánchez o sinalara publicamente unha terceira vez no estrado do Congreso durante a súa sesión de investidura. Todo tan noxento como sinalar agora o irmán da parella do presidente Feijóo, ocultando que os contratos da empresa da que é director comercial si foron fiscalizados polo Consello de Contas e non recibiron nin unha soa tacha de ilegalidade.

Por favor, señor Tabarés, basta xa de insidiar, todo ten que ter un límite e vostede hoxe novamente os traspasou todos, absolutamente todos. *(Aplausos.)*

Señorías, o informe do Consello de Contas non recolle graves irregularidades, como afirman vostedes de forma torticeira, senón unha serie de recomendacións a considerar no caso de que se repetise unha situación de emerxencia semellante no futuro —Deus non o queira—. Menten vostedes cando afirman que non se facilitaron expedientes de catro áreas sanitarias. Foi o Consello de Contas quen decidiu fiscalizar a fondo tres desas áreas (a da Coruña, a de Vigo e a de Santiago) por consideralas unha mostra representativa. E se le vostede o anexo V do informe, figura a relación completa de contratación das sete áreas sanitarias. Non minta, pídllo por favor.

Manipulan vostedes vertendo sospeitas, por certo, señoría, sobre o destino de 159 millóns de euros, ¿verdade?, do fondo covid, que só cuestiona por certo o PSdeG. Non o cuestiona ninguén, nin sequera o Goberno de España, que non pediu nin unha soa explicación ao respecto, pero vostedes invéntano.



E voulle dicir unha cousa, señoría: paréceme lamentable que unha letrada do Consello de Contas manipule de forma tan groseira o informe do órgano no que exerceu as súas funcións. Resulta deplorable —e dígnollo dende aquí—, deplorable. (*Aplausos.*)

E xa directamente, señorías, deliran —non podo cualificalo doutra maneira—, deliran vostedes cando verten sospeitas porque algúns contratos demoraron a entrega de material máis dun mes. Pero ¿cal era a súa proposta? ¿Que en metade dunha pandemia devolveramos material sanitario porque chegaba tarde uns días? Pois saian á rúa e cóntenllelo aos miles de galegos que salvaron a vida grazas a ese material que vostedes querían devolver. (*Aplausos.*) Pero ¿como se poden dicir tantas barbaridades?

Señorías, non existe nin un só motivo para cuestionar a contratación de emerxencia realizada pola Xunta durante a pandemia, nin un só motivo. De feito, se existisen sospeitas dalgún ilícito, teríase activado o protocolo que asinaron o Consello de Contas e a Fiscalía, que obriga a que, se teñen coñecemento dalgunha ilegalidade, o poñan directamente en coñecemento da Fiscalía para que esta investigue. Iso simplemente non sucedeu, porque non aparece ningún tipo de indicación nese sentido.

Señorías, no ámbito da fiscalización, non existe nin un só reparo de legalidade no informe do Consello de Contas. E, por certo, cando vostede o pon en dúbida, si cuestiona o traballo de funcionarios, porque o cen por cento deses contratos foron fiscalizados por interventores públicos da Xunta de Galicia. Se o prefire vostede analizar no ámbito da eficacia, voulle recordar algún dos fitos que acadou Galicia durante a xestión da pandemia: primeira comunidade autónoma en completar a desescalada e en voltar a aquilo que se denominou «a nova normalidade»; primeira comunidade autónoma de España en alcanzar o 95 por cento de vacinación en maiores de 12 anos; única comunidade de toda España que superou o 70 por cento da vacinación pediátrica ata en menores de 12 anos; a taxa de mortalidade xeral máis baixa de toda a península Ibérica; e a taxa de mortalidade en maiores de 60 anos máis baixa de España, empatados con Canarias, a pesar de ter unha das poboacións máis envellecidas de España.

E todo isto ¿sabe por que, señoría? Porque as cousas se fixeron ben, porque Galicia si tivo un comité de expertos real, e non como ese que inventaron vostedes en Madrid. E por Galicia, con este conselleiro —por certo, que estaba entón á fronte, ¿entende?—, implementando iniciativas pioneiras como o covidauto ou o *pooling*, que foron copiadas a nivel mundial. Nós non temos nada que ocultar, estamos orgullosísimos da xestión que fixo o Goberno galego. (*Aplausos.*) Non o fixo ningún goberno na sombra, non, non; (*Aplausos.*) fíxoo o Goberno máis transparente que tivo nunca este país. (*Aplausos.*)

Señorías, a xestión da pandemia da Xunta de Galicia foi exemplar —sabémolo nós e sábeno vostedes tamén—, e por iso se adican a espallar infundios, en lugar de activar o mecanismo regulamentario do que dispoñen vostedes, do que dispón o seu grupo, señora Pontón, para crear automaticamente unha comisión de investigación. ¡Adiante! Se teñen sospeitas certas, non o dubiden. Hai nove anos que dispoñen desa posibilidade e aínda non a activaron nin unha soa vez, porque vostedes prefiren amagar e insultar.

Miren, señorías, remato xa e vouno facer recordando unha anécdota que contaban nunha das miñas series favoritas, *El ala oeste de la Casa Blanca*, que creo que reflicte moi ben cal é a



estratexia dos seus partidos. Un home queda atrapado co seu coche nun barrizal. Cando está máis desesperado, achégase un granxeiro e dille: «Non se preocupe, se vostede quere, eu podo remolcalo e axudar a sacar o coche do barrizal; iso si, teño que cobrarlle 50 pavos porque xa van dez coches que saco hoxe deste mesmo campo». O tipo responde asombrado: «¿Dez coches!? Pero vostede, ¿cando se adica a traballar a terra?, ¿pola noite?». «Non, non, eu pola noite veño empapar ben este barrizal».

Señorías, os galegos non imos tolerar que aqueles que están creando un barrizal no seu propio beneficio veñan darnos aos demais leccións de como facer para que non nos manche o barro. Somos máis listos que todo iso. Por moito que sigan empapando o lodazal, os galegos non imos caer na súa trampa. (*Aplausos.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Voulle facer algunhas precisións ao voceiro do Partido Popular.

As cousas sobre as que baseamos a nosa solicitude non son do Bloque Nacionalista Galego, son do Consello de Contas (*Aplausos.*) e son de medios de comunicación, e non de bulos nin *fakes*; son exclusivamente do Consello de Contas e dos medios de comunicación.

Outra precisión. Certo que na Comisión do Estatuto do Deputado eu solicitei unha xustificación da variación patrimonial —como o fixo simultaneamente outra deputada do Partido Popular; solicitei exactamente o mesmo— e non se deu ningunha explicación. É máis, ¿sabe o que pasou con esa comisión? Que non se volveu convocar. Por tanto, non recibimos ningunha explicación nin volvemos desfrutar ou dispor doutra comisión dende que solicitamos esa documentación. (*Aplausos.*)

Respecto do que fala desa empresa adxudicatária vencellada ao cuñado de Núñez Feijóo, que recibiu en 2021 1 de cada 3 euros adxudicados pola Xunta de Galiza, di que o Consello de Contas non fai ningún reparo. ¡Home!, ¡vamos ver!, o que di o Consello de Contas é que a esa empresa se lle adxudicaron eses contratos sen publicidade, sen concorrencia e sen mirar a solvencia e a súa aptitude para poder contratar coa Administración pública. Iso é o que está dicindo o Consello de Contas. E que é unha empresa que non ten experiencia ou que non tiña experiencia co sector sanitario e que é unha empresa que con anterioridade non contrataba co Servizo Galego de Saúde. Esa é a contestación. Que tamén hai que mirar as alegacións realizadas polo Servizo Galego de Saúde. (*Aplausos.*) Iso é o que di —léao— o Consello de Contas. (*Aplausos.*)

Pero esta iniciativa para o que é realmente é para investigar, para saber, para controlar, que é a misión deste Parlamento. Por suposto —como se falaba antes—, admitimos —e xa o dixen— que ante unha situación de pandemia a lei permite —non hai baleiro xurídico nin—



gún— recorrer este procedemento máis áxil. O que ocorre é que non permite nin as arbitrariedades nin o derroche de recursos públicos; o que non permite é a falla de transparencia. E iso é o que acontece: non existiu fiscalización, non existiu transparencia. E non pomos en dúbida, nin por asomo, o traballo dos funcionarios e funcionarias da Xunta de Galiza, pero o que ocorre é que do pouco fiscalizado, do pouco que existe transparencia, si que existen dúbidas, e existen dúbidas de legalidade e existen dúbidas sobre a xestión de recursos públicos; existen dúbidas sobre o que se contrataba e, sobre todo, de a quen se contrataba. Esas son as dúbidas que queremos que se aclaren.

Miren, señores do Partido Popular, aquí proponse transparencia e prevención da corrupción. Isto non é unha comisión contra o Partido Popular. O Partido Popular, a xente do Partido Popular —e moito máis os votantes do Partido Popular—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...non é corrupta; entendemos que son xente honesta. Por iso se sentirá decepcionada cando vostedes non queiran perseguir esas ras, non queiran perseguir esas irregularidades que manifesta o Consello de Contas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...porque a corrupción prexudica os servizos públicos, prexudica os recursos públicos e vai contra a esencia da democracia.

E, por certo, ao inicio desta lexislatura, efectivamente, esa única bala que podemos utilizar para unha comisión de investigación automática, implicaría ter a confianza de que, ao longo da lexislatura, non vai ser necesario activar ese botón. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: E, realmente, vendo o comportamento de xestión...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...vendo o comportamento nas residencias...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e vendo o comportamento na sanidade...,

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Tabarés. Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...temos moi complicado... (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)



Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación da solicitude de creación desta comisión.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación realizada pola Xunta de Galicia pola vía de emerxencia en relación coa pandemia da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude de creación desta comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, co punto 2, comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe nesta Cámara —á que regreso despois de trece anos—, a petición propia, como conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, cunha renovada motivación política e con enormes doses de ilusión, compromiso e responsabilidade. Asumo o reto de impulsar as políticas públicas en tres ámbitos que simbolizan o que fomos, o que somos e o que queremos ser. Sen temor a equivocarme, penso que todos os aquí presentes compartiremos que a principal riqueza dun pobo reside na súa cultura, na súa lingua e na súa xuventude. A cultura, en toda a ampla concepción do termo, é aquilo que o identifica e nos singulariza; é a ponte que nos une co futuro, conectando as diferentes xeracións e enriquecendo as nosas vidas de coñecemento e significado. A nosa lingua, pola súa parte, é un tesouro vivo que debemos celebrar, protexer e espallar por todo o mundo. E a nosa xuventude é a principal garantía de perdurabilidade destes valores e tamén da súa renovación a través do tempo.

Cultura e lingua son elementos que nos cohesionan e que definen a nosa identidade. Os cidadáns de Galicia estamos orgullosos —máis orgullosos ca nunca— da nosa cultura, e así queremos sentila e vivila. Pero a cultura tamén é un sector estratéxico, un sector económico, que constitúe e xera riqueza, dando emprego ás nosas familias; polo que queremos seguir contribuíndo ao fortalecemento das industrias culturais e creativas galegas para impulsar o



benestar social e económico. A nosa abundosa riqueza cultural podemos describila como afortunada polas institucións e industrias culturais que vertebran un patrimonio antigo e prestixioso que nos proxecta cara a un futuro prometedor diante do mundo enteiro. Abundosa, grazas a todo o enorme patrimonio cultural, material e inmaterial, preexistente ou en constante creación e innovación. Xenerosa, por poder comunicarnos nunha lingua propia que nos une, que nos enche de orgullo e que nos abre oportunidades máis alá da nosa terra, coas especiais oportunidades que nos dá a lusofonía. E tamén rica polo empuxe, preparación e talento da mocidade galega, que non só ten a encomenda de seguir transmitindo o que somos ás futuras xeracións, senón de decidir tamén o que queremos chegar a ser.

Toda esa riqueza cultural e lingüística, co enorme motor da mocidade, tradúcese agora nesta consellería que, pola acertada a decisión do presidente Rueda, por primeira vez na historia de Galicia eleva a lingua ao seu nome e colle potencia de identidade coa enerxía dunha xuventude á que cada día debemos poñer no foco das políticas públicas. E, señorías, isto non é unha mera declaración de intencións, é a carta de presentación e a folla de ruta dun proxecto cuxas amplas liñas estratéxicas intentarei expoñer nesta comparecencia.

Veño hoxe aquí, en primeiro lugar, co ánimo de establecer diálogo respectuoso e sincero con todos os grupos parlamentarios, e, especialmente, cos grupos da oposición; antepoñendo sempre o moito que nos une ás diferenzas que nos distancian.

Señorías, permítanme comezar tamén cun primeiro apunte persoal, principalmente porque son consciente de que nesta Cámara, ao mellor, para moitos e moitas dos que hoxe están aquí, pode resultar un descoñecido. Non lles negarei que son unha persoa á que lle gusta dialogar e falar, pero garántolles que non veño aquí só para ser escoitado, senón tamén para escoitar, porque para min é unha fase imprescindible para establecer ese diálogo sincero que lles ofrezco.

Como ben saben, procedo do ámbito da política local e nestes vinte e un anos nos que tiven que asumir responsabilidades, tanto na oposición como no Goberno, sempre tratei de facer política dende a lealdade, o respecto e a sensatez; e penso que mal de todo non me foi.

Con estas mesmas conviccións persoais comparezo hoxe aquí, coa certeza de que xuntos temos a oportunidade de iniciar un camiño novo nas tres áreas que nos ocupan nesta consellería; e polo ben de Galicia debemos intentalo, poñendo o mellor de nós mesmos, con lealdade e xenerosidade. Pola miña parte, garántolles que non vai quedar. *(Aplausos.)*

Neste sentido, quero iniciar a miña exposición do plan de Goberno propoñéndolles buscar eses consensos necesarios para proxectarnos cara ao futuro: unha Galicia que coñece, que quere e que usa o galego sen ningún tipo de conflito social, dende a concordia e con liberdade, sendo un exemplo de convivencia para moitas outras sociedades que, como a nosa, viven cada vez nun mundo máis plurilingüe.

Propoñolles, na celebración dos vinte anos de aprobación —por unanimidade, nesta Cámara— do Plan xeral de normalización lingüística, que iniciemos xuntos o camiño para alcanzar un gran pacto pola lingua que permita situar o noso ben cultural máis prezado por riba de toda disputa e polémica política. *(Aplausos.)*



Esta é a miña das primeiras ofertas a tres días da celebración do Día das Letras Galegas; eferméride que demostra como a unión si que é posible. Se queremos, podemos facelo lembrando os versos de Luísa Villalta: «Para todas as portas valía/ unha única chave».

Unha Galicia que é sinónimo de cultura en todos os eidos, dende os verdes castros de Ponda ata a innovación asociada ás industriais culturais e tecnolóxicas. Unha Galicia con máis oportunidades para a xente moza. Non partimos de cero, pois é de xustiza recoñecer —e gustaríame facelo hoxe aquí nesta Cámara— o traballo levado a cabo por todos e cada un dos conselleiros que me precederon nas responsabilidades da Consellería de Cultura, e moi especialmente polo compañeiro Román Rodríguez e o seu equipo ao longo destes últimos anos.

Con toda esa sabedoría acumulada, é bo falar da tradición herdada e acreditar os datos tan reais como que a cultura representa hoxe máis do tres por cento do produto interior bruto da nosa comunidade autónoma. Propoñemos un pacto que se asentará en tres grandes eixos de actuación:

En primeiro lugar, un proxecto de planificación transversal dende a innovación. Falar de transversalidade é tan complexo de pronunciar como ás veces de facelo visible, pero non por iso deixa de ser unha clave necesaria e activada dende cada unha das áreas que traballamos nesta consellería. Moitos departamentos da Xunta de Galicia desenvolven accións que nutren o diverso universo cultural galego, promoven a nosa lingua e dan resposta ás necesidades concretas da mocidade.

Un dos obxectivos desta consellería será reforzar a coordinación de todas esas accións e impulsar outras novas. Todas elas recóllense en dous documentos participados necesariamente por cadanseu sector, no que agardo que poidamos chegar a grandes consensos.

O primeiro deles, un novo Plan estratéxico da cultura galega, horizonte 2030, plenamente consensuado co sector a través da consulta e do diálogo, de xeito que resulte da interacción con todos os sectores culturais e que axude a planificar conxuntamente as principais liñas de acción política, cultural, pública e privada desta década.

Neste sentido, prestaremos tamén especial atención á programación de dous xacobeos que nos agardan á volta de oito anos, o ano 2027 e o ano 2032, e que van representar un conxunto apaixonante e impresionante de oportunidades e desafíos para os distintos avances da sociedade galega no seu conxunto.

Outro fito importante nesta planificación en materia patrimonial vai ser conseguir a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade pola Unesco. Para iso comezaremos a redacción dun novo plan de xestión que actualice as necesidades dos concellos e dos territorios.

Outro fito moi importante deste plan vaino constituír o impulso que lle imos dar á Fundación do Panteón dos Galegos Ilustres, da man do Parlamento, Consorcio de Santiago, Concello e Arcebispado. Contribuiremos a posicionar este símbolo de Galicia nun lugar central do noso patrimonio cultural. O Panteón é símbolo de Galicia, e alí descansan algúns dos persoeiros



que instalaron con forza os alicerces fundamentais dunha patria que é a nosa. Debe ser lugar de culto, visita e estudo, e nel teremos unha das referencias para explicar a Galicia que hoxe temos a gran sorte de ser.

Poñeremos en marcha tamén, en segundo lugar, un Plan estratéxico de xuventude 2027, no que moi intensamente a transversalidade caracterizará a nosa acción de goberno. A nosa mocidade será máis que un colectivo de especial atención e necesidade; vai ser a potencia social para que teñamos que esforzarnos especialmente en materias como a igualdade, a vivenda, o emprego, a mobilidade, o deporte, a sanidade e en tantos outros ámbitos que teñen que aparecer reflectidos nun plan cheo de ambición para elas e eles, que xa teñen o futuro nas súas mans.

Se a transversalidade vai cobrar importancia nos próximos anos, tamén así o fará e o ten que facer a innovación; a innovación vinculada á tecnoloxía, á dixitalización, á intelixencia artificial e á internacionalización. Nunca antes Galicia estivo tan presente no panorama cultural nacional, tanto dende o punto de vista de proxectos como dende o punto de vista de creadores. Espazos como a Cidade da Cultura ou o Centro Galego de Arte Contemporánea son recoñecidos como os mellores equipamentos culturais do país.

Acadamos a mellor valoración en calidade e innovación da programación cultural, á cabeza de España, segundo os principais indicadores. O Centro Dramático Galego, a través das súas coproducións internacionais, xa foi protagonista nos festivais de Almagro e Mérida, e os próximos días 16 e 17 serao no importante FITEI de Porto.

Somos unha gran fábrica de talento nas diferentes disciplinas, con moitísimos indicios que nos levan a pensar que as industriais culturais serán, sen ningún lugar a dúbidas, unha das principais pancas desta innovación. (*Aplausos.*)

Pero se falamos de innovación, dixitalización e internacionalización, necesariamente temos que falar das seguintes cuestións.

Tramitaremos a primeira lei de cultura inclusiva e accesible, que colocará a nosa comunidade autónoma unha vez máis na vangarda do establecemento dun marco normativo que blinde o papel social tan básico como a cultura.

En segundo lugar, elaboraremos a primeira lei de cultura dixital nunha comunidade autónoma, que acompañará os sectores culturais na imprescindible transformación dixital.

En terceiro lugar, poremos en funcionamento o primeiro Centro Galego de Artes Dixitais; un proxecto pioneiro en Galicia, situado na Cidade da Cultura. Este centro permitirá aproveitar a ventá de oportunidades que as tecnoloxías dixitais están ofrecendo como motor de desenvolvemento cultural e económico.

En cuarto lugar, desenvolveremos as capacidades da nosa terra como escenario de rodaxes audiovisuais, coordinando o resto de administracións e *film commissions* galegas, incentivando economicamente as rodaxes en Galicia, incluíndo tamén os platós que están a cons-



truírse na cidade das TIC e establecendo un plan de acción de promoción internacional; todo isto a través da Galicia Film Commission.

En quinto lugar, a través do Proxecto Nós nos últimos anos conseguimos impulsar a nosa lingua no ámbito da intelixencia artificial, pero agora avanzaremos na creación de novos produtos tecnolóxicos, especialmente pensados para o público infantil e xuvenil. Con eles favoreceremos os vínculos das xeracións máis novas coa lingua galega.

Neste ámbito, solicitaremos tamén o apoio de todos os grupos parlamentarios para alcanzar o necesario financiamento de 15 millóns de euros necesarios, por medio do PERTE da Nova economía da lingua, do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.

En sexto lugar, renovaremos o Nomenclátor de toponimia de Galicia, no que figuran os nomes oficiais das entidades de poboación, coa incorporación de máis de 4.000 novos topónimos corrixidos e novas incorporacións, a través do Proxecto de toponimia de Galicia.

Tecnoloxía e información —o sétimo bloque—, aplicado ao noso patrimonio inmaterial e tamén ao material, para garantir a súa conservación e proxección, como di o Plan de dixitalización do patrimonio cultural galego, que integrará ferramentas como a xeolocalización, o 3D e a realidade virtual, e favorecerá un maior coñecemento, uso didáctico e mesmo turístico da nosa riqueza patrimonial. Para recadar os resultados e obxectivos deste plan xogará un papel fundamental o novo Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural, que nos ofrecerá unha foto precisa do potencial que ten Galicia.

En oitavo lugar, como sabemos da importancia de contar con dotacións culturais axeitadas, elaboraremos un novo plan de modernización das infraestruturas culturais públicas de Galicia en diálogo e colaboración cos seus responsables e que recolla os retos de futuro deses equipamentos.

Por último, en noveno lugar, incidiremos na internacionalización da cultura —outro aspecto fundamental—, cunha folla de ruta específica, acorde coa lei e coa estratexia de acción exterior, intensificando a presenza de feiras e eventos internacionais, cos nosos centros de estudos galegos presentes en máis de corenta universidades do mundo enteiro e coordinándonos co Departamento de Emigración, co fin de levar a cabo actividades nos nosos centros galegos.

Crearemos tamén liñas de traballo para cada sector (música, artes escénicas, audiovisual, editorial...) con plans anuais e cunha visión a longo prazo que será plasmada na Estratexia da cultura galega; todo isto coa dinámica de colaboración e coa organización coa que vimos traballando nos distintos sectores.

Ademais de continuar con este camiño, nos próximos anos abriremos novas oportunidades para a xente moza, dende a cultura, a lingua e, por suposto tamén, dende outros eidos, exercendo esa necesaria transversalidade que antes comentaba e prestando unha atención totalmente prioritaria a ámbitos como a vivenda, o emprego, as rendas de emancipación, a saúde mental, a igualdade, a loita contra todo tipo de violencia e abusos e a promoción do uso da nosa lingua propia.



Estamos traballando para poñer en marcha programas tan ambiciosos como a Primeira experiencia profesional, que se publicará en breve no *DOG*, cun orzamento de 4,2 millóns de euros. Trátase dun dos compromisos do presidente Rueda para os primeiros cen días deste novo mandato. (*Aplausos.*) Con el apoiaremos a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos de doce meses de duración.

Será tamén de total prioridade para este goberno a promoción do emprego xuvenil, con moi diversos programas para reter e captar talento xuvenil, como, por exemplo, o Plan Investigo, dotado de 4,8 millóns de euros.

Ámbito da vivenda. Nos anos vindeiros as políticas públicas de vivenda deben de ser fundamentais, pero moito máis aínda cando falamos da xente moza. Dispoñer dunha vivenda propia, emanciparse e poder desenvolver unha vida autónoma é o principio e a base da renovación dunha sociedade avanzada e ordenada. Debemos dar cobertura temporal e financeira para a adquisición da primeira vivenda a menores de 36 anos; o aval do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ata un 20 por cento do prezo da adquisición de vivenda, que no ano 2003 chegou a investir ata 1,8 millóns de euros; axuda á adquisición en concellos de menos de 10.000 habitantes para gañar poboación no rural; ou impulsar o Bono Alugueiro da Mocidade. Queremos superar nos próximos dous anos as 6.000 axudas e os 2,5 millóns de euros.

E aprobaremos unha nova normativa en materia de xuventude que actualiza o decreto do ano 2000; unha normativa adecuada aos tempos e á realidade actual do sector, sobre todo en canto á formación se refire das persoas educadoras e ás actividades de tempo libre.

E falando de traballo e falando de vivenda, debemos de abordar tamén medidas efectivas na emancipación; medidas obxectivas para que no ano 2030 sexamos capaces de reducir a idade media de emancipación aos 28 anos e de aumentar a taxa de emancipación ata o 50 por cento. Con ese obxectivo crearemos unha Estratexia galega de emancipación que inclúa proxectos tractores, iniciativas complementarias, estruturados no ámbito do emprego, vivenda, renda, cohesión e resiliencia. Crearemos un ecosistema de medidas para favorecer os procesos de autonomía da xente moza que enlace coa Lei de xuventude, así como coa Lei de reto demográfico.

Dicía ao comezo que un segundo eixe de actuación, despois do proxecto de planificación transversal a través da innovación, sería un proxecto creador de benestar e riqueza.

Partimos dun bo punto de saída. Nunca antes na historia de Galicia houbo tanto consumo nin tanta demanda cultural, porque hoxe se dan as condicións para que así sexa a nivel de infraestruturas, de educación e de programación pública.

Se falamos agora de emprego no sector cultural, as cifras son as maiores desde que existen estatísticas. Máis de 36.000 persoas desenvolven a súa actividade dentro do sector cultural galego. E tamén se incrementou o número de empresas, ata as 2.100 na actualidade. O gasto das familias en cultura supera os 440 millóns de euros, o que supón un incremento do 21,4 por cento dende a crise da covid.



Esta confianza dos consumidores parece que segue crescendo, segundo indican as propias entidades culturais, que consideran que a situación da cultura é mellor que a situación da economía en xeral.

Todos estes datos anímannos, desde logo, a ser optimistas, pero tamén a non caer na auto-compracencia e a seguir sendo autoexixentes.

As industrias culturais eríxense como creadoras de emprego e de prosperidade. O fortalecemento dos circuítos culturais, como son a Rede galega de teatros e auditorios, a Rede galega de salas, a Rede galega de música ao vivo e a cultura no Camiño, xeran unha prioridade neste eixe.

Actualizaremos a normativa da Rede galega de teatros, incorporando anualmente novos espazos. O próximo día 20 deste mes publicaremos as novas axudas para a Rede galega de músicas ao vivo —400.000 euros—, cun horizonte 2024-2025, para darlles máis facilidades e estabilidade ás salas de concertos; nalgúns casos únicos espazos culturais vivos que temos nas vilas do rural. (*Aplausos.*)

Galicia tamén ten moi consolidada a súa imaxe como terra de festivais, de artes escénicas, do ámbito cultural e audiovisual. Hoxe mesmo publicamos unha convocatoria do Fest Galicia por un importe de 450.000 euros e unha liña de axudas a festivais de música con moitas novidades e na que financiaremos soamente a presenza de músicos galegos nas carteleiras.

No ámbito da música, esta nova consellería está traballando nunha nova liña de fomento do talento en coordinación co sector, que verá a luz en breve, para prolongar o fantástico momento que vive a música en Galicia.

Continuaremos apoiando este tipo de iniciativas e tamén de colectivos culturais de base, do mesmo xeito que consolidaremos en cada unha das cidades un gran festival do Xacobeo. Todo e todos son necesarios porque todo e todos axudan a fortalecer o músculo cultural que ten Galicia.

Como dicía, temos por diante tamén dous xacobeos, e o primeiro chega dentro de tres anos. O Xacobeo é o mellor escaparate de Galicia cara ao mundo, é fonte de riqueza e tamén debe ser símbolo de orgullo para todos os galegos e as galegas.

Por iso un elemento fundamental das nosas competencias será a promoción e a protección do patrimonio, que sempre camiñan da mesma man. Por iso seguiremos actuando sobre os bens culturais máis significativos vinculados aos camiños de Santiago. Avanzaremos no cumprimento do Plan Catedrais, dotado con 38 millóns de euros, para que os principais templos galegos estean nas mellores condicións e exporten a mellor imaxe de Galicia. E seguiremos traballando nas candidaturas das illas Cíes, Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, e a cidade de Ferrol, porto da Ilustración.

A nosa lingua tamén é un motor económico. O valor económico da lingua foi cuantificado recentemente nun informe do Consello da Cultura Galega en 1.440 millóns de euros de valor



engadido bruto e 27.702 postos de traballo. Ese é o impacto directo que o galego supón no conxunto da economía en Galicia.

Así debe ser entendido en todos os sectores. E nos próximos anos seguiremos facendo especial fincapé en sumar máis produción audiovisual en galego. Lembremos que na adxudicación do ano 2023 das axudas á produción, dos tres millóns, o 75 por cento foi para proxectos en versión orixinal galega, en estender o uso da lingua no tecido socioeconómico a través dun plan de dinamización que contará con profesionais, colectivos e empresas vinculadas ao comercio.

E por suposto tamén temos o obxectivo de crear benestar e riqueza para a xuventude a través das oficinas de creación especializadas en orientación xuvenil. Pero crear benestar e riqueza non só significa oportunidades laborais, senón tamén poñer de relevancia o importante papel que xogan as xeracións máis novas no presente e no futuro. Visibilizar e apoiar o seu talento, creatividade e iniciativa, tecer redes entre o ámbito amateur e profesional dentro do eido cultural e guialos de cara á súa inserción laboral son retos que estamos dispostos a afrontar.

Baseado nas profundas raíces da nosa tradición e que aspira a unha célula de universalidade pero tamén de respecto ao medio, de igualdade, na Galicia das mulleres, dende Rosalía de Castro, muller poeta e valente referente do noso sistema literario, para quen a literatura galega cumpríalle para ser cantada cun espírito sublime e cristalino, á xa mencionada Luísa Villalta, contemporánea que homenaxeamos nuns días na súa Coruña natal. E por esa mesma senda queremos transitar na igualdade, na mellora da presenza das mulleres na cultura galega, tanto na creación como na súa participación efectiva, valorando coas entidades asociativas e profesionais as mellores estratexias para acadar unha presenza sólida que faga medrar as figuras actuais.

Avanzaremos no modelo integrador dende o punto de vista lingüístico, no que cabemos todos e non confrontamos con ninguén. É un modelo para seguir en todos os ámbitos da vida. É a columna vertebral do terceiro eixe da actuación, do proxecto que hoxe lles traslado sucintamente, un proxecto para todos e para todas as galegas. (*Aplausos.*) Un desafío, un desafío si, un desafío de grande altura, pero ao que coído que somos capaces de chegar. Cando digo para todos os galegos e para todas as galegas falo, por suposto, dun proxecto accesible, inclusivo e próximo.

Por ese sendeiro camiñaremos grazas á creación do observatorio da cultura inclusiva e accesible e ao reforzo dos recursos existentes, así como á posta en marcha doutros novos recursos que acheguen a cultura e a lingua á cidadanía en xeral e favorezan o coñecemento e as diferentes oportunidades que ten calquera mozo ou moza na súa terra. Recursos como a nova rede Adival, de dinamización da cultura no rural, que busca fomentar a cultura de base e na que aspiramos a que se poidan sumar máis de cinco mil entidades por toda Galicia. Poñeremos todos os nosos esforzos en xerar máis recursos, como son museos, bibliotecas, arquivos e centros xuvenís existentes por todo o territorio, que favorecen un contacto moi directo cos usuarios.

Outra novidade será que as grandes infraestruturas como a Cidade da Cultura e outros centros ampliarán o seu programa de itinerancias, operando como unha factoría de contidos



para seren exhibidos por todo o país, como se está a facer, por exemplo, co proxecto Cidades no Tempo, entre outros. Neste sentido ampliaremos o servizo de bibliotecas móbiles e crearemos novas oficinas especializadas na orientación xuvenil.

Recursos, en definitiva, que favorecen que os trescentos trece concellos de Galicia, e por tanto os 2,7 millóns de galegas e galegos, poidan ter unha axenda cultural e xuvenil o máis completa posible. De feito, avánzolle que desenvolveremos un novidoso plan de dinamización cultural xove, con alternativas de ocio para a mocidade adolescente, especialmente nos concellos rurais.

Señorías, vou rematando. Sei que hai moitos temas e cuestións que quedan aínda por tratar e que irei traendo a esta cámara, expresión da vontade popular do pobo galego e que creo firmemente que debe ser o lugar de informar e debater as nosas liñas de acción gobernativa. Sei que hai moitas cousas que nos poden distanciar na nosa concepción ideolóxica da realidade, pero tamén creo que hai moitas delas que nos unen e, dende logo, só hai unha que pode xerar consenso, e é o amor que todos temos por Galicia. *(Aplausos.)*

Esta consellería é fiel reflexo dalgunha das moitas cousas que si que nos deberían unir: a cultura, a lingua e a xuventude. Querer apropiarse dalgunhas delas sería un grave erro, porque todas elas non pertencen a ninguén en particular; son patrimonio de todos os galegos e as galegas, que dende a liberdade e a convivencia deciden como queren expresarse e ser como sociedade madura e avanzada como pobo.

Dende o Goberno galego, nos próximos anos, estaremos a carón de todos os sectores e institucións culturais, escoitándoos e apoiándoos, favorecendo que transcenda a súa actividade e coñecemento á cidadanía galega. Velaremos, coidaremos e promocionaremos o noso riquísimo patrimonio cultural como forza impulsora dunha sociedade decidida a facelo valer sempre. Traballaremos para prestixiar o uso do galego a nivel social, con especial atención aos neofalantes, para a cada vez maior poboación de orixe estranxeira que temos. E colocaremos as necesidades de mozos e mozas no centro das nosas decisións, entendendo a mocidade deste país como potencia e oportunidade, colaborando co resto de departamentos e abríndolle as oportunidades e todos os ámbitos, especialmente nos ámbitos culturais. Porque a forza da cultura, a forza da lingua e a forza da xuventude daranlle forma con expresión propia á Galicia do futuro.

E remato con palabras de Ramón Piñeiro, onde falaba da nosa lingua, que é o núcleo vital da nosa identidade, e dicía que «Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado da identidade común». E na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e todos aqueles que se atopan polo mundo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.



Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

(*O señor presidente carraspea.*) Non sei se darei acabado o Pleno.

O señor OJEA BOUZO: Moitas grazas, presidente.

Agradézolle especialmente o esforzo que se nota que ten que facer para falar. É unha cousa de agradecer e esperemos que se mellore. Hai moita xente que ten a mesma afección estes días, e non sei por que.

Señor conselleiro, escoitei con atención a súa intervención cargada de estupendos augurios para o porvir cultural de Galicia. Esperemos que así sexa. Pero voulle facer algunhas puntualizacións:

Eu pregaríalle que non se esqueza de Ourense. E dígollo con coñecemento de causa ou con motivos sobrados, porque, para empezar, algún antecesor seu no cargo discriminou de xeito consciente e deliberado a provincia de Ourense en moitas das manifestacións culturais que se programaron desde aquí. Non quero dar nomes, porque creo que son coñecidos, e algunha vez xa os nomeei. Entón, a pesar de que eu sei que vostede é da zona da Estrada, esperemos que non se esqueza da provincia de Ourense. Sei que xa estivo alí, e creo que foi o día seguinte ou aos dous días seguintes de tomar vostede posesión, e son consciente de que xa se preocupou un pouco. Non se esqueza de Ourense.

Falou da creación de diferentes organismos: un centro de innovación dixital e un observatorio de non sei que... Acerca do centro de investigación dixital ou algo así que lle chamou xa o colocou na Cidade da Cultura, de Santiago. Voulle facer reconsiderar esa decisión, a ver se o pode levar para Ourense, porque todo vén para Santiago, e alí xa nos temos queixado moitas veces de que non vai nada. Pois reconsidere a ubicación dese centro de investigación dixital, que o centro de aquí da Cidade da Cultura pois xa ten moita cousa. A ver se lle pode buscar a ese e a outros organismos cuxa existencia previu sede na provincia de Ourense.

Nomeou bastantes veces —digamos— o substrato da cultura galega, e lémbrolle que a provincia de Ourense tivo moito que ver. Non quero caer no tópico do «Atenas de Galicia», que iso xa estaba moi manido. Pero quero dicir que a provincia de Ourense e a cidade de Ourense contribuíron en moito —como vostede sabe— á creación da cultura galega desde sempre. Esa é unha cousa que tamén se debe valorar e que se debe premiar. E nesas seguimos.

Falou do talento musical dos galegos, e eu pódolle dicir que por experiencia persoal hai moito talento musical na cidade de Ourense e na provincia de Ourense. Temos exemplos sobrados, e ata algún ourensán ten algún Grammy a nivel internacional da música. Quero dicir que se acorde tamén de Ourense nese sentido.

Falou da orientación cara á lusofonía do galego. É unha cuestión que desde o noso grupo sempre defendemos e mesmo chegamos nalgún momento na deputación a propoñer algún honor para o señor Isaac Alonso Estravís, tamén ourensán, dun concello concretamente orixinario da Limia. Eu penso particularmente que é unha das figuras que temos que aproveitar



os galegos para promocionar o seu inmenso coñecemento e o seu inmenso traballo, que creo que non foi recoñecido ata o momento e que se desenrolou sempre nese ámbito da lusofonía. Este eu penso que é o ámbito no que está o galego, e por motivos eu creo que desde o punto de vista filolóxico bastante obvios.

E xa que falou de toponimia lémbrolle tamén que, efectivamente, a toponimia é unha fonte importantísima non soamente de coñecemento histórico, económico, sociolóxico e mesmo xeolóxico, desde o punto de vista botánico etcétera. Sei que tamén se está traballando nese sentido, pero nós nalgún momento levamos incluso algunha moción na Deputación xa hai tempo para fomentar este aspecto do saber, pois a toponimia codifica moitísima información e cultura relacionada en xeral co mundo enteiro, pero particularmente o que nos ocupa é o noso país galego.

E falou da cultura proveniente do talento xuvenil, pero eu tamén lle quero recordar algo, sobre todo na provincia de Ourense, na que a pirámide demográfica —como sabe— está moi invertida e hai unha gran cantidade de persoas desde o que hoxe se chama «a terceira idade» etcétera. Como dixó alguén hai moitos anos, é que cada vez que falece un ancián arde unha biblioteca. Eu tamén penso que os nosos maiores no país galego, pero especialmente pola súa especial representatividade na provincia de Ourense, son un baluarte da cultura tradicional galega que temos que aproveitar. Eu non sei como se podería articular iso, pero realmente moito do coñecemento da cultura galega e moitas das tradicións e moita da información que se pode ter acerca do que foi o noso pasado, acerca do que é a nosa identidade reside na cabeza dos nosos maiores. Ese coñecemento habería que aproveitalo dalgunha maneira, como fan noutros países —por exemplo, parece ser que o Xapón funciona moito nesa liña—, que ata podería ser unha verdadeira maneira de que os maiores se puidesen sentir útiles á sociedade e non unha especie —non sei— de parasitos, como moitas veces parece ser que se queren ver.

Eu penso que hai que aproveitar o talento xuvenil, efectivamente, que está en emerxencia importante na nosa cidade, pero non debemos esquecer os nosos maiores e o que poden aportar desde o seu coñecemento, desde a súa memoria, desde as súas aptitudes. Hai que preservar, por exemplo, pois mira, no caso concreto da toponimia, estou seguro de que moita información reside na cabeza desas persoas maiores que ao mellor non saben manexar esas aplicacións, como Galicia Nomeada e outras que se están manexando para recuperar iso.

Poderíamos estar falando moito máis disto, pero voulle recordar que existe Ourense, que non se esqueza de Ourense. Ourense ten aportado moito. Por exemplo, no caso da toponimia, unha das maiores figuras en Galicia é un ourensán recentemente falecido, Elixio Rivas Quintas, da zona da Limia tamén, concretamente, e que ten un traballo inxente feito digno de ser analizado, digno de ser promocionado, digno de ser recuperado. Como lle digo: Ourense ten moito que achegar na cultura galega. Non se esqueza de Ourense.

E nada máis, moitas grazas. Desexo que todo iso que nos contou, desde un ámbito moi optimista e penso que é moi idealizado de cara á práctica, pero as intencións, polo menos, son boas. Esperemos que teña sorte nesas intencións e, pola nosa parte, dentro das nosas escasas potencialidades como grupo nesta cámara, apoiáremolo sempre.



Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Quero saudar primeiro —non sei se se me escoita ben, pero coa dificultade que hai— os alumnos de cuarto da ESO do Colexio Plurilingüe San José de la Guía, en Vigo, e os seus profesores. ¡Benvidos ao Parlamento!

(O señor presidente carraspea.) Vou intentar a ver se eu podo aguantar tamén, pero isto está-seme complicando máis. Eu agradézolle ao señor Ojea que se interesase pola miña saúde. Xa sei que hai moito por aí, pero é complicado todo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Tamén fago miñas as palabras do señor Ojea co desexo da súa melloría.

Doulles a benvida tamén aos estudantes e ás novas incorporacións aquí neste hemiciclo. Moita xente nova, que espero que aproveiten todas as virtudes e desboten os vicios que moitas veces atopamos entre aqueles que estamos na clase política.

E grazas ao señor conselleiro polo discurso, ¡en hora boa! Agradezo que ademais compareza hoxe, que nolo veña aquí contar, que anuncie as súas liñas de traballo, e sinto que non o acompañen o resto dos compañeiros que están con vostede no Goberno. Porque boa parte do que hoxe temos que sentir ou desfrutar como cultura galega, boa parte desa iniciativa, culpa ou o que sexa téñena eles, non a ten vostede, vostede como parte do grupo político que representa. Pero a vostede deixáronlle unha herdanza que entendo que tratará de construír, pero realmente ten unha anatomía de moitos parches, ten un esqueleto que se está resquebraxando é que está, ademais, bastante roto en moitos aspectos da sociedade galega.

Eu non sei por onde empezar realmente, porque son unha serie de cuestións que teñen moito que ver co seu discurso. Pero é que non están contestadas, senón que foron preguntas que sucesivamente, durante todos estes anos, nos fomos facendo aqueles que traballamos de xeito profesional na cultura. E preguntámoslle:

Polo rexeitamento a conseguir que a lingua galega sexa unha das linguas oficiais no Congreso dos Deputados, por exemplo. ¿Como é posible que este partido ao que vostede pertence rexeitase conseguir ese lugar da lingua galega no Congreso dos Deputados?

Polo non-cumprimento do Pacto pola lingua, que fai que o descenso da fala do galego vaia en picado e sen solución de continuidade. Reuniámonos onte coa Mesa da Lingua e falabamos dunha serie de pactos que se acordaron, que está aínda por cumprir o primeiro deles.

Polo incumprimento da Lei Paz Andrade, que falabamos o outro día nunha comisión que o galego aí tería un pulo, tería un plus, porque a través desa lei formariamos os nosos xoves



noutras competencias idiomáticas como é o portugués, un idioma que temos por excelencia e ao lado da nosa casa, e ao que non lles damos esa institucionalización e, sobre todo, ese lugar que merece, e que nos fai a todos máis internacionais e con maiores competencias.

Polas ducias de legados de mulleres e homes do exilio galego, que adormecen nos arquivos tanto públicos como privados, e nunca se lles deu o lugar que merecen.

Pola difusión nula ou parcial desa xeración, a mellor preparada do país, a que no ano 1936 tivo que saír correndo, a mellor preparada deste país. Nunca antes nin despois houbo unha xeración que a nivel cultural estivese tan preparada e tan chea de competencias, e quen nunca se lles puxo en valor, nunca houbo unha liña que falara realmente do que somos.

Polas pingües axudas á creación e a nula internacionalización dos nosos creadores.

Polo non-recoñecemento da identidade dun pobo a través da Lei da memoria histórica, que incrementa o noso deber e deixa claro e conciso o que somos como pobo e cal é a nosa identidade.

Non falou vostede aquí de algo fundamental: dunha televisión pública que se cobre de escándalo todos os venres coa denuncia de acoso, cunha nula programación e un entretemento que raia incluso o mal gusto e vulnera as políticas de xénero, e que, por certo, se desploma en case un trinta por cento na última Enquisa xeral de medios. (*Aplausos.*)

Por unha Orquestra Sinfónica de Galicia, que está na Coruña, pero que é a orquestra sinfónica de Galicia, que decidiron deixar de apoiar, esmorecer, esperando a que nalgún momento desapareza definitivamente.

Ou por unha rede de bibliotecas exigua e que teñen que estar proxectadas polos concellos.

Todo isto é unha parte da actitude que tivo o Partido Popular fronte á cultura. A cuestión é que cando falan de cultura sofren unha especie de transformación semellante a unha épica trasnoitada máis propia da condescendencia das clases acomodadas, que ven no exótico a característica dunha nación. É un engano decimonónico co que algúns tratan de considerar cultura un enxebrismo que bascula entre a gula gastronómica e o aturuxo das tardes de verán onde *Galicia es una fiesta*.

E a cultura por definición, por definición enciclopédica, é o conxunto de coñecementos que nos permite desenvolver un xuízo crítico, un conxunto de crenzas, valores, comportamentos que comparte un grupo e que inclúe a linguaxe, os costumes e as crenzas sobre as funcións que desenvolven as persoas e as relacións entre elas.

Ademais, hai que poñerlle cifras. E por obxectivar, por poñer cifras, que moitas veces fan este xogo coas letras, desde o ano 2020 —que é o último estudo que fixo o Consello da Cultura Galega— advertíase dun descenso continuado do gasto público nos investimentos en cultura, pasando nese ano 2020 do 0,68 por cento ao 0,66 por cento; un descenso que se foi acumulando nesas catro últimas décadas.



Mais é certo que dun xeito planificado atoparon nese mesmo caldo cultural ese conxunto de crenzas e trazos espirituais que os levou á pedra filosofal como é o Camiño de Santiago. Este é, sen dúbida, un patrimonio excelso, un patrimonio que entendemos desde o PSdeG que ten que ser aínda máis posto en valor, reafirmado e internacionalizado, pero, sen dúbida, é tamén aquilo que os levou a facer esa política de «*Cada día máis grande, máis grande / Cada día máis grande, mellor*». Atoparon o nicho para congregar o espectáculo fronte ao termo cultura, englobando así de xeito perverso os investimentos no terreo dos concertos e a industria cultural.

Isto fixo que a industria cultural supoña un alto por cento do PIB, con postos de traballo e tamén con retorno ás arcas públicas. Na anterior lexislatura, por exemplo, o PP da Xunta de Galicia repartiu dezanove millóns de euros de xeito arbitrario en festivais a un pequeno grupo de empresas, tal e como se recolle nunha investigación do diario *El Salto*. O que produciu unha distorsión do mercado e xerou un teito que impide o crecemento desoutras industrias pequenas, as iniciativas independentes das que vostede falaba. Fíxose sen concorrencia competitiva, sen criterios obxectivos de repartición e, sobre todo, deixando fóra a asociacións, cooperativas, empresas culturais, algunhas delas desde hai décadas que sacan adiante proxectos e eventos culturais do máis valorado deste país en termos estritamente culturais.

Estas contratacións adoitan ser as mesmas licitacións que as da era Feijóo e recaen en empresas como Live Nation, Sweet Nocturna, Esmerarte, así como UTE creadas entre estas mesmas sociedades. Como motor, a Axencia de Turismo de Galicia, que decide a repartición entre O Son do Camiño, o Gozo Festival, Latitudes ou o Morriña Fest. Este último deixouno firmado o señor Alfonso Rueda co goberno en funcións —non estaríamos equivocados ás veces— e eleccións convocadas.

Como guinda, os 3.388 millóns de euros como contrato negociado sen publicidade para producir en 2024 a segunda edición do Gozo Festival, xurdido da nada no 2023. Na súa primeira edición, no 2022, levou o terceiro contrato a dedo con 1.815 millóns de euros, e a adjudicataria foi a empresa Sweet Nocturna, sociedade que recada para a multinacional Live Nation.

Por outro lado, a realidade dos festivais independentes transita pola marxe incerta e complexa de conseguir recursos en cada unha das súas edicións. Axudas pequenas en comparación coa repercusión nacional e internacional que acadan e que nunca son proporcionais ao PIB cultural, exactamente ao PIB cultural, non ao PIB económico. Pequenas iniciativas que constrúen tecido, son orixinais, promoven investigación e si que nos fan diferentes coas súas propostas fronte a outras comunidades e mesmo países.

A Agadic oferta esa variable de axudas cun tope de corenta mil euros, que tamén o fai a Deputación da Coruña e para a multitude de proxectos que acolle. E rara vez estes pequenos eventos e festivais acadan a partida completa. Iso si, despois aparecen outros festivais —que tamén coñecerá o señor Ojea— como o Ouff de Ourense, onde tanto a Xunta como a Deputación ourensá axudan co triplo e o máximo ata que poden acceder aos outros festivais homónimos dos outros concellos, que non pasan por concorrencia competitiva e directamente obteñen as axudas das administracións. Este feito —non o digo eu— foi de-



nunciado pola Plataforma Proxecta, que coordina festivais de cine en Galicia e que atopan axudas por concorrencia competitiva en entidades estatais que os axudaron a internacionalizar o seu traballo. E teñen que buscar fóra o que se lles nega ou apenas conseguen dentro; por exemplo, con Acción Cultural Española do Goberno de España.

Aínda que non son realmente bos no que se di basicamente porque invisten en publicidade é cando anuncian de xeito sistemático os plans estratéxicos a través da máquina de propaganda dos seus gabinetes de comunicación. Este plan que vostede acaba de comentar agora do 2030 xa o anunciou doutro xeito, con outros acoutamentos, o señor Román. Pero, basicamente, son moitos deles anuncios alleos que os facemos como propios. O 20 de marzo anunciaban: «A Xunta aporta un novo investimento de 880.000 euros ás salas de cine, música, teatros e auditorios», publicado no *DOG*. Deles, 380.000 euros irían ás salas de cine e 500.000 euros irían dirixidos aos espazos de programación escénica e musical. Pero cando van á letra pequena dise: ambas convocatorias poderán solicitarse ata o próximo 22 de abril e desenvólvense en réxime de concorrencia competitiva con financiamento a cargo dos fondos Next Generation e Mecanismo de recuperación e resiliencia. É dicir, vostedes entroncan, apartan e reservan os cartos de investimento da Xunta de Galicia cando chegan os fondos de Next Generation e mesmo de recuperación e resiliencia, pero non están aportando os fondos que se estima que veñen da Consellería de Cultura.

Así, os fondos de resiliencia propostos polo Goberno de España, polo Goberno de Pedro Sánchez —que xa se comentou aquí en tres ocasións— aparecen como propios; é dicir, España pon os fondos, pero vou dicir que é a Xunta de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora LONGUEIRA CASTRO: —Agora vou.— Fala vostede tamén sobre o patrimonio; falaba vostede da Ribeira Sacra. Eu veño falarlle tamén de Monfero, un proxecto anunciado no ano 2002 polo señor Aznar e o señor Fraga, falando xa dunha rehabilitación, falando dunha cuestión económica onde están aparcados os fondos para facer cargo, e vinte e dous anos despois nada sabemos do que se ía facer en Monfero.

Falaba vostede do CGAC ou da Cidade da Cultura...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Ben, o CGAC promovido polo Tripartito e inaugurado por Fraga, téñeno esmorecido. A Cidade da Cultura é un gran *Titanic* que afundiou o resto das entidades culturais galegas. Porque, por moito Plan Xeración Cultura que anuncie, decidiron que o software cultural de Galicia teña que estar extinguido e teña que estar posto cunha mirada minifundista, un afastamento da investigación, o emprego da censura que forma parte de xeito...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...automático da autocensura e unha desigualdade absoluta fronte ao momento de acceder aos bens culturais.



Eu deséxolle o mellor, señor conselleiro. Estaremos aquí para o que vostede considere negociar e para o que vostede considere promover, pero en calquera caso ten moito traballo que limpar e moito que convencer para o que teñen que facer.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Mercedes Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Sexa moi benvido, señor conselleiro, nesta súa primeira comparecencia como máximo responsable da política lingüística, cultural e de mocidade para o noso país. Desde o BNG desexámoslle sobre todo acertos no seu traballo e nas súas decisións.

Asume vostede —e dígollo de todo corazón— un reto moi ilusionante: soste os principios fundacionais da nosa identidade, a lingua e a cultura galegas, que se crea como un constructo colectivo a partir desa lingua. Sostelos e ademais proxectalos a través dese fío condutor que todo o pode, que é a mocidade galega.

Este camiño de avance continuado fixérono posíbel moitas outras persoas antes ca nós, antes de chegarmos aquí, superando momentos históricos moi complicados, superando sempre todos os obstáculos, porque asumiron este importantísimo desafío con convicción, con principios, con valores firmes na nosa identidade e, sobre todo, con amor polo que somos e polo que representamos.

Saiba que desde o BNG esta é a estirpe na que nos recoñecemos, este é o espello das referentes no que nos miramos e a quen queremos imitar tamén na nosa actuación política de hoxe. Desde aqueles trobadores que converteron na Idade Media a lingua oral do pobo nunha lingua literaria, de cultura e de prestixio en toda Europa, até os exiliados e exiliadas da ditadura franquista, que conseguiron manter as constantes vitais dunha lingua prohibida, proscrita e creadora dunha cultura moderna e de vangarda como nunca. Ou, por suposto, até todos os novos discursos e vínculos expresivos arredor da nosa lingua e da nosa cultura, como están a facer actualmente sen fronteiras nin complexos as Tanxugueiras, as Fillas de Cassandra, Alana, Jaione Camborda, María Vázquez, Iolanda Castaño, Paula Carballeira e tantas e tantas outras.

Parafraseando o verso de Luísa Villalta —a quen recoñeceremos este próximo 17 de maio—, que di: «*Isto é unha muller que resiste*», nós desde o BNG dicimos: esta é unha lingua e unha cultura que resisten e que sabemos que así o vai facer público ademais a maioría da sociedade galega este próximo 17 de maio na nova convocatoria de manifestación da plataforma Queremos Galego. (*Aplausos.*) Porque, si, queremos unha Galiza viva cunha lingua viva. (*Aplausos.*)



Vostede chega a esta consellería cun papel protagonista, mais dunha historia que está en proceso. Chega vostede *in media res* e cómpre saber de onde se vén para saber tamén trazar ben o camiño de cara a onde se quere continuar.

De principio, evidentemente, o seu nomeamento causou curiosidade e a pregunta inevitábel: ¿un papel protagonista substituto para seguir desenvolvendo o mesmo argumento dos últimos quince anos ou ben para achegar un xiro neste guión? Unha curiosidade que foi dando paso á incerteza. Desde o BNG compartimos a incerteza das traballadoras e dos traballadores da cultura, que descoñecen cal é a experiencia e a implicación no deseño de políticas lingüísticas, culturais e de mocidade que avalan a súa traxectoria.

Compartimos tamén a inqueda ao non ter aínda recibido ese vizoso tecido cultural galego ningunha comunicación súa, sexa un saúdo, unha recepción e un convite para traballar man a man.

E compartimos a preocupación xa da comunidade científica, lingüística e académica ante algunha resposta súa nalgunha entrevista, que parece negar o actual proceso de substitución lingüística acelerada nas últimas décadas. Recordará cando lle preguntaron: ¿comparte que os nenos que entran falando galego na escola saen falando castelán pero nunca ao revés? E vostede respondeu contundente: «Discrepo». Non só está a negar o que tantas familias, tantos colectivos docentes e comunidades educativas levan denunciando desde hai máis dunha década, senón que parece vostede negar a evidencia científica de institucións como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega, que conclúen que si, infelizmente, a escola galega hoxe en día desgaleguiza.

Da curiosidade á incerteza e da incerteza á incredulidade ao comprobarmos que o seu equipo segue a ser o mesmo dos últimos quince anos e o mesmo orzamento. Polo tanto, preguntámonos: ¿pode xurdir realmente algo novo cando nada muda nesta consellería? (*Aplausos.*)

Unha preocupación que agora acabamos de ratificar ante unha intervención súa nunha comparecencia que a todas luces é continuísta, que recolle espazos comúns que escoitamos nesta cámara moitas veces, recorrente e cun bo número de deberes pendentes. Desde logo, semella que vostede fai unha emenda á totalidade da consellería que o precedeu.

Desde o BNG pedímoslle complicidade para atender as desigualdades en que vive o galego, pedímoslle valentía, compromiso e honestidade para romper cunha política lingüicida e virada de costas á vizosidade cultural galega que o Partido Popular aplicou deliberadamente nestes quince anos.

Porque vostede fai parte dun goberno cuxo presidente, o señor Rueda —a sociedade galega non o vai esquecer nunca—, destacou por soster a pancarta das manifestacións en contra do galego.

Vostede fai parte dun goberno que rompeu deliberadamente todos os consensos, todas as pontes ao redor da lingua que sempre houbo na sociedade galega.



Fai parte dun goberno que se mantén nunha actuación ilegal, incumprindo a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización lingüística e a Carta europea das linguas minorizadas, e vulnerando, polo tanto, ou permitindo que se vulneren os dereitos lingüísticos, que son uns dereitos humanos fundamentais.

Vostede fai parte dun goberno que prohibiu impartir varias materias en galego —as matemáticas, a física, a química e a tecnoloxía— e que condenou o galego a unha lingua de segunda residual na educación infantil.

Vostede fai parte dun goberno que votou nesta mesma cámara non hai moito tempo en contra do uso do galego no Congreso e en contra dese uso e dese recoñecemento de lingua oficial no Parlamento Europeo. Un PP que vota en contra do galego e en contra do plurilingüismo, polo tanto. *(Aplausos.)*

Fai parte dun goberno que nega reiteradamente a evidencia científica dos datos —insisto— da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega, das universidades e mesmo do Consello de Europa, que lle piden eliminar os atrancos ao galego e favorecer unha política que protexa e faga avanzar o galego.

Fai parte dun goberno que asfixiou ano tras ano desde o 2009 economicamente a política cultural e a política lingüística.

Fai parte dun goberno insensíbel ante a perda progresiva de falantes, insensíbel e irresponsábel por inacción ante o feito de que un de cada tres adolescentes recoñece que non ten competencia para se expresar en galego cando remata a súa escolaridade obrigatoria.

Un goberno que apoiou a quen defende a ignorancia na lingua propia e que renunciou incluso a cumprir os seus propios plans de dinamización tan importantes, como o de dinamización da lingua galega na mocidade precisamente ou no tecido económico.

Fai parte dun goberno que ante a importancia de asegurar e de garantir que o galego estea presente na tecnoloxía responde con cero euros nos orzamentos da Xunta de Galiza para o Proxecto Nós. E responde co silencio ante a discriminación do Estado en relación co galego, efectivamente, nese PERTE que mencionou de nova economía da lingua. O Goberno do Estado anunciou 1.100 millóns para esta tarefa de achegar as linguas á tecnoloxía, e vostedes calaron cando só dous millóns e medio se dedican ao galego.

Vostede fai parte dun goberno que quince anos despois renunciou a comprometerse cunha política de avances para a lingua e para a cultura galega, e tamén para a mocidade, claro que si.

Van ter vostedes moito que traballar para recuperar a credibilidade coa mocidade, que levaba máis de dous anos esperando polas axudas para o alugueiro e agora dinlle que vostedes non teñen diñeiro. *(Aplausos.)*

O importante en política son os feitos e non as palabras. E esta lexislatura non comezou con feitos que permitan, desde logo, tranquilizarse en relación coa súa política cara ao idioma e



cara á cultura. Fíxese nalgúns exemplos: o Concello de Ferrol anuncia que excluíra o galego da redacción dos contratos que licite; a Consellería de Educación exclúe estes días o galego nunha enquisa recente aos docentes; a Xunta está anunciando festivais musicais onde a presenza musical galega é ou ben residual ou ben simplemente está excluída; a EGAP acaba de cancelar por primeira vez desde 1985 unha xornada de conmemoración do Día das Letras Galegas, ¡pobre Luísa Villalta!; a Consellería do Medio Rural acaba de excluír o galego do nome do Regulamento das indicacións protexidas, agora só será «*vaca gallega*» e «*buey gallego*»; a súa consellería volve abandonar o sector profesional do libro galego nas recentes feiras internacionais de Boloña e de Bos Aires, e acaban de facer un ridículo maiúsculo ao anunciar membros dunha suposta delegación galega na Feira Internacional do Cómic de Barcelona, que logo estas mesmas persoas se viron obrigadas a desmentir publicamente dicindo que ían pola súa conta e, por suposto, pagando os seus gastos.

Vostede mesmo perdeu unha oportunidade de ouro este sábado pasado para abrir un tempo novo co sector do libro galego ao non o acompañar na entrega dos premios Follas Novas na Gala do Libro. Nin un chío tivo aínda a súa consellería tempo a pór nas redes para felicitar os gañadores e as gañadoras dos premios Follas Novas. ¡Canto desprezo para os creadores e creadoras en galego! (*Aplausos.*) Por certo, seguro que neste comezo de lexislatura atopa tempo para xestionar que por fin os premios Follas Novas, a Gala do Libro Galego, igual...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...que a Gala de Teatro, os premios María Casares, por fin cheguen a ser retransmitidos pola compañía pública, pola CRTVG.

—Remato, presidenta.— Ten vostede hoxe aquí tempo ilimitado para falar das súas políticas. A súa intervención —insisto— limitouse a repetir todo aquilo que quedou pendente das consellerías anteriores. A nosa pregunta é moi clara no pouco tempo do que dispomos: ¿vai vostede realmente romper coa política negacionista do PP de converter a lingua e a cultura galegas en apéndice irrelevantes do Goberno e comezar a impulsar unha política a favor do galego con feitos e con datos concretos? ¿Vai pechar este capítulo negro asinado polo Partido Popular que impediu calquera avance para o galego? ¿Que vai facer realmente —concrétenos con medidas— para reverter as desigualdades do galego?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Carmen Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías. Bo día, señor conselleiro.



E grazas por elixir esta cámara —a casa da palabra, a casa de todos os galegos e galegas— para expoñer non só as liñas programáticas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, senón —e o que é máis importante— para achegarnos en primeira persoa á esencia conceptual, identitaria e case diría emocional que latexa intrinsecamente á creación dela.

E non pode resultar máis acaído que escollera facelo nunha semana tan festiva como reivindicativa, como é a Semana das Letras, das nosas letras, que este ano coincide ademais coa Semana dos Museos. Estes son espazos que cada vez máis forman parte da vida cotiá dos galegos e das galegas e que, por ende, tamén forman parte da vida dos visitantes que se achegan a eles procedentes doutros lugares.

Dende o Grupo Parlamentario Popular congratulámonos da boa saúde que ten a cultura galega; unímonos nesa vontade de seguir traballando en prol da lingua galega; aceptamos —non escoitei a ningún outro grupo que o fixera— o reto de ser partícipes dese pacto que vostede ofreceu a todos os grupos políticos representados nesta cámara, e comprometémonos a poñer todo o empeño para que a mocidade galega siga tendo as maiores e mellores oportunidades para vivir, traballar e desfrutar en Galicia. (*Aplausos.*)

Así mesmo, parabenizamos a todas e todos os que no día a día en primeira liña —dende a tremolla, detrás das cámaras, nos arquivos, entre libros, con pinces nas mans, na sala de realización, nas feiras das vilas ou enriba dos escenarios, por poñer algúns exemplos— fan que a cultura feita en Galicia sexa unha das mellores non só a nivel estatal senón a nivel internacional.

E non o dicimos nós nin parte dunha análise meramente cualitativa, vese tamén constatado polos datos estatísticos. A oferta cultural de Galicia de 2023 acadou unha das mellores valoracións históricas en calidade e innovación, segundo o informe da Fundación Contemporánea. Continúa o crecemento do sector cultural en 2023, xa que un setenta e sete por cento das entidades tiveron un ano igual ou mellor que o anterior, un 45,3 por cento tivo un incremento na demanda e o emprego mantívose estable no vinte e tres por cento, con tendencia á mellora. No Grupo Popular estamos convencidas e convencidos de que a creación desta nova consellería non fará senón dar un novo pulo a esta tendencia en positivo.

A propia presidenta do Consello da Cultura Galega, a señora Álvarez —unha das primeiras persoas ademais coas que vostede se reuniu, conselleiro— recoñecía como moi positivo o feito da creación dunha Consellería de Cultura separada da de Educación. E en palabras textuais dixo: «O feito de que se poña o acento de maneira específica é positivo para a xestión da cultura», subliñando como feito cheo de contido que a lingua forme parte do nome do departamento, aínda máis, que o faga tamén a área de xuventude, coa finalidade de reforzar o vínculo da xuventude coa lingua e coa cultura galega. Está claro que detrás desta creación e da denominación da consellería hai unha verdadeira e absoluta declaración de intencións por parte do presidente Rueda. Pero como vostede, conselleiro, sinalou, é tamén unha firme folla de ruta para os próximos anos, e, lonxe de curtopracismos, acabamos de ter constancia de que é unha proposta chea de ambición e de horizontes.

Dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, non hai moito, na comparecencia do antecesor do señor López Campos, alá polo mes de xuño, vostedes falaban da necesidade



de darlle á cultura o espazo que merece, e literalmente cualificaban de residual a importancia da cultura nunha consellería tan ampla e complexa en competencias como a de Educación. Insistían, ademais, na irrelevancia dos temas culturais dentro do noso proxecto político. Xa daquela o conselleiro Rodríguez deixou claro os argumentos do contrario. Pero hoxe, escoitando o novo conselleiro de Cultura, as súas críticas —eu síntoo— caen polo seu propio peso. Semella que ese inconformismo recalcitrante, que, lonxe de ser construtivo, se reduce á crítica constante, como quen adoita un papel de villano na escena que contrapón calquera acción do heroe ou da heroína —e non me entendan mal, tomen isto como un exemplo ilustrativo desa denodada preocupación que teñen vostedes por demoler dende o minuto cero o que facemos no Partido Popular de Galicia—, pois ben —e retomo— xa teñen vostedes a proba máis palpable de que para o Goberno popular a cultura si ten protagonismo, e non só iso, senón que se constata que forma parte dun dos piares máis sólidos da identidade de Galicia.

Entendo que nese goberno virtual, sen orzamentos, sen competencias e sen entidade, esta sería unha consellería moi apetitosa para vostedes. Supoño que nese doce soño que tiveron hai uns meses, con reparticións e organigramas pantasma, visualizábanse como pioneiros creando unha Consellería de Cultura, Lingua e Mocidade. Pero sinto que os galegos e as galegas confiaron no Partido Popular de Galicia para que fora o presidente Rueda quen a crease e o conselleiro López Campos quen a ocupase. (*Aplausos.*)

Señorías, chámase tolerancia a frustración, e ten solución, non se preocupen vostedes. Díganme, fóra de demagoxias, fóra do guión proforma que vostedes seguen, especialmente no Bloque Nacionalista Galego: ¿de verdade pensan que a cultura en Galicia vai mal?, ¿de verdade o pensan? Pois non temos expectativas de que muden a súa actitude, porque isto non é un tema obxectivo, é un tema actitudinal de seu, unha pose que non poden abandonar por medo a perder o seu espazo político. Pero ¿de verdade pensan que os únicos defensores da cultura galega son vostedes?, ¿de verdade o pensan? Deixen de converterse en adáis da nosa cultura, porque, miren, a cultura non é de ninguén, a cultura é de todos e de todas. (*Aplausos.*) A cultura faise nos pobos, a cultura xermola do talento. As administracións teñen a obriga de abri-lle as portas, facilitar a creación, orixinar proxectos e actuacións que dean corpo a esa creación, e dar pulo económico, transversal e lonxitudinal, para converter as ideas en feitos que cheguen a todos e cada un dos fogares galegos.

Evidentemente, temos unha cultura enraizada na tradición pero tamén que dialoga coa contemporaneidade, temos unha cultura que aspira a seguir incrementando a súa vitalidade e proxección e temos un goberno que agora, a través dunha Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, vertebra e ha seguir vertebrando un eixo ao redor do que xiren propostas transversais e integrais que faciliten o acceso universal á cultura.

Dato mata relato. Dende o Goberno galego tense contribuído a aumentar o peso da nosa cultura na economía —xa o dicía o conselleiro—, representando xa máis do 3 por cento do PIB, e hoxe as cifras do emprego superan as de antes da pandemia. Nunca antes na historia de Galicia houbo tanto consumo nin tanta demanda cultural, porque hoxe danse as condicións para que así sexa. Foméntase a cultura de base, que agrupa máis de cinco mil entidades e acadouse a mellor valoración en calidade e innovación da programación cultural á cabeza de España, segundo os principais indicadores.



E por adicarlle un momento da miña intervención á lingua, cremos que quedou claro xa, na magnífica exposición do conselleiro, que a lingua foi e seguirá sendo unha prioridade nesa folla de ruta que tivo a ben debullar nesta comparecencia parlamentaria, unha prioridade tanto transversal como lonxitudinal para o Goberno galego. ¿Que maior compromiso coa lingua que traballar a prol dese pacto que puxo enriba da mesa o conselleiro López Campos? ¿Que maior compromiso coa lingua que traspasar os microcosmos cotiáns do debate político e apostar pola visión posformal, definida epixeneticamente por un proceso cognitivo, para intentar aliñar, que non alienar, o noso pensamento, para resolver dilemas e desafíos que aparecen na madurez?

Pero, lonxe de quedarnos no que a oposición poida tildar de retórica, voules lembrar de novo algúns datos obxectivos. O galego segue a ser a lingua máis falada en Galicia. Na última enquisa do Instituto Galego de Estatística queda constatado que o número de galegofalantes aumenta por primeira vez dende que temos estatísticas e refórzase como lingua maioritaria na comunidade. Hoxe falan galego máis persoas na nosa comunidade que hai cinco anos, fálase máis galego na familia, entre os máis novos e na internet.

Miren, señorías, os resultados avalan a política lingüística da Xunta: incremento de coñecemento de nivel de competencias, isto é, entender, falar, ler e escribir; medra o uso monolingüe e tamén o bilingüe, con predominio do galego. E imos dicirles algo do que estamos totalmente convencidos no Grupo Parlamentario Popular: que medren os usos bilingües significa que non se polariza a poboación, senón que hai total normalidade.

E, por certo, señora Queixas, refréscolle un pouco a memoria: esa enquisa da que falaba dos docentes é dunha mutua contratada polo Ministerio de Educación.

Somos, mal que lles pese, un exemplo de convivencia lingüística. E tamén lles vou dicir algo, do que eu teño experiencia propia: nas escolas rurais os nenos e as nenas entran falando en castelán e saen falando galego. (*Murmurios.*) E o consenso rompeuno o Bipartito cando aprobou o seu decreto sen apoio do Partido Popular, que era o grupo maioritario da Cámara.

Polo tanto, quédanos hoxe aquí moi claro, tras as palabras do conselleiro, que a Xunta de Galicia ten o compromiso de seguir traballando na transmisión e emprego da lingua nas familias, sobre todo en contornos urbanos, tamén na creación de espazos de socialización en lingua galega para a mocidade. Con este fin, a Xunta de Galicia desenvolverá, a partir deste outono, ese plan do que nos falaba o conselleiro de dinamización da lingua galega na mocidade.

Non sei se as súas señorías fixeron o exercicio de preguntarlle ao ChatGPT pola promoción do galego no século XXI, pero semella que esta ferramenta coñece as políticas lingüísticas que se fan en Galicia. Eu si fixen ese exercicio. Para esta revolución tecnolóxica, son fundamentais: a presenza en plataformas dixitais, a incorporación en tecnoloxías modernas, a creación de contidos dixitais para captar neofalantes, a promoción en redes sociais e os soportes institucionais.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pomar.



A señora POMAR TOJO: Dubido —remato xa, presidenta— que o ChatGPT teña afiliación política, pero case aseguraría que, de votar, votaría ao Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

Miren, señorías —e remato xa, presidenta—, lonxe dese ton tráxico e escuro que quere facer de Galicia aquela longa noite de pedra de Celso Emilio Ferreiro, non podemos deixar de reivindicar —reivindicar, si, porque o bo tamén se reivindica cando é merecente de recoñecemento— a boa saúde da cultura galega, das nosas letras, das nosas artes. Temos talento dabondo e sabemos identificalo, recoñecelo e coidalo. Así mesmo, tamén queremos reiterar que a nosa lingua é valorada, respectada, coñecida e falada polos galegos e galegas e así queremos que siga sendo.

Dende o Grupo Parlamentario Popular mostramos todo o noso apoio para contribuír a que esa folla de ruta que debullou hoxe aquí en sede parlamentaria o señor conselleiro poida verse cumprida en tempo e forma, porque non é un compromiso político, é un compromiso firme e claro con Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora POMAR TOJO: E se de algo podemos presumir as galegas e os galegos, é da nosa identidade cultural e lingüística, que fai de nós un pobo especial e admirado, acá e acolá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica do señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude. Ten a palabra novamente don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Antes de nada, quero agradecer o ton dos voceiros e das voceiras das outras formacións políticas, en concreto Democracia Ourensana. Grazas, señor Ojea, polo seu ton e as súas palabras. Eu, dende logo, tomo nota e despois dareille unha pequena réplica tamén á súa intervención. Tamén agradecer, por suposto, á voceira do Partido Socialista, porque eu creo que é un ton amable e dende logo cordial, intentando poñer enriba da mesa asuntos que nos preocupan e nos ocupan a todos os que queremos construír unha Galicia mellor. E tamén á señora Queixas, aínda que discrepemos en moitas das cuestións que hoxe trouxo e trasladou no seu discurso.

Sei perfectamente, son coñecedor de que os discursos inspiran habitualmente menos confianza que os feitos. E hoxe preguntaba a señora Queixas, tiña dúbidas sobre cal era o papel que nos tocaba representar nesta nova lexislatura. Pero entenderán que nesta primeira intervención intentei facer un esbozo das liñas mestras de traballo que desenvolveremos nesta nova consellería.

Creo que xa é un bo feito —e apuntábao tamén, por suposto, a voceira do Grupo Popular— que se tomase a decisión, por primeira vez na historia, de que a lingua figure no nome dunha



consellería e que ademais separemos —eu creo que é unha sabia e moi intelixente decisión do presidente, que marca eu creo que un criterio político propio— a creación desa Consellería de Cultura e Lingua por primeira vez na historia de Galicia.

Como puideron comprobar, na miña primeira intervención nin sequera pedimos, nin sequera apelamos a eses cen primeiros días de cortesía, de graza política. Creo que temos un máximo nivel de exixencia por parte do presidente na xestión ordinaria dos asuntos que corresponden á Xunta de Galicia. E creo que, ademais, era importante que na semana das Letras pois a primeira comparecencia dun conselleiro fose a da consellería, a que representa a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Creo que tamén é un xesto importante para poñer en valor e sobre todo para poñer en discurso e en debate aquelas cuestións que creo que a todos nos preocupan.

Como expuxen na primeira intervención, eu estou convencido e entendo ademais que existen moitas formas, moitos xeitos de entender a cultura e de abordar as distintas políticas culturais. O que pasa é que hai unha clara diferenza entre unhas propostas e uns modos e uns xeitos de ver esa política e outras. A deste goberno, do que eu formo parte e dende logo orgullosamente, está avalada pola maioría social dos galegos e as galegas con ese resultado electoral de hai unhas cantas semanas, que nos deron unha maioría absoluta para seguir gobernando e para seguir tomando as decisións nun goberno que ademais consegue ese apoio maioritario, eleccións tras eleccións, dende o ano 2009.

E quedo á espera, quedo á espera desa contestación e ofrecemento de pactos. Creo que intentei facer unha exposición construtiva, unha exposición en positivo, para conseguir que poidamos achegarnos a aquelas cuestións que nos unen máis que nos separan. Creo que non conseguimos ese obxectivo —teño que dicilo— na miña primeira intervención, creo que non conseguimos o obxectivo de intentar sensibilizar ou buscar ese traballo conxunto que nos ten que levar a ese ofrecemento de acordo. Sigo coa miña man tendida, por suposto, para que durante estes catro anos poidamos encontrar eses puntos comúns, que estou convencido de que existen.

Pero tamén creo que hai que deixar claro que cando un asume a responsabilidade de goberno, cando hai que negociar —e estamos en condicións de negociar— e cando teñamos que gobernar, teremos que tomar as decisións que nos corresponden como Goberno. E para iso creo que temos unha ferramenta importantísima, que é a eficacia na xestión dos asuntos públicos, que creo que vén demostrando o Goberno dende o ano 2009.

Creo sinceramente que nestas áreas de cultura, lingua e xuventude, con todos os problemas e as dificultades destes últimos anos —que tamén creo que foron ignoradas nas anteriores intervencións, pasamos unha época moi complexa dende o ano 2020—, se superaron as dificultades destes últimos anos e saímos totalmente reforzados no ámbito cultural e lingüístico con vigor e dinamismo dunha situación de crise importantísima provocada pola covid. Creo que agora, no día de hoxe, atravesamos momentos de crecemento tanto no eido económico como no creativo. Podemos discrepar en cuestións puntuais, pero creo que no substancial, no importante, podemos coincidir en que estamos economicamente e creativamente nun momento moi importante, moi interesante para as industrias culturais en Galicia, e



ademais creo que debemos de aspirar a seguir incrementando esa vitalidade e esa proxección que ten a cultura galega.

E creo que, ademais, os datos o avalan desta maneira. Creo que os axentes culturais, nos distintos barómetros, no Barómetro da cultura galega, falan dun incremento, do crecemento do sector cultural en 2023. Un 77 por cento das entidades tiveron un ano igual ou mellor que o ano anterior, un 45,3 por cento das entidades culturais tivo un incremento na súa demanda. O emprego mantívose estable no ano 2003, cun incremento, cun pico de incremento e unha situación mellor, que mellorará, que está a mellorar neste ano 2024. Creo que a Xunta de Galicia, como administración, é a que mellor valoración pública ten, a que mellor puntuación ten da súa actividade, do seu apoio á actividade e á xestión cultural. Creo que, evidentemente, pode haber casos concretos, como apuntaba a señora Queixas, pero creo que, en global, a Administración pública, a Xunta de Galicia, ten unha boa imaxe dentro do sector cultural. E, ademais, a Xunta segue incrementando a súa aportación, a súa colaboración nos principais eventos e accións culturais que se desenvolven en Galicia.

Quería agradecer o ton do señor Ojea. Eu non me olvido de Ourense, señor Ojea; de feito, creo que estiven xa en tres ocasións na súa provincia, desfrutando da grande actividade cultural. Sinto dicirlle que ao que é o Centro Galego de Artes Dixitais chega vostede un pouco tarde, porque obtivemos a licenza a semana pasada do Concello de Santiago e está xa en execución a construción dese Centro Galego da Artes Dixitais na Cidade da Cultura. Pero non se preocupe: eu desde logo que estou aberto a darlle un tratamento cando menos igual e o mesmo peso que merecen o resto das outras tres provincias galegas. Non teña ningunha dúbida de que Ourense tamén está no radar e está no mapa, por suposto desta e do resto das consellerías da Xunta de Galicia.

E intentarei ir máis a miúdo a Ourense e, desde logo, para min será un pracer poder acompañalo en Ourense para ver se tamén somos capaces desde a Xunta de Galicia de intentar mudar un pouco esa política cultural que teñen, que, ben, vaia un pouco máis alá da programación das distintas verbenas e que realmente poidamos ter tamén unha programación cultural de altura en Ourense. Pola parte da consellería, non se preocupe, e estea convencido vostede de que non vai quedar.

Con respecto á señora Longueira, agradézolle os seus bos desexos, de verdade que lle agradezo tamén o ton e a súa intervención. Cando fala vostede do rexeitamento da lingua no Congreso, sabe perfectamente cal é a posición deste partido político, creo que o dixemos por activa e por pasiva. Nós non entendemos a lingua como unha moeda de cambio nunha negociación dun goberno. Creo que é bastante evidente que vostedes decidiron ou plantexaron a posibilidade da incorporación das linguas cooficiais no Parlamento no momento en que necesitaron o voto de determinados partidos políticos para poder formar goberno no Congreso dos Deputados. Nós entendemos que a lingua debe ser tratada con outro rigor e outra seriedade. E, polo tanto, traeremos aquí os pactos necesarios para que, no debate sosegado e tranquilo, poidamos chegar a acordos en cuestións fundamentais, que creo que nos poden axudar a mellorar substancialmente a situación actual do galego.



Falaba tamén da Lei Paz Andrade, que aprobou un goberno do Partido Popular hai dez anos, que é a Lei do fomento da lusofonía e permite que hoxe estean estudando galego máis de cinco mil persoas do país portugués, que estean traballando e que estean estudando —perdón— aquí en Galicia.

Falaba da Orquestra Sinfónica de Galicia, ben, da falta de apoio do Goberno galego. Creo que a Xunta de Galicia está aportando no día de hoxe máis de tres millóns de euros anuais. Sobre a Orquestra Sinfónica de Galicia o que nos chegou estes últimos días é que había unha proposta para solicitar o incremento das aportacións das distintas entidades que participamos nesa orquestra sinfónica. Estamos recibindo esa información e, polo tanto, estudarémola, igual que en calquera outro ámbito da nosa cultura.

Intentaremos estar moi próximos, moi cerca dos sectores culturais, das grandes industrias culturais para poder dar resposta ás súas necesidades, cada vez, desde logo, máis importantes.

Con respecto ao BNG, pois eu sinto dicirlle que, ben, un pouco máis do mesmo. Sorpréndeme un pouco a aceleración, a necesidade de acelerar tanto os procesos que ten o Bloque Nacionalista Galego en todos os ámbitos: no ámbito da xestión, no ámbito propio do partido, pero tamén no ámbito da xestión pública. Non é que non nos dean os cen días de graza para poder poñer en marcha as políticas deste goberno, senón que vostede é capaz de dicir que se pasou da curiosidade, da incerteza e da preocupación en tan só trinta días. Mañá fará trinta días que tomei posesión como conselleiro deste goberno da Xunta de Galicia e vostede xa foi capaz de pasar e de facer o ciclo completo de curiosidade, incerteza e preocupación. Creo que desde logo perde a lexitimidade, creo que perden a lexitimidade cando intentan acelerar desta maneira tan exaxerada os procesos, que non lle digo que evidentemente non poidan rematar aí, pero creo que deberían de ter un pouco máis de paciencia e deberían de darlles desde logo un pouco máis de rigor ás valoracións que fan, porque creo sinceramente —díggollo desde o respecto— que perde a lexitimidade.

Falaba de continuísmo. Non é continuísmo, é continuidade. Eu creo que os galegos decidiron continuar cun proxecto político. Hai unhas semanas, un par de meses, tivemos ese proceso electoral no que os galegos decidiron continuar cun proxecto político á fronte do cal temos un presidente, como é o presidente Rueda, que evidentemente pois toma a decisión —e eu creo que este é un tema que vostedes pasan por alto, pero creo que é un tema non menor— de crear a única consellería nova que se crea neste goberno, que é a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Creo que, ademais, aí dá unha mostra clara do seu compromiso, da súa identidade, do valor que lle quere dar tamén este novo goberno. E pódolle garantir que por parte do presidente teño toda a axuda e todo o apoio para poñer en marcha as políticas que nós consideramos que dan resposta (*Aplausos.*) ás necesidades do sector cultural, no ámbito lingüístico e no ámbito da xuventude de Galicia.

E facémolo, ademais, porque formamos parte dun goberno que gaña unhas eleccións claramente, cun programa electoral e cun proxecto político. E presentámonos a unhas eleccións onde falabamos claramente, onde debatemos claramente sobre cal é o modelo educativo que queremos poñer en marcha e que queremos continuar en Galicia. E ese modelo que nós pu-



xemos en marcha dixemos claramente que era un modelo plurilingüe, baseado nese decreto que permite a existencia das linguas no ensino galego.

No seu programa electoral creo que vostedes intentaron agochar ese decreto ou esa imposición monolingüística, que cando saíu á luz e cando os galegos descubriron cal era a realidade que se agochaba nese programa electoral pois creo que falaron e falaron claro.

Polo tanto, creo que temos a lexitimidade polo menos de intentar impulsar e continuar un proxecto político no ámbito lingüístico que creo que conta co apoio maioritario dos galegos e as galegas. Creo que ese é un aval que vostedes tamén deberían de valorar. *(Aplausos.)*

Fala vostede de que eu calei no PERTE da lingua. Non. Eu díxenlle que traeríamos aquí un acordo para intentar defender eses 15 millóns de euros, eses máis de 1.100 millóns de euros que ten o PERTE da lingua e que lle pediríamos axuda e que solicitaríamos desta Cámara que o Goberno español cumpra, o Goberno de España cumpra tamén co que nos corresponde en relación con eses recursos extraordinarios.

Creo que na forma de xestión política eu o único que lles podó dicir é que serei unha persoa e son unha persoa que non me canso nunca de tender a man, de negociar, de intentar chegar a acordos. Sinceramente creo, polas miñas orixes tamén, non só no ámbito político senón na parte persoal, que somos capaces e seremos capaces de poder negociar, de poder falar e de poder intentar chegar a acordos que sexan desde logo bos para a sociedade galega.

Eu creo sinceramente que é máis importante, é máis difícil, é máis lento, pero é máis importante convencer que impoñer. Creo que intentar impoñer pode ser máis rápido, pero eu creo que é máis efectivo, máis duradeiro no tempo intentar convencer a sociedade de que temos que avanzar e que temos que traballar cara a unha lingua con ese percorrido que temos para que se poida utilizar dunha maneira máis cotiá e que poidamos, desde logo, convencer os galegos no uso ordinario e prestixiala tamén, por suposto, naqueles ámbitos onde creo que a sociedade galega debe utilizala con certa normalidade.

Creo que a cultura e a lingua teñen que ser sempre instrumentos de convivencia, de diálogo e de cooperación, e non exclusivamente meras estratexias para xerar unha conflitividade social inexistente. Creo que esa é unha base tamén na que eu poño desde logo o acento nese diálogo ao que temos que chegar, neses acordos aos que temos que chegar, pero non como estratexias exclusivamente de confrontación política, senón como ferramentas importantes de convivencia e diálogo.

E nós cremos sinceramente que só desde o coñecemento, só desde o convencemento, só desde a cordialidade, só desde a accesibilidade e só desde a liberdade seremos capaces de construír esa Galicia que está máis orgullosa das súas orixes, esa Galicia que está máis comprometida coas súas tradicións e esa Galicia, sen complexos, que quere ser protagonista do seu apaixonante futuro.

Por iso, sinceramente creo que nos quedan catro anos por diante para poder debater, para poder chegar a acordos e para poder construír entre todos un proxecto político mellor para Galicia.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de aclaracións, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ben, señor conselleiro, voulle tomar a palabra de que vai prestar unha especial —non o dixo así, pero interprétoo así— atención á provincia de Ourense, entendo que pola mala conciencia do seu partido cara á discriminación sempiterna que nos ten tido nos anos pasados.

E agradeceríalle pois que levara a cabo todas esas iniciativas que parece ser que que ten no ánimo de levar a cabo, que as vincule especialmente coa provincia de Ourense, polo motivo que lle dixen. Mágoa que teñan xa digamos posto en marcha ese centro; era un exemplo, ¿non?, de que sistematicamente, por defecto, esa clase de cousas sempre vai para Santiago. Iso é unha cuestión que nos sorprende moito. Fálase moito de descentralización, de recuperación do rural etcétera, etcétera, e, despois, por defecto, sistematicamente, a creación desas novas entidades, con moita probabilidade, moito máis alá da esperada matematicamente, caen en Santiago, A Coruña, Vigo e na provincia de Ourense pois moito menos.

Fixo algunha referencia —entendo— ás actividades culturais do Concello de Ourense limitándoas ás verbenas. Non, mire, no Concello de Ourense levamos feito bastantes cousas máis no ámbito cultural que verbenas, que tamén son necesarias. Pódelles preguntar ás librerías da cidade o que levan vendido en sucesivas campañas nos últimos anos polo apoio do concello, e outras moitas. Pero mire, en todo caso, recórdolle que os concellos teñen uns orzamentos moito máis limitados que a Xunta de Galicia, que bastante fan cos escasos orzamentos que teñen, sobre todo tendo en conta a cantidade de veces que lles caen encomendas da Xunta de Galicia e ás veces mesmo do Estado, en competencias que, en principio, non lles son propias, sen que vaian acompañadas do pertinente financiamento. Entón, a administración pobre é o concello, a administración rica é a Xunta de Galicia. Esperamos que a Xunta de Galicia nos apoie ao Concello de Ourense e ao resto dos practicamente cen —redondeando— concellos da provincia.

E nada máis. Algunha cousa lle quería dicir, pero ben, teremos tempo dabondo de falar ao longo da lexislatura. Quería dicirlle algo e non quería deixar pasar a oportunidade, pero ben, estes lapsos de memoria pásannos a todos.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Ben, eu creo que é evidente que son modelos diferentes, supño que por iso tamén estamos en lugares diferentes. O modelo que vai propoñer ou que



propón ten unha continuidade seguramente, polo menos no papel, co modelo que ata hai uns meses defendía o señor Román. E supoño que, ademais, temos a mesma estratexia de comunicación que dicíamos antes, onde hai anuncios continuados de plans que se fan e que ademais despois acaban ou ben falidos ou acaban sendo non recoñecidos dentro dos orzamentos da Xunta, senón con orzamentos externos.

Con respecto ao que vostede falaba das infraestruturas, non é certo. Quero dicir: vostedes teñen, por exemplo, o Centro Galego de Arte Contemporánea —como dicía case ao final da miña intervención—, que é un centro creado no tripartito, pero executado polo señor Faga. Está esmorecendo —está esmorecendo— tanto no que é no contido, como no continente e como nos orzamentos. Non ten ese pulo que tivo hai moitos anos e non ten ese papel dinamizador, que tería que ter, dentro da arte contemporánea en Galicia Teñen a Cidade da Cultura, que foi —como dixen antes— o Titanic que afondou con todo o demais, e trátase de darlle un contido e trátase de buscarlle unha vida, pois nunca soubemos moi ben para que foi creada. Entón, ten unha serie de —digamos— elefantes de cacharrería que ten que, dalgunha maneira, visibilizalos, saber o que se vai facer con eles e darlles unha resposta que estea ao nivel do que se merecen, é dicir, do que se merecen —por suposto— os votantes, pero tamén do que se merecen os artistas e todos os creativos de Galicia. Non se trata só de ter infraestruturas —como digo— que teñen un valor por si mesmas, senón que ese valor —insisto— decaeu ata uns límites insospeitados.

Con respecto á lingua —volvo lembrar—, non fai falla inventar nada; simplemente, fai falla cumprir acordos, é dicir, cumprir os acordos da Mesa. Non é verdade que sexamos máis falantes. É curioso que, por exemplo, a Televisión de Galicia non faga o papel que tería que facer na dinamización do galego; é curioso que as institucións non o fagan, que a xustiza non o faga. Entón, hai moito onde cumprir, hai moito onde mirar e hai moito onde reparar. Paréceme fantástico que teñamos plans —¡fantástico!— e, ademais, persoalmente son das que aposta sempre por deseñar as estratexias, pero, créame —vostede darase conta cando leve aquí máis tempo e cando, ¡bueno!, supoño que o equipo dicía que é o mesmo; supoño que tamén escoitará outros—, hai temas falidos; hai temas importantes da cultura galega que están falidos, e o que ten que facer é, simplemente, reparalos e, a partir de aí, plans os que queira.

A min preocúpame, moi especialmente, a cultura independente; esa cultura que fai tecido e esa cultura que, nun momento determinado, crece, faise maior e ten outro valor na vida. Vostedes estana afogando. Non ten para onde mirar; o único lugar para onde mira é, precisamente, para entidades estatais, que a fornecen de fondos e de programas de concorrencia competitiva —obviamente—, a través dos cales pode estar vivindo e mostrando o que fai. Na Coruña, precisamente, hai dous festivais en concreto que teñen un apoio mínimo da Agaduc, pero que teñen un grande apoio da Acción Cultural Española e doutras entidades de fóra de Galicia. E iso ten que sabelo, porque iso é facer tecido, xa que esas pequenas iniciativas que se crearon serán as grandes iniciativas, serán os grandes proxectos que terá mañá, e, como non vaia sembrando, non vai haber marisco; entón, como non sembren as pequenas iniciativas independentes, vostedes non van ter nada de cara ao futuro. Habería moitísimo máis de que falar deste rebentón cultural. Eu pararía para que, se vostede tivese a vontade de entendernos, puidésemos entendernos nestes puntos que estou mencionando.



E tamén me gustaría saber unha cousa —porque aquí se fala moito de España, do Partido Socialista en España, e demais—. Eu traio aquí unha cuestión que a min non me parece baladí: o señor Feijóo —ata hai pouco presidente e membro desta Cámara— anunciaba na última campaña electoral que ía suprimir o Ministerio de Cultura. El sabería porqué. Ben é verdade que a prensa afín a vostedes lanzou unha serie de artigos bastante fundamentados, nos cales se vía que aquilo era unha barbaridade. O señor Feijóo, evidentemente, rectificou e fixo unha comida con periodistas e con algúns creadores, e dixo que, por suposto, ía manter o Ministerio de Cultura. E eu apúntolle unha cuestión: a primeira Secretaría de Cultura que se creou en Europa fíxoa a Fronte Popular no ano 1936, pero o primeiro Ministerio de Cultura que tivo Europa fíxoo De Gaulle, que foi —como todos sabemos— un membro conservador do Goberno francés. Desde entón, nin a Francia nin a Italia lles ocorreu, nunca, na vida, desestimar o Ministerio de Cultura. Así que non lle teñan medo: non lle teñan medo a falar da cultura independente; non lle teñan medo a cumprir os pactos que, nalgún momento, subscribiron, porque o papel aguanta todo; non lle teñan medo a estas cuestións porque non vai ser malo para ninguén.

Outra cousa é que a súa idea de cultura estea nos macroconcertos, nas macroinstalacións e nos macroeventos —que non digo que non teñan que existir—, pero iso realmente é industria; será industria cultural, se vostede a quere chamar así, pero —como digo— non se substraia na cultura que nos fai a todos máis libres, e con certo criterio e con certa crítica para afrontar a vida.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Nada máis.

Vólvolle insistir que nos terán sempre para o que vostede queira, sempre que vostede o precise. Aquí estaremos para apoiar aquilo que consideremos que vaia en favor de todos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Longueira.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero trasladar os parabéns ao Partido Popular por rectificar e por aceptar a proposta, que sempre fixemos no BNG, de que a cultura e a lingua merecían unha consellería con entidade propia. *(Aplausos.)* Moitas grazas e parabéns por asumir as propostas do BNG. En segundo lugar, señor conselleiro, tamén vou pedirlle desculpas —ao meu modo de ver— por esa excesiva atención que dedicou ao BNG a voceira do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Sinto que se esquecese de comentar, de avaliar a súa comparecencia, e que se centrara no que é o proxecto político do BNG e da miña intervención anterior.

O que si lle teño que dicir, señora Pomar —así moi brevemente porque os cinco minutos non chegan para nada—, é que parece que leva vostede demasiado tempo fóra da escola, e



esqueceu a realidade do que pasa nos contornos sociolingüísticos. E segundo, tamén lle vou recordar que, na lexislatura anterior, vostedes votaron, na Comisión 4ª, en contra de que a Xunta fixese todas as xestións posíbeis para que o galego estivese en todas as redes sociais; ¡votaron en contra!, como votaron en contra de todas e de cada unha das iniciativas que trouxemos, ou ben ao Pleno, ou ben á Comisión 4ª, Educación e Cultura, que, de verdade, servían para favorecer, para facer avanzar e para, sobre todo, intentar revertir as profundas desigualdades que ten o galego. ¡Votaron sempre en contra durante os últimos catro anos en que eu estiven aquí como deputada do BNG! (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, dixo vostede que discrepa dos meus datos, dos datos que fun achegando aquí, na miña intervención anterior. Discrepa, pero, entón, eu preguntolle: ¿cales son, entón, os seus?; se os meus non valen, ¿cales son, entón, os seus, os da Consellería? Porque non deu ningún; non deu ningún. E eu non falo por falar: eu falo de evidencia científica, e falo de coñecemento da realidade, e falo de diálogo con aquelas entidades que traballan, ou ben a favor da lingua, ou ben que traballan en todo ese tecido vizoso da cultura ¿Cales son os seus datos? Non deu un. E dixo vostede que eu perdín a lexitimidade na miña intervención. Explíquese vostede, entón; contradiga, refute a miña información, a miña documentación. Esqueceu esa parte, que é fundamental para así, de verdade, asumir vostede a lexitimidade que lle corresponde.

Falou vostede de diálogo e falou vostede de pactos. Por suposto, aí sempre está o BNG. Só lle vou falar da lexislatura anterior porque é na cal eu estaba aquí. Trouxemos aquí, a esta Cámara, innumerábeis pactos pola lingua e en defensa da cultura —¡innumerábeis!—. Pode vostede visitar a hemeroteca e pode vostede visitar o *Diario de Sesións*. ¿Sabe o que votou sempre o Partido Popular? En contra. Votou «non» a todo o que propuxo o BNG a favor da lingua e a favor da cultura, en catro anos; isto, algo quere dicir. Se non lle gusta porque o trae o BNG, está perfecto; non pasa nada: tráiano vostedes desde o Partido Popular e concreten aquí eses modelos para poder pactar. ¡Concrétenos!, e non se preocupe que o BNG, se son a favor da lingua e son a favor da cultura —e agora tamén, desde a súa responsabilidade, a favor da mocidade—, o BNG por suposto que votará a favor. (*Aplausos.*) Non somos sectarios, como son vostedes. (*Aplausos.*)

Diálogo e consenso sempre; por iso trouxemos aquí demandas da sociedade que vostedes vetaron. Durante os catro anos da lexislatura anterior pedimos, reiteradamente, que viñesen os representantes dese documento tan importante que constitúe as bases para a normalización do galego no ensino; pedimos que comparecesen aquí para simplemente explicalo no Parlamento. ¿Que fixo o Grupo Parlamentario do Partido Popular? Votar «non»; votar en contra, cada quince días, na Comisión 4ª. Durante cinco meses impediron que a sociedade galega viñese aquí explicar o seu modelo alternativo, que se necesita para acceder á competencia en galego na educación. Votaron en contra. (*Aplausos.*) Vetoulles a entrada, neste Parlamento, o Partido Popular. ¡E dixo vostede que non temos lexitimidade! (*Aplausos.*)

Demandamos rectificacións e o cumprimento de acordos, como do Plan xeral para a normalización da lingua galega, aprobado por consenso e aprobado por unanimidade; polo tanto, tamén polo Partido Popular. Votaron en contra. Vólvello pedir a sociedade agora de cara a este 17 de maio, na convocatoria da manifestación da plataforma Queremos Galego.



¿Van vostedes, de verdade, empezar a desenvolver o Plan xeral de normalización da lingua galega, ou non? Fíxenlle a pregunta e non me respondeu; aínda ten vostede outra intervención.

Mire, o compromiso do Goberno alternativo do BNG para a lingua galega, para a cultura e para a mocidade, está claro e explícito no noso programa electoral; un programa electoral que toda a sociedade aínda pode mirar na nosa páxina web. Non nos avergoñamos del porque non é mentira; é verdade. ¿O seu programa, onde vai?; ¿onde pode a sociedade galega consultar cal é o programa do Partido Popular para a lingua galega ou para a cultura? Desapareceu a partir do 18 de febreiro da súa web. *(Aplausos.)*

¿E de que fala ese programa que —insisto— toda a sociedade galega pode seguir lendo, por se ten dúbidas ou por se quere fiscalizar o traballo do Goberno alternativo do BNG, para saber se cumprimos ou non a palabra? Pois mire, fala de consenso social; claro que fala de consenso social ese programa. Nós o que imos traer aquí durante toda a lexislatura é a necesidade de construír un grande acordo nacional pola lingua galega que consiga ese amplo consenso de todos os axentes políticos, económicos e sociais galegos, porque é compromiso e responsabilidade nosa reverter a desgaleguización da sociedade e a perda de falantes. ¡É fundamental!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ¿Van estar vostedes aí nese acordo, si ou non? Nós imos traelo aquí; non imos traer só palabras. Imos traer os acordos concretos, e, por iso lle preguntamos para concretalo xa: ¿van vostedes apoiar —cando o traíamos aquí— a necesidade de actualizar a Lei de normalización lingüística do 1983, que non inclúe ámbitos de comunicación que temos hoxe en día, e que, evidentemente, non había no ano 1983? ¿Vana apoiar vostedes?; porque a imos traer. ¿Van apoiar vostedes un modelo alternativo que garanta que a infancia e a mocidade consigan unha competencia en lingua galega que agora non conseguen? ¿Vano apoiar?; porque de verdade que imos traer unha alternativa para substituír o «Decreto da vergoña», que é unha indecencia nunha sociedade democrática. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: E, por último —remato, señor presidente—, remato con dous versos de Luísa Villalta...:

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: «Só nos queda loitar contra o cansazo, porque durmir non é soñar». Para o PP o cansazo é durmir; nós no BNG, con Luísa Villalta: «Loitar e soñar cunha Galiza viva, nunha lingua viva».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Grazas, señor conselleiro, por deterse a clarexar datos e por debullar, máis polo miúdo, as principais novidades da folla de ruta para o período 2024-2027, que terá triangulados os seus vértices nesa tripla forza: cultura, lingua e xuventude, como piares básicos que, partindo da Consellería que vostede dirixe, verá espalladas as súas faíscas en todos e cada un dos departamentos do Goberno galego.

No Grupo Popular atopará sempre a colaboración construtiva para seguir facendo de Galicia unha comunidade impulsora do talento creativo, berce de ideas, escenario de novas historias, fonte de inspiración, pulo para esa industria cultural e exemplo de convivencia lingüística, referente de portas abertas a recibir e a exportar a nosa cultura, que respecta a tradición e busca a innovación, que coida o analóxico e optimiza o dixital. Unha Galicia centrífuga que busca a internacionalización cultural; unha Galicia que coida os seus maiores pero que facilita a vida á mocidade, base do noso futuro; unha Galicia, en definitiva, que reivindique o seu dende o orgullo de ter chegado a ser referente en artes escénicas, en letras, en artes plásticas, en industria audiovisual, en patrimonio, en creación musical, en talento emerxente.

Permítame —xa que parece que non lle adico suficiente tempo a vostede, que non é así, porque adiqueille á oposición pois un dez por cento da miña intervención— que faga unha paréntese para dicirlle á señora Longueira —eu si que estiven atenta á súa intervención— que esmorecer, esmorece ese auditorio de Lugo, que o concello se resiste a inaugurar despois da tardanza en recepcionalo; así que, xa que vostede ten liña directa, pois sería bo que por fin vise abertas as súas portas.

E señores e señoras do BNG, todas as iniciativas lexislativas que ten o galego foron aprobadas por gobernos do Partido Popular. ¿Cantos documentos normativos fixeron as institucións onde gobernan vostedes? ¿Con que entidades se reuniron? O Plan xeral de normalización lingüística aprobouno o Goberno Fraga, e nós non agochamos o noso programa; poden buscalo na nosa páxina www.ppdg.es (*Aplausos.*)

Ben, pois volvemos ter que utilizar de novo a obxectividade dos datos para desfacer ese relato instalado no escepticismo e alonxado da colaboración e desconfiado ante a man tendida da comparecencia do conselleiro. Nos últimos anos os gobernos do Partido Popular de Galicia propiciaron os marcos e os medios para que a cultura galega desenvolvese todo o seu potencial, e hoxe os datos avalan que superou as dificultades dos últimos anos con vigor e con dinamismo e vive un momento de crecemento, tanto económico como —o que é máis importante— creativo. Temos moi claro que sen talento non hai cultura, sen pulo non hai produto cultural, porque o potencial galego queda sobradamente recoñecido, pero o importante é que tal potencial chegue a ser un froito competitivo financeiramente sostible e, no seu obxectivo máis identitario —sinto aburrila, señora Queixas, pero é así—, herdanza para as xeracións vindeiras.

Quero referirme tamén nesta segunda intervención —porque antes non tiven tempo— aos aspectos relacionados coa xuventude. Poderíamos sinalar programas de mellora e de em-



pregabilidade moza pioneiros e únicos no Estado, como Galeuropa; Xuventude Mentoring; axudas para o carné de conducir, que é a axuda máis ambiciosa de todo o Estado; o Plan de formación de xuventude e voluntariado; Outono Xove; Primavera Xove; campaña de verán da Xunta, como referente estatal en calidade de prazas ofertadas; Xuventude Crea, para artistas novos, iniciativa xove para apoiar proxectos mozos.

Temos datos, datos comparativos, datos relativos, datos absolutos, datos anuais, datos trianuais, datos de toda natureza que corroboran que as políticas do Goberno galego pensan na mocidade e no seu futuro.

Está claro, coa folla de ruta que o conselleiro López Campos expuxo aquí hoxe, que o Goberno da Xunta non é conformista e que, lonxe de contentarse, na vindeira lexislatura vailles dar un novo pulo a estas políticas con ese anunciado Plan estratéxico de xuventude 2027, que, ademais de buscar unha mellor e maior empregabilidade, vencellará máis a mocidade coa nosa cultura e coa nosa lingua. Ben seguro que ese programa da primeira experiencia profesional —que anunciou vostede, conselleiro— contribuirá a esa empregabilidade de calidade. Está claro que a mellora da empregabilidade moza e a facilitación das condicións de vivenda serán chave nesa estratexia galega de emancipación, que pasará a ser determinante no impulso demográfico de Galicia.

Se hai aspectos novidosos e de impacto real nas políticas culturais do Goberno galego nos últimos meses, son os referidos ao achegamento de todas as expresións e produtos culturais á poboación das vilas e á poboación do rural, cara a ese modelo integrador, inclusivo e próximo do que falaba o señor conselleiro, que está a rematar coa fenda que supón vivir na cidade ou fóra dela. Cultura para todas e todos e de todas e todos.

Por iso, dende o Grupo Popular queremos destacar e poñer en valor esa Rede de dinamización da cultura no rural, con fincapé na mocidade e na adolescencia, como mostra do para todos e para todas; o Fest Galicia, esa convocatoria de axudas a festivais con músicos galegos como exemplo de todos e de todas.

Pecho a miña intervención agradecendo de novo a súa comparecencia nesta Cámara, conselleiro, e poñendo non só unha nota senón unha escala completa de esperanza cara a un futuro prometedor para a cultura e a lingua, que terán na nosa mocidade a mellor herdanza que podemos deixar. Como dicía Fernández del Riego, homenaxeado o pasado ano o Día das Letras: «Soño unha Galicia ideal, que no seu tempo non se realizou pero que pode realizarse no futuro.» Pois ben, os tempos foron chegados.

Moitas grazas, conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Peche da comparecencia, señor conselleiro de Cultura.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Señor presidente, señoras e señores deputados, creo que procede facer xa o peche desta comparecencia



sen estenderse máis nas cuestións ou nas críticas vertidas aquí, aínda que creo que é importante facer algunha aclaración relevante.

Falaba a señora Longueira, poñía en dúbida a situación do estado actual da saúde do CGAC. Creo que todos os datos que nós manexamos, cando falaba a señora Queixas de datos, que eu manexei na primeira intervención do meu discurso foron documentados, xustificados. E, por suposto, creo que, se lle quedou algunha dúbida, señora Queixas, da primeira parte do meu discurso, estou á súa disposición para poder aclarar calquera cuestión. Creo que non procede agora, nin teño tempo suficiente, pero creo que expuxen con profundidade os datos e a situación actual do sector, do sistema, de como temos no día de hoxe o sistema cultural e lingüístico en Galicia. Dende logo, póñome á súa disposición para debater ou cuestionar calquera dos datos e información que utilicei nese primeiro discurso.

O único que lles dixen —e continúo agora coa señora Longueira— é que perdían vostedes a lexitimidade, perden vostedes a credibilidade cando intentan acelerar de maneira tan artificial os procesos de desgaste na xestión pública, na xestión política. Creo que en vinte e nove días non se pode pasar a ese proceso que vostede dicía que pasara a miña persoa como conselleiro. Creo que non ten, dende logo, lexitimidade, e creo que iso enturbia un pouco calquera cuestión que vostede poida defender no seu discurso.

Falaba a señora Longueira do CGAC. Eu dígolle, para datos, que afirmar que o Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea di que o CGAC no día de hoxe é dos catro mellores proxectos culturais que existen en Galicia. É certo que ten capacidade de mellora, é certo que temos que seguir traballando para mellorar a calidade expositiva e todo o traballo que se fai, pero, dende logo, os datos son os que son, e creo que intentamos ou temos que, polo menos, intentar cinguirnos á realidade do que é o sector cultural. Ten marxe de mellora, por suposto, pero creo que as cousas non se están facendo de todo mal.

E tamén —igual que falaba antes de recoller o guante— trasládolle esa proposta de oferta de pacto que fixen na miña primeira intervención en relación co PERTE da cultura. Eu pídolle que colaboren nesta Cámara, que creo que existe vontade de colaboración, para que consigamos que o Goberno central cando menos nos aporte os 15 millóns de euros que corresponden ao PERTE da lingua deses máis de 1.100 millóns de euros que ten que xestionar o propio ministerio. Espero que aí tamén poidamos encontrar o seu apoio, a súa colaboración, para conseguir ese obxectivo importante, que nos vai permitir, ademais, poñer en marcha políticas importantes en materia de lingua no noso país.

Creo que, pese ás críticas que aquí escoitei en relación coa continuidade deste proxecto, é o momento de renovar e establecer novos acordos. Cando falo de renovar, tamén me gustaría facer referencia a esa aportación, a esa cuestión que apuntou a señora Longueira en relación co Ministerio de Cultura. Creo que non pode haber máis compromiso, máis claridade e máis contundencia que a que tivo o presidente Rueda creando por primeira vez na historia unha Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Eu creo, sinceramente, que, máis alá das palabras, están os feitos, e aquí temos un presidente, un presidente da Xunta de Galicia que reafirmou o seu compromiso con Galicia e cos nosos valores culturais, creando e dando paso a crear esta nova consellería que pon, digamos, no gran mapa da estratexia política da Xunta



de Galicia os tres ámbitos que son para nós fundamentais e transversais na xestión pública: a cultura, a lingua e a xuventude.

Polo tanto, creo que, buscando esa unión, eses puntos de unión que nos leven a unha convivencia cordial, tamén buscando dende o punto de vista —como dixen no meu discurso— a innovación, poñeremos en marcha proxectos e estratexias que permitan mellorar o benestar coa vista posta no futuro e a mellora do futuro dos galegos e as galegas. Estou convencido, plenamente convencido.

Quero agradecer nesta última intervención tamén a intervención da voceira do Grupo Popular, creo que con datos contundentes e claros en relación coa xestión e o traballo que levamos feito, pero con todo o que nos queda por construír no futuro.

Eu préstome, por suposto, a participar e establecer canles de comunicación con este Parlamento —como non pode ser doutra maneira—, a intentar trasladar aquí e vir explicar e dar conta de todas as cuestións que poñamos en marcha dende o Goberno da Xunta, pero tamén, por suposto, a negociar aqueles aspectos esenciais. Xa digo: pese ás discrepancias e pese á diferenza, creo —estou convencido— que teremos moitos puntos de encontro en moitos lugares comúns aos que podemos chegar.

Son consciente —como dicía antes— de que na Xunta temos que continuar implantando, implementando unha perspectiva transversal. Temos que reforzar a coordinación para que todas as accións contribúan a unha maior difusión da actividade e da creación cultural en Galicia. Temos que xerar, aínda máis, riqueza e emprego, fortalecendo os circuítos culturais e apoiando os colectivos base que o forman. Temos que manter e prolongar o fantástico momento, o extraordinario momento, aínda que ás veces a algúns lles custe recoñecelo, que vive a cultura galega, ofrecendo novas liñas de fomento do talento, e conseguir que tamén se implique a nosa xuventude. Temos que promover, seguir promovendo que a gran riqueza patrimonial de Galicia, que leva sendo centos de anos, siga sendo un dos símbolos de identidade e un dos motores económicos tamén das próximas xeracións, e asegurar que a lingua, a nosa lingua, a lingua galega, continúe sen ser un motivo de conflito social para que calquera persoa poida empregala con liberdade en calquera ámbito da súa vida cotiá.

Baixo esta visión, asumimos un novo reto de xestionar esta consellería, para o que, de novo, unha vez máis, busco, propono buscar os consensos necesarios. Iso non quere dicir que esteamos de acordo co cento por cento en todos os posicionamentos, pero si os consensos necesarios para, por riba de calquera discrepancia razoable, traballarmos para poñer Galicia nas portas do futuro.

Nesta nova andaina non queremos rachar co anterior; isto non é o obxectivo que buscamos. Queremos un proxecto para todos os galegos e as galegas, no que consolidar os bos resultados dos últimos anos e acompañar o sector nos grandes retos que ten cara ao futuro. Queremos potenciar o ecosistema cultural, traballando e coidando toda a cadea de valor, acompañando o caudal de talento, traballando man a man con todos os axentes do sector e coordinándonos co resto das administracións públicas.



Este é un gran desafío, pero temos claros os nosos obxectivos: manter o crecemento das industrias culturais, como xerador de riqueza, emprego e benestar, nun contexto de incremento, de claro incremento da oferta e demanda cultural; apostar claramente pola modernización dos recursos e infraestruturas dende a innovación, a dixitalización e a internacionalización; incentivar a nosa gran riqueza lingüística, para prestixiar aínda máis o uso do galego social e nas cidades; garantir unha cultura para todos e en todo o territorio, impulsando tanto o consumo como a participación de toda a cidadanía, especialmente as mulleres e os máis novos.

Coidar a nosa cultura é coidar a quen o fai posible tamén, día tras día: artistas, creadores, técnicos, xestores culturais, empresarios, profesionais do sector en xeral, industria do libro... Traballaremos para que poidan exercer o seu traballo en condicións dignas.

Un desafío, en definitiva, que asumimos poñendo Galicia no centro para conseguir que todos esteamos cada día máis orgullosos da nosa cultura, máis orgullosos da nosa lingua e máis orgullosos da nosa xuventude; orgullosos, en definitiva, de sermos galegos.

Moitas grazas e feliz semana das Letras. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto terceiro, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo das políticas en materia de dependencia

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para defender a moción, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Ben, a vida sorprende sempre. A vida escribe historias que ninguén conta, con finais inesperados, con tránsitos interrompidos e con inicios cheos de preguntas que ninguén é capaz de responder; a vida é sen paliativos o escenario da vulnerabilidade, esa vulnerabilidade que nos fai desiguais, correosos, intuitivos e temerosos. E é así, inevitablemente así; xa o falamos nesta Cámara no pleno anterior. O dez por cento dos neonatos presentan un problema de desenvolvemento ao nacer, nese preciso momento no que a vida se abre e cabalga facéndolle fronte á vulnerabilidade, unha vulnerabilidade ferinte.

Eu quixera construír con esta intervención un relato que nos comine ao entendemento; un relato pausado, con toma de conciencia sobre o que pode ser unha medida que nos faga a todos máis fortes e máis solventes fronte á adversidade, sabedores de que o código postal no que nacemos nos dá máis ou menos posibilidade de chegar a un mellor desenvolvemento da nosa saúde. Sabemos tamén que neste *fair play* da política poucas van ser as veces en que poidamos estar de acordo aqueles que fostes vencedores nas urnas, fronte aos que intentamos



vencer na próxima vez, e que o acordo vai ter que vir na maior parte das veces por unha subvención que está fóra, en mans da sociedade civil. Pero cremos, con toda sinceridade, que hai certos asuntos nos que podemos acadar un consenso, nos que debemos sentarnos e reflexionar se a xestión que facemos, tanto os que gobernades como os que construímos a oposición, vai convencer os vulnerables e as cada vez máis grandes minorías da desigualdade.

Hai un mes rexistraban vostedes, o Grupo Popular, unha proposición na que se enunciaba: o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir estendendo a Rede de unidades de atención temperá para que chegue a máis concellos, co fin de seguir incrementando a presenza territorial das unidades, de evitar gastos e desprazamentos ás familias e de reducir a lista de agarda.

Vale. Isto para nós supón unha boa nova, e dígoo sinceramente; unha noticia que falaba dun feito proactivo e de poñer a atención sobre un problema sobre o que, canto máis pronto se atinxa, máis éxito terán as vidas futuras.

Nesta Cámara engadimos unha serie de peticións para que o modelo de atención temperá fose aquilatado, para afrontar o futuro con ese éxito que queremos, xurda con forza e con determinación e, sobre todo, dese unha resposta sempre insuficiente, pero máis eficaz ás familias, e que basicamente os puntos sobre os que desde o PSdeG aportabamos para mellorar o servizo xirasen arredor do proceso derivado da Convención de dereitos das persoas con discapacidade, e que por tal motivo teñen un impacto nas políticas públicas.

Pola súa parte vostedes anunciaban aquí as corenta e seis unidades para todo o territorio galego, que todos sabemos que son insuficientes, pero que tamén desde aquí queremos aproveitar para salienta que teñen puntos de mellora e que sexan puntos de mellora do incremento na atención temperá e, como consecuencia, se encamiñen cara á inclusión na que hai máis de dez anos os movementos asociados asumiron procesos de transformación.

Este posicionamento, o da plena inclusión, vén do que falaba ao inicio, da iniciativa subvencionada na sociedade civil, na sociedade afectada e na que traballa por acelerar a inclusión. É unha proposición externa traballada desde o tecido asociativo e que nos chega aos que aquí dentro instamos, propoñemos, preguntamos e interpelamos.

É unha proposición dos que un día a vida os fixo vulnerables, desiguais, correosos, intuitivos, temerosos, e das asociacións, dos que traballan coa maior das profesionalidades para propiciar que estes trastornos do desenvolvemento da infancia se subsanen con eficacia e construíamos familias sen vulnerabilidade.

Pois ben, os obxectivos deste posicionamento que trouxemos hoxe aquí recollen e agrupan as dezasete federacións autonómicas de plena inclusión. É dar a coñecer cales son os seus irrenunciáveis de plena inclusión que consideran que deben garantir os dereitos das familias, nenas e nenos que reciben apoios na primeira infancia e que se entenden en plena inclusión pola atención temperá.

Insistimos neste punto, porque, se o camiño está aberto por parte do Goberno e da Xunta, cando manifesten que van incrementar os puntos de atención temperá cremos que é un mo-



mento óptimo para atender ás demandas de todas as asociacións que traballan pola plena inclusión, transformando os modelos de atención.

É certo que este modelo terá un incremento económico, pero non é menos certo que en boa medida se trata dun reaxuste de modelo ou mesmo de darlle un pulo de certa creatividade que solvente os problemas de dispersión do territorio en Galicia. Pero, sobre todo, é un modelo que atende ás familias e faino con eficacia, sen desbotar recursos que, dalgún xeito, non chegan a producir a eficacia para o que foron destinados.

Estes irrenunciáveis que chegan e se conforman a través do deseño dun plan estratéxico traballado nos últimos anos teñen como principais obxectivos os seguintes: prever a situación de risco, asegurar a resposta global integrada dos diferentes sistemas, garantir que as familias dispoñan de ferramentas para a defensa e cumprimento dos seus dereitos, contribuír ao desenvolvemento dos contornos facilitadores de oportunidades e asegurar o benestar persoal e familiar.

Con todo o que acabo de dicir o que lles quero transmitir é que foron as asociacións do ámbito da discapacidade, aquelas especializadas en atención temperá, traballadores sociais, médicos, psicólogos, educadores, os que avalan un cambio de modelo na atención temperá, para que esta sexa, de verdade, efectiva.

Que non é tanto unha cuestión de recursos económicos, que tamén o é, senón de traballar nun modelo eficaz que polo menos garanta as intervencións que se levan a cabo con nenos e familias. Que non se trata de dar unicamente unha asistencia sanitaria, que tarda en chegar ata oito meses despois do nacemento dunha nena ou un neno, senón que é preciso involucrar a interdisciplinabilidade das asociacións do ámbito da discapacidade para que a familia estea acompañada e sexa tamén á fin un axente sanador desa vulnerabilidade sobrevida.

De verdade que desde o PSdeG vimos con toda boa vontade para eles, e refírome aquí por exemplo a Fademga, que é unha das federacións que engloba máis de corenta e unha asociacións de Galicia do ámbito de discapacidade, que hoxe nos acompaña, e que ten un magnífico traballo sobre o terreo despregado sobre a atención temperá, que serían magníficos compañeiros, entre outros moitos, do traballo da definición dun novo modelo de atención.

Modelo que solicitamos que atenda, en termos xerais, aos seguintes puntos: calendario de creación de puntos de atención temperá en Galicia; planificación das entidades do tecido asociativo que poderían ofrecer atención sociosanitaria á poboación de 0 a 6 anos, así como ás familias, tendo en conta os baremos e as indicacións da Asociación Galega de Atención Temperá; e incrementar o número de horas de atención temperá e asistencia familiar en coordinación co sector asociativo e a Asociación Galega de Atención Temperá.

Insisto: é un traballo feito, planificado e máis que testado por diferentes asociacións —volto repetir—, entre elas Fademga, que hoxe ten a amabilidade de acompañarnos, para que os recursos que se invisten neste programa, sexan poucos, sexan moitos, pero sexan eficaces e dean unha resposta cando menos sensata e plausible ás familias que o necesitan.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Longueira.

Imos saudar os alumnos de 5º e 6º de primaria do centro O Areal de Camariñas. Benvidos ao Parlamento e tamén a quen os acompaña hoxe na tribuna.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Este foi un tema que se tratou na comisión correspondente, na cal xa apoiamos na votación a iniciativa do Partido Socialista. Efectivamente, é unha cuestión fundamental. Vimos que esta clase de servizos de atención temperá era moi heteroxénea, que dicíamos que incluso habería que ampliala a moitas máis cuestións que involucran a atención temperá na infancia polas consecuencias importantes que ten o descoido nestas cuestións. Como xa o falamos na comisión, non vou ampliar demasiado o meu tempo de intervención.

Sinxelamente dicir que se agradece o labor desas asociacións e entidades que cobren todo ese amplo espectro de servizos relacionados coa atención temperá, dicir que apoiaremos a moción do Partido Socialista e dicir que, como tamén se dixo na comisión, a provincia de Ourense está especialmente mal atendida por parte dos servizos pertinentes da Xunta nese aspecto, e volver outra vez insistir na necesidade de incrementar a atención da provincia tamén neste aspecto concreto.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvidas e benvidos ao alumnado de Camariñas, ao profesorado e tamén a Fademga, aos membros de Fademga que nos acompañan hoxe neste debate.

Eu, señora Longueira, non lle vou ocultar que nos sorprende bastante o contido da moción que imos debater hoxe. Porque xeralmente, ¿non?, o Regulamento di que teñen que versar sobre os asuntos que foran obxecto —digamos— de interpelación no pleno anterior. Entón, a nós sorprendeunos que se centrase na atención temperá e non en todo o que tiña a ver coas valoracións da dependencia, o acceso real e efectivo das persoas que teñen ese grao de dependencia ou discapacidade reconecido dentro do sistema de atención e axuda á dependencia. En todo caso, efectivamente, isto fora obxecto de debate hai quince días, cunha proposición non de lei que trouxo o Partido Popular. Eu vou insistir naquilo que dixemos e que formulamos desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Que é necesario, por suposto — nós diríamos urxente—, estender esa Rede galega de atención temperá, que atende a nenas e nenos de entre 0 e 6 anos que teñen trastornos no seu desenvolvemento, sexan por un carácter conxuntural —digamos— ou porque teñen unha discapacidade e necesitan dunha serie de servizos integrais, sanitarios moi especialmente, pero tamén sociais. Seguro que hai nenas e nenos que teñen atención especial e necesidades educativas especiais no cole que hoxe nos acompaña, que teñen o apoio dunha logopeda, por exemplo, e que forman parte desa carteira de servizos desta atención temperá da que falamos hoxe.

É necesario e urxente —insistimos— ampliar esa Rede galega de atención temperá, garantindo o acceso equitativo de todas as nenas e nenos do territorio galego, independentemente do concello, da localidade na que vivan, pero tamén é necesario garantir que ese acceso se fai nas condicións óptimas para todas e para todos eles.

Por iso nós destacabamos hai quince días e eu quero insistir hoxe en tres propostas concretas que temos desde o BNG para fortalecer sobre todo esa Rede galega de atención temperá e garantir o seu correcto funcionamento.

É necesario dotala dun servizo específico dentro do organigrama da Xunta de Galiza, que haxa unha persoa responsable do desenvolvemento e da planificación deses servizos que integran a Rede galega de atención temperá, unha demanda das e dos profesionais que atenden a estas nenas e a estes nenos, porque hoxe o que estamos vendo é que non hai unha planificación e queda en mans dos concellos, que son quen xestiona este servizo e que, por dicilo rápido, cada un ten as súas propias condicións e os seus propios recursos para poder atendelos.

Despois é necesario darlle estabilidade. O que non podemos é ter servizos como fisioterapia respiratoria ou como a logopedia, ou a psicomotricidade, unha en mans de concellos e dúas sostidos con cargo a unha subvención bianual, pero a unha subvención, como se estivésemos falando dun cambio de ventás para unha axuda de eficiencia enerxética. Non podemos atender un dereito fundamental e un servizo esencial desta maneira, en mans dos concellos e sostidos con fondos que son unha subvención. (*Aplausos.*) Fisioterapia, logopedia, psicomotricidade para crianzas —insisto: falamos de nenas e nenos menores de 6 anos con trastornos no desenvolvemento— son servizos esenciais e o acceso ou non a eles e as condicións nas que estes se prestan van condicionar o presente e —o máis importante— o futuro desas nenas e deses nenos. Que poidan ter unhas condicións de vida óptimas ou o maior grao posible de autonomía nun futuro vai depender, efectivamente, de como se presta este servizo esencial.

Por iso nós cremos que hai que cambiar o modelo de xestión, que non pode estar xestionado polos concellos e, moito menos, sosterse con cargo a un réxime de subvencións.

E, en terceiro lugar, hai que garantir a cobertura do conxunto do territorio, por suposto, pero tamén garantir que se fai en condicións equiparables en todos os concellos do noso país. E hoxe non temos garantidos eses criterios homoxéneos.

O servizo atópase de maneira pois moi dispar, en función do concello ou do conxunto de concellos do que falemos. E isto atenta directamente contra os principios reitores, que se



recollen no decreto que regula desde o ano 2013 esa Rede galega de atención temperá, e que eu quero lembrar hoxe aquí, que é a universalidade no acceso, a igualdade nas condicións nas que se accede a el e nas condicións nas que este se presta, a responsabilidade pública á hora de descentralizalo e facelo próximo.

Eu hai quince días poñía o exemplo dunha nena ou dun neno de Pol ou de Meira que ten que ir a Mondoñedo, ou outros moitos concellos e comarcas deste país que seguro que todas e todos teñen na cabeza.

E algo importante tamén: a coordinación dos propios servizos e garantir que estes son integradores, interdisciplinares e, sobre todo, que teñen a máxima calidade. E hoxe isto non o temos.

Eu poñía un exemplo e volvo traelo hoxe aquí: hai quince días, a comarca de Bergantiños, que presta este servizo desde o concello de Carballo, o que ten é unha lista de agarda de trinta e unha persoas a finais de 2023 que non poden acceder a ese servizo de atención temperá porque non hai capacidade para prestar o servizo e atendelas, e levan pois en moitos casos máis de douscentos días agardando para acceder a ese servizo de atención temperá.

Hai nenas e nenos que están entrando nun servizo que o seu propio nome di que debe ser o máis rápido posible a súa atención e o ingreso nesa atención —por iso se chama temperá, para garantir que entran coa máxima celeridade posible— e que agardan en comarcas galegas ata tres anos para poder acceder a el.

E isto vai en contra dos dereitos das propias nenas e dos propios nenos e pode acabar condicionando as súas vidas, e —o máis importante— para as familias, abocándoas a pagarlles eses tratamentos na privada porque non podes acceder a el porque non che garante a Administración pública que poida ser prestado como servizo público, accesible e universal que é.

Nós cremos que a estas alturas é inconcibible que isto se siga mantendo así, que se sosteña —xa digo— nos concellos, que se subvencione en vez de ter un orzamento fixo que dependa da propia Consellería de Política Social ou doutro departamento da Xunta de Galiza, que lle dea estabilidade, e, sobre todo, que garanta que todas as nenas e nenos deste país poidan acceder a el nas mellores condicións, en condicións equiparables en función do concello no que vivan, para evitar as desigualdades e os prexuízos que estamos a ver que se están a producir no noso país.

E cremos, ademais, que, despois de tantos anos desde a creación da propia rede, debería existir unha orde de acreditación dos servizos sociais comunitarios específicos de atención temperá co obxectivo de evitar precisamente esas desigualdades e garantir que hai un número máximo de nenas e nenos atendidos por cada profesional para garantir que hai condicións óptimas de atención e, sobre todo, que se ofrecen os mesmos servizos no conxunto da rede nos mellores locais, ou que cando menos teñan uns criterios mínimos de materiais e de instalación para poder garantir ese dereito —e con isto remato— que é fundamental e que vai ademais directamente a unha parte da nosa poboación que é extremadamente vulnerable, que son nenas e nenos moi pequenos que non poden ver condicionado o seu futuro



nin o seu presente porque a Administración, o Goberno — neste caso do Partido Popular —, non está facendo o seu traballo.

Máis nada. Nós imos votar a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Saudar os que nos acompañan na tribuna, os membros de Fademga.

Señores e señoras.

Eu quería empezar esta intervención felicitando a conselleira Fabiola García, porque cos datos que aportou hai quince días, falando da situación da dependencia en Galicia, conseguí algo inédito, absolutamente inédito — como aquí dixo xa a señora Rodil —, que a interpelación e a moción non teñan absolutamente nada que ver, pero nada de nada de nada. *(Aplausos.)*

E isto o que pon de manifesto é que realmente ao Partido Socialista non lle interesa a situación da dependencia en Galicia. Realmente, o único que pretendían con esta interpelación era poñer en evidencia a Xunta de Galicia e, cando viron que os datos non o permitían — porque os datos son moi tozudos —, o que fixeron é sacar da manga outra moción que non ten nada que ver. Si trata un tema importante, moi importante, e por iso nós trouxémolo aquí hai quince días, pero non ten nada que ver coa interpelación. E miren, se para vostedes era tan importante a atención temperá, o que tiñan que ter feito hai quince días era non poñerse de lado e votar a favor de que se ampliaran as unidades de atención temperá, e vostedes puxéronse de lado e non votaron a favor. *(Aplausos.)*

De verdade, ¿vostedes son conscientes de que estamos nun Parlamento no que se nos presupón a todos certa seriedade? Miren, sinceramente, mal empeza o señor Besteiro se é este vai ser o seu libro de estilo a partir de agora.

En calquera caso, para o Partido Popular é moi importante esa atención temperá, pero tamén é moi importante a dependencia, e disto era do que tiñamos que vir falar e diso imos falar tamén, aínda que, por suposto, tamén falaremos da atención temperá.

Mire, na dependencia o que nós queremos contar aquí — e o que vostedes non querían oír, por iso fixeron esta moción escapista, preguntando por outras cousas — é que, en menos de cen días de goberno, Rueda está facendo o que prometeu en campaña electoral. Iso é algo que vostedes descoñecen con eses cambios de opinión que teñen continuamente. Pero aquí, en Galicia, o Goberno galego cumpre: en menos de cen días, mil cen prazas de residencias e centros de día postos á disposición, tal como se comprometera na campaña electoral. Eses son os datos.



Os datos son tamén que hai o feito histórico de que dende o 1 de xaneiro máis de dezaoto mi galegos están cobrando o Bono Coidados no Fogar, 5.000 euros para todos aqueles dependentes, calquera que sexa o seu grao de dependencia e calquera que sexa o seu nivel económico, e que queiran ser atendidos nas súas casas polos seus familiares ou por alguén da súa confianza. Estamos a falar dalgo pioneiro, unha medida pioneira en España, e no camiño cara á universalización dos servizos sociais, que é polo que nós apostamos.

Pero, claro, o PSOE non quere que se fale de política social, porque o PSOE non quere que se fale de dependencia e que se lle diga que no 2009 había quince mil dependentes atendidos. Agora mesmo multiplicamos por cinco esa cifra, ata os setenta e catro mil douscentos, e Galicia é unha das comunidades con maior taxa de cobertura, chegando ao 98 por cento. O PSOE non quere escoitar que multiplicamos por tres as prazas de residencias, dende cinco mil cincoentas a máis de quince mil; por seis o número de prazas de centros de día, de mil a seis mil; que creamos as casas do maior para que todos aqueles que vivan no rural poidan ter tamén un servizo de conciliación e poidan ter os seus maiores atendidos sen saír do lugar onde viven. Vostedes tiñan cero, nós temos neste momento cento vinte e tres funcionando e vinte máis que van funcionar ao longo deste ano. E no SAF multiplicamos por oito a atención de servizo de axuda no fogar —por oito—, pasando de tres mil a máis de vinte e cinco mil trescentos.

O que vostedes non queren escoitar é que, mentres a Xunta está a facer os deberes —e sabemos que temos marxe de mellora e que temos que mellorar e por iso se ampliaron os equipos de valoración para mellorar no tempo e se fixeron tamén incrementos importantes no orzamento—, o certo é que a Xunta está cumprindo. ¿E sabe o que pasa nos concellos onde gobernan vostedes? ¿Sabem cal é a taxa que teñen vostedes de atención? Na Coruña, o 40 por cento; en Lugo, o 41 por cento; en Vigo, o 40 por cento. Ben, aí o Bloque tampouco está moito mellor, posto que en Pontevedra teñen o 29 por cento.

Señora Longueira, ¡menudo papelón! Non me estraña que vostede hoxe non quixera falar de dependencia, que era do que tiña que falar hoxe, e hai quince días e cando queira. Tamén hoxe, se quixera, a través doutra iniciativa poderíamos seguir falando da atención temperá. E nós imos falar tamén de atención temperá.

E de atención temperá imos dicir que vostedes falan aquí dun plan de extensión da Rede de atención temperá. Nós falabamos de crear novas unidades de atención temperá e vostedes non votaron a favor. Pero vostede sabe moi ben que quen solicita as unidades de atención temperá son os concellos, e o que fai a Xunta é a todos aqueles que o teñen solicitado concederllelo e ademais pagarlles o 100 por cento das horas de servizo.

O que teñen que facer vostedes é falar cos concellos da súa cor, como o de Monforte, que non queren este servizo a pesar de que teñen mil sinaturas encima da mesa, a pesar de que a Xunta lle concedería e lle financiaría o 100 por cento do custo das horas; non queren, e as familias monfortinas que o precisan teñen que ir a outros concellos de arredor.

Se realmente lles preocupa tanto a atención temperá, vaian falando con eles, porque a nós si que nos preocupa. E nós si que cremos que a atención temperá é fundamental para iden-



tificar e para actuar de maneira precoz sobre os trastornos que poden sufrir no seu desenvolvemento os nenos dende que nacen ata os 6 anos, facilitándolles aos pequenos ferramentas para mellorar a autonomía, a convivencia social e familiar e a inclusión social dende nenos e para o futuro. A detección da necesidade corresponde aos servizos de Pediatría, e despois temos a Rede de atención temperá, que a Xunta ten dende o ano 2013 e que deriva se o neno ten que ir realmente ao sistema de saúde, ao de educación ou ao de servizos sociais.

E a importancia que lle dá o Goberno do Partido Popular á atención temperá vese constatada con datos, señora Longueira, con datos. Mire, centrándonos só en política social, no ámbito de política social, no ano 2009 había dúas unidades de atención temperá, que atendían a dezaseis concellos e a preto de cento sesenta nenos. Na actualidade hai corenta e seis unidades de atención temperá, que atenden a douscentos concellos e a preto de cinco mil nenos con necesidade.

E insisto: todos os concellos que a solicitan téñena e a Xunta de Galicia fináncianlles o custo das horas. E, ademais, dende o ano pasado —como xa se dixo aquí— as ordes son bianuais. Con iso o que se pretende é evitar papelame. E tamén o que pretendemos é que os concellos teñan unha maior garantía e, en definitiva, unha maior estabilidade tamén no traballo de todos aqueles que están nos servizos de atención temperá.

Pero non nos conformamos e sabemos que hai que seguir avanzando, e sabemos que mentres haxa nenos sen atender teremos que seguir poñendo novas unidades e novos medios. Vostedes non votaron a favor diso, vostedes hai quince días puideron facelo e non quixeron facelo, como tampouco votaron a favor dos orzamentos da Xunta de Alfonso Rueda, que propoñían un incremento do 60 por cento dos orzamentos para a atención temperá respecto do ano pasado.

Sinceramente e desgraciadamente, creo que vostedes con este tema non son serios, non son cribles e simplemente parecen ser un pouco oportunistas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Grupo autor da moción, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Bos días, señora Raquel, non se enfade. *(A señora Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, pois non se poña así.

Mire, isto é un tema serio e vostedes trouxérono aquí. E nós ¿que propoñemos? Paréceme moi ben que vostedes, se consideran que van seguir estendendo a rede —que non nos deron nin datas, non nos deron números, non dixeron nada máis que un orzamento que tiñan na consellería—, pero se vostedes consideran e nos planifican —foi o que lles pediamos aquí—, pediámoslles cunha serie emendas que vostedes aquilataran o proxecto. ¿Por que? Porque nós o tomamos en serio. Entón, claro, se vostede vén aquí e fala de estender a Rede, pois



ben, imos estender a Rede, pero imos ver como o facemos. Porque aquí o que propoñemos —non nós, eles, o tecido asociativo— é un cambio de modelo. Está moi ben ter 46 unidades. Ninguén llo discute. Evidentemente, durante todos estes anos, desde que o Goberno de Emilio Pérez Touriño creou 2 —¡[...]!—, tiñan vostedes que crear as suficientes. Non sei se 46 son poucas ou moitas, pero era que o tiñan que ter feito, porque gobernaron. Xa lles dixen o outro día que teño unha mala noticia que darlles, e é que gobernan. Entón, fixeron o que deberían de facer, con maior acerto ou con menor acerto, pero eran vostedes os que gobernaban.

Pero do que estamos a falar aquí con estas proposicións é de dependencia, e claro que falaremos, pero empezamos por 0 a 6 anos; empezamos por onde comeza o problema, con esa vulnerabilidade que, como dicía antes, nos fai correosos, temerosos e nos fai botarnos á vida, dalgunha maneira, sen saber moi ben que facer con ela nese momento do nacemento dunha nena ou dun neno cunha problemática. Posiblemente os que estamos aquí teríamos recursos, pero moitos outros, que son eses que están nas listas de espera para ser atendidos, non os teñen. E vimos aquí con toda a boa vontade. Moi ben, ¿queren estendela? Estupendo, fagamos unha calendarización. Pero, ¡por Deus!, cambiemos o modelo. Non o dicimos nós, dío o tecido asociativo.

¿Falar cos concellos? ¿En que momento, se vostedes teñen os orzamentos? Nós, na oposición, falamos cos concellos. ¿Para que?, ¿para carretarlles máis traballo?, ¿para máis competencias impropias? Non, iso tense que facer desde aquí. E se os concellos se adhíren —e pareceríame fantástico— cunha serie de medidas e de dotación económica, pois benvidos sexan. Pero quen ten a práctica, quen ten a sabedoría, quen ten todo ese pouso de saber que sucede é o tecido da discapacidade, é o terceiro sector. Hoxe está Fademga, que reúne unha serie de asociacións dentro da súa federación e que está dentro das federacións que operan no territorio español, pero moitas asociacións, mesmo que non estean na Federación de Fademga, están coa perfecta capacidade para atender ese problema. Non terían vostedes máis que a vontade de institucionalizar a atención temperá desde a Xunta de Galicia e traballar en conxunto coa rede do tecido asociativo.

Mire, hai un proxecto que está sendo estudado na Universidade de Kent. E é un colectivo de Redondela que se chama Bata e que ten unha unidade móbil para atender nenos con problemas de discapacidade, de TEA —creo—, en concreto, de autismo. É unha idea marabillosa que está, ademais, pegada ao territorio. Galicia ten unha dispersión poboacional, e eles, esta serie de profesionais, foron capaces de crear esta unidade móbil que dá o servizo.

Xa o dicía na proposición, non é unha cuestión económica —que o é, todo custa diñeiro e todos queremos que se nos pague polo noso traballo—, é unha cuestión de que temos aí fóra a xente que nos está dicindo que é capaz de facer este traballo, que é capaz de desateigar estas listas de espera para que sexan atendidos. Simplemente, déanlles entrada...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...fagan convenios... —agora remato, presidente—. Fagan uns convenios, utilicen a súa capacidade de goberno. Vostedes gobernan, ¡vostedes gober-



nan! Simplemente están esperando a que vostedes abran esa man e os escoiten para cambiar o modelo que, a todas luces, está fallido e é insuficiente; e sabémolo, porque chegamos a esta situación —tamén é verdade—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...con ensaio e erro.

Simplemente, escóitennos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos agora a debater a terceira moción, porque a segunda foi aprazada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir rigorosamente os requisitos esixidos pola lexislación ambiental, así como de avaliación por parte da Xunta de Galicia do principio de “non causar ningún prexuízo significativo ao medio ambiente” establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles (Regulamento de taxonomía)».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Ten que coidar esa gorxa, señor presidente. Seguro que estas correntes de aire polar que circulan polo hemiciclo non axudan nada. (*Murmurios.*) Así que, a ver...

Ben, imos falar de Altri de novo. Se houberse que crear un premio á transparencia na tramitación de proxectos..., ou, mellor dito, á falta de transparencia, sen dúbida, sería para este



proxecto compartido pola Xunta e Altri, que bate todos os récords de enganos, de mentiras e de ocultación.

A primeira ocultación ten que ver coa mesma razón de ser e motivación do proxecto, do que vai producir.

Miren, no Consello da Xunta do 29 de decembro do ano 2022, cando se aprobou a declaración de proxecto industrial estratéxico —para isto serven os consellos da Xunta e as roldas de prensa—, o presidente da Xunta dixo que a iniciativa prevé producir 100.000 toneladas de *lyocell*. E ocultaron vostedes que ía producir 400.000 toneladas de pasta de celulosa. Sabíano perfectamente, porque estaba na documentación presentada pola empresa, e vostedes ocultárono. ¡Por algo será que ocultaron esta información! (*Aplausos.*)

O segundo engano ten que ver cos postos de traballo. Nesta mesma nota de prensa —comparencia do presidente da Xunta, palabras do presidente da Xunta—, dixo que Altri prevé xerar 2.500 postos de emprego directo a tempo completo. O presidente da Xunta mentiu; sabía perfectamente que esta información era errónea. E soubémolo despois cando a empresa, na documentación que saíu á información pública, dixo que os postos de traballo directos que se ían crear eran 500. Nada de 2.500 postos de traballo. Outra mentira burda. (*Aplausos.*)

E o terceiro engano ten que ver coa suposta sostibilidade, exemplaridade. Dicían que era un proxecto inocuo, sen impacto ambiental, que se demostrou tamén na información pública que era unha información totalmente distorsionada e falsa.

Aquí vemos que a Xunta está actuando con absoluta parcialidade na tramitación deste proxecto, porque é xuíz e parte. Vostedes xa teñen decidido darlle autorización ambiental e tamén a declaración de impacto ambiental favorable. E isto, ademais, xa nolo explicou a conselleira de Industria nunhas declaracións que están ao bordo da prevaricación —temos que dicilo así de claro—, porque dixo literalmente —cito palabras textuais da conselleira do 12 de marzo do ano 2024, cando o proxecto estaba en proceso de información pública—: «No momento en que se faga esa tramitación ambiental, haberá que acomodar cousas, haberá que facer compensacións, no seu caso, reducir, cambiar determinadas cuestións, como en calquera outro proxecto». Está dando por feito que vai ter un informe favorable. Isto non é de recibo, ¡non é de recibo! (*Aplausos.*) ¿Onde está a imparcialidade? ¿Onde está a neutralidade que ten que ter un goberno? Vostedes estanlles dicindo aos técnicos o que teñen que facer. E despois acúsasenos a nós de querer decidir o que teñen que facer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é que llelo están dicindo aquí, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) con letras clariñas. ¡É evidente! Acábollelo de ler. ¿Quere que llo repita, señor Trenor? É que o dixo con absoluta claridade para quen queira entender.

Pero non é só isto, é que a mesma conselleira de Industria, a señora Lorenzana, nesas mesmas declaracións, nos deixou unha auténtica alfaia. (*Murmurios.*) Dixo literalmente: «É un proxecto redondo desde o punto de vista ambiental e da sustentabilidade». Non, non é un proxecto redondo, equivocouse; é un negocio redondo, un negocio redondo para unha multinacional portuguesa que non ten a autorización para facer este proxecto en Portugal.



(Aplausos.) Non o queren alí e tráeno para aquí. É unha industria de enclave, como recoñecen no propio proxecto.

Ben, e xa non lle vou dicir as veces que vostedes cambiaron a lexislación dos proxectos industriais estratéxicos —dúas veces nos dous últimos anos—, coincidindo coa tramitación deste proxecto, para favorecer de maneira descarada os intereses dunha multinacional. Na Lei de áreas empresariais primeiro, uns días antes, por certo, de que a empresa presentase a súa documentación, e despois na Lei de acompañamento do ano 2023, para darlle todas as facilidades e as vantaxes á tramitación fronte á xente que vive no territorio. Está claro de que lado están vostedes.

E, miren, despois de máis de dous anos de tramitación con todas estas ocultacións, ao final, viñemos saber a verdade: que é un proxecto absolutamente aberrante, descomunal polas súas dimensións. E voulles dar algúns datos, porque vostedes tamén intentan aí distorsionar a realidade.

O proxecto vai ocupar, segundo as intencións —esperemos que non se faga— da empresa, 360 hectáreas. Ence —de aí a comparación das dez veces— ocupa 37 hectáreas na ría de Pontevedra; 37,360. É o equivalente a 600 campos de fútbol a ocupación territorial de Altri.

Na primeira fase do proxecto prevén unha ocupación de 1.120.000 hectáreas, que son tres veces o que ocupa Ence na ría de Pontevedra. Ocuparía o equivalente a 200 campos de fútbol o proxecto industrial de Altri. Pero sería nunha primeira fase, porque, desenvolvendo o proxecto na súa totalidade, se achegaría a esas 300 hectáreas, quitando as zonas que quedarían de protección e de decoración.

Pois ben, esa é a realidade. A realidade é que ten un grandísimo impacto territorial na zona, nas augas, no medio, na biodiversidade, na Rede Natura, en especies endémicas, en solos que deben estar protexidos. Recoñéceo a empresa na mesma documentación. Di que tería un gravísimo impacto negativo socioeconómico na contorna e noutras actividades que xa están enraizadas no territorio e que xeran moitísima actividade económica; entre elas, nunha denominación de orixe como Arzúa-Ulloa, que é a segunda do Estado en produción de queixos, nada máis e nada menos, e que xa levantou a voz de alarma e de preocupación por este proxecto. E asegúrolles que non están manipulados polo BNG, que teñen criterio e ideas propias e que defenden —como ten que ser— os seus intereses, fronte a este proxecto agresivo que patrocina o Partido Popular. (Aplausos.)

Pois ben, vista a realidade da situación do que foi esta tramitación, traemos aquí unha moción que propón tres cuestións principais.

A primeira, que a Xunta non lle dea o apoio; que actúe, en todo caso, con imparcialidade na tramitación do proxecto e que non se poña dunha parte, que sexa neutral. Non creo que sexa nada excesivo pedir isto.

A segunda, que nos dean toda a documentación da tramitación do proxecto desde os seus inicios. Vostedes dixeron que houbera un proceso de participación de distintas empresas de



concorrenza competitiva. Queremos saber quen foron esas empresas e por que se escolleu esta, sabendo que había algunha que é líder mundial na produción de *lyocell*, que ten as patentes e que ten moitas máis garantías, desde logo; incluso que ten alianzas con algunha grande empresa multinacional galega do téxtil. Non digo nomes.

En terceiro lugar —porque este grupo é un grupo que, ademais de críticas, trae aquí e pon enriba da mesa alternativas—, traemos aquí un plan alternativo ao plan Ulloa-Ulla-Arousa para mobilizar 250 millóns de euros; pero non para poñer unha empresa contaminante como Altri no corazón da Galiza, senón para desenvolver un proceso e un proxecto de desenvolvemento dos nosos sectores produtivos, un proceso e un proxecto de recuperación do encoro de Portodemouros, do río Ulla, da ría de Arousa, que está nunha situación crítica e que non necesita Altris nin celulosas, senón un goberno que se poña do seu lado, que traballe pola súa rexeneración e pola súa recuperación, como lle dixeron onte nunha gran mobilización que houbo en Ribeira. *(Aplausos.)*

E, en cuarto lugar, para que estuden de verdade —como se propuxo desde os seus inicios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...e estaba aí esa gran multinacional galega— un proxecto industrial alternativo, que sería punteiro no mundo, para crear unha empresa en Galiza que traballe na creación de fibras téxtiles a partir da reciclaxe de roupa usada. Esa grande multinacional galega xa puxo máis de cen millóns de euros nun proxecto en Finlandia. Pois poderíase poñer aquí, contando con todo ese tecido industrial. Ese si que sería un proxecto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...circular; ese sería un proxecto en defensa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...do país e dos seus sectores produtivos, e non como queren facer vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor BARÁ TORRES: ...un proxecto a favor dunha multinacional portuguesa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...que non queren en Portugal.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Bará Torres diríxese ao presidente.)



O señor BARÁ TORRES: ¡Non corte a voz!

O señor PRESIDENTE: ¡Mira! *(O señor presidente sinala para o reloxo.)*

O señor BARÁ TORRES: ¡Non corte a voz!

O señor PRESIDENTE: ¡Home, pero mira!, ¡mira o peluco!

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Boas de novo.

Os socialistas galegos cremos no noso país, que debe liderar a reindustrialización sostible da man da transición enerxética, que, para nós, os socialistas galegos, é un binomio inseparable: industria e enerxía renovable.

Se miramos a comparativa de datos entre España e como está a nosa comunidade autónoma galega en materia industrial, os datos —podemos dicir— non son bos. Mentres a economía española medrou un 2,5 por cento do produto interior bruto no ano 2023, a galega fíxoo por debaixo do 2 por cento, concretamente nun 1,8 por cento, como indicou o Instituto Galego de Estatística a principios deste ano; case un 30 por cento peor que o conxunto de España. O peso da industria na economía galega é relativo, un 15 por cento do produto interior bruto. O Goberno de Rueda debería facer da industria un reto de país e pretender subir ese índice ao 20 por cento, como exige a Unión Europea.

Besteiro, na sesión de investidura, tamén ofreceu dentro dos catro grandes pactos de Estado con este país, un pacto pola industria e pola enerxía. Tendemos a man para conseguir ese reto de país. A nosa oportunidade é a variedade da nosa terra: Galicia é enerxía, pero tamén é naval; as súas iniciativas derivadas da I+D+i; tamén a Axencia Europea de Supervisión e Intelixencia Artificial (AESIA); os PERTE dos chips, en Vigo; o PERTE do automóbil, de Stellantis; pero tamén o PERTE agroalimentario, na industria láctea, e o noso sector forestal son esenciais en España e en Europa.

Especificamente, en termos de emprego e industria, Galicia perdeu o 21,67 por cento nos últimos quince anos en empregos, mentres que España creceu en máis de setecentos mil empregos. En definitiva, é un dato e un feito que Galicia, en economía industrial, crece menos que a media española. Pérdense empresas e o emprego crece menos que no conxunto de España, que xa ten 21 millón de persoas ocupadas. Vive do pulso do conxunto do Estado e evidénciao que non existe un pulo político propio. Hai ámbitos, como a innovación, a transición enerxética, a cultura, o turismo, as renovables —por poñer só algúns exemplos—... que fan que sexamos referentes en España e en Europa.

Falando de Europa e dos fondos europeos de recuperación, —¡que importantes!— eses fondos que chegaron para transformar a nosa economía, hai un dato: mentres o Goberno de España amosa o seu compromiso con Galicia, que xa recibiu 1.439.000 millóns de euros dos fondos Next, a Xunta segue a executar e a pagar fondos de forma moi —moi— lenta, é dicir,



menos do cincuenta por cento en niveis de execución, como vén sinalando o Consello de Contas de Galicia ano tras ano. E o último aviso foi nos derradeiros informes, que se publicaron este martes, nos cales se dicía que esa execución dos fondos europeos de recuperación está por debaixo do cincuenta por cento. ¡Iso si!, o Goberno da Xunta dixo que eran meras opinións; como están acostumados a non seguir sistematicamente as recomendacións que fai o órgano de control fiscalizador, pois son meras opinións. Que o Goberno galego non faga autocrítica e non mellore a xestión deses fondos non prexudica a Xunta, ou o Goberno galego, senón que prexudica a Galicia, as empresas, os autónomos, os concellos, as familias...

Aos fondos Next podemos sumar o Feder, o Feader, o Fondo Social Europeo... ¿Que foi de todos estes fondos? ¿Por que sucede isto? Dá a sensación de que vostedes son incapaces de ter un proxecto industrial propio para Galicia, e tamén hai caos na xestión ¿Por que? Porque os departamentos do Goberno galego funcionan como illas na xestión dos fondos, é dicir, non hai ningunha coordinación nin sinerxías. Leva o Comité de Fondos Europeos da Xunta de Galicia sen constituírse e non está en funcionamento desde a súa creación. En definitiva, quedan sen executar 5,5 euros de cada 10 que se programan, e só chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se orzan.

Hai outro dato, se queremos falar dos PERTE. O Goberno aprobou un total de doce PERTE en España. Galicia participa en oito dos PERTE, dun total de 54 proxectos, 253 millóns de euros en axudas e 74 empresas beneficiarias. De novo, iso si é un compromiso do Goberno de España pese a que a señora Lorenzana, a conselleira de Economía e Industria, admitiu estar decepcionada con esa última adxudicación a Stellantis, en Vigo, na cal se asignou ao PERTE do vehículo eléctrico 59,3 millóns de subvencións e 24,2 millóns de préstamos do PERTE. O grupo está no top dos beneficiarios do PERTE. ¡Iso si!, reclama agora o Goberno galego a xestión dos fondos Next Generation e tamén do PERTE. ¡Bueno!, non sei se sabe o Goberno galego que son fondos que se xestionan de maneira territorial; por tanto a competencia da xestión, do pagamento e da execución deses fondos evidentemente xa corresponde ao Goberno galego, ¡pero ¡bueno!, agora está de moda pedir competencias cando o Goberno leva quince anos sen pedilas, e que se reúna a Comisión Bilateral de Transparencia. Agora piden competencias que xa teñen; ¡bueno!, pois é algo que me sorprende.

Habería que preguntar tamén ao Goberno galego, que preside o señor Rueda, cando cofinancia eses PERTE que o Goberno de España está a poñer enriba da mesa. ¿Cales son os instrumentos financeiros de cofinanciamento deses oito PERTE estatais? A resposta sería sorprendente, evidentemente, porque é negativa. Por tanto, de novo, están a confrontar ou a facer oposición á oposición, en vez de velar polos intereses dos galegos. Para os socialistas, Galicia sempre vai ser o obxectivo do noso proxecto, como parte dunha posición realista e útil, e temos claro que será a nosa prioridade por riba das vinculacións partidarias.

Dixen ao principio que o desenvolvemento da industria sostible estaba unido á enerxía; non se poden ver de forma separada. Se queremos asentamentos industriais e sostibles, ou emprego sostible no noso país, é fundamental o desenvolvemento da enerxía renovable. Si é verde o punto de partida para os socialistas galegos: un modelo respectuoso co medio, coas comunidades, cos concellos, que poña en valor o noso vento coas enerxías que del xorden, como a enerxía eólica, o hidróxeno verde, e tamén o potente sector forestal galego coa nosa biomasa.



Observamos os socialistas galegos que o Goberno galego non apostou firmemente por unha planificación e por un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que volva situar Galicia como primeira potencia de España e de Europa. Evidentemente, non se pode relegar, facer xestión e gobernar en que a culpa das suspensións dos parques eólicos sexa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia porque habería que ver cales son os motivos de por que se suspenden cautelarmente eses parques eólicos: evidentemente, por motivos tamén medioambientais onde non hai unha correcta planificación e zonificación da instalación dos parques eólicos na nosa terra. E tamén cómpre dicir ben alto e claro para ser xustos que para os socialistas é tan insensato pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia sen planificar, sen zonificar, como tamén optar por un negacionismo ou por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica en Galicia. Por tanto, a falta de pulo do Goberno galego en políticas renovables deu problemas en Siemens Gamesa e en Vestas, perdendo numerosos empregos e capacidade de expansión das nosas industrias, mentres que o Goberno galego andaba a velas vir, sen criterio e conformándose.

A transformación enerxética promovida no conxunto da Unión Europea levou As Pontes a que existisen problemas importantes, pois precisaba dunha Xunta activa, posicionada que investise e intervisse para orientar o conxunto dos traballadores e das traballadoras, que precisaban axudas nesta transformación; de novo a Xunta estaba a velas vir.

Para os socialistas galegos, ata agora a Xunta baseouse nunha política industrial de inacción e de obstrucionismo doutros; baseouse en botar as responsabilidades fóra e en non aceptar a capacidade de influencia que temos. E sería desexable para nós, os socialistas, crear un modelo eólico sostible sobre as políticas de reconversión de traballadores ao fío da transición enerxética sobre a innovación dos sectores produtivos, pero nada diso aparece na política do Goberno galego. ¿Cal é o seu modelo? Habería que preguntar ao Goberno galego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: E como estamos a falar de modelos industriais, hai que falar do proxecto Altri. É un exemplo de parálise, de inacción e de falta de transparencia e evidente opacidade do Goberno galego. Altri —como dixó tamén o noso portavoz— claro que é un proxecto político. Vostedes fixeron que Altri fose un proxecto político...;

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora IGLESIAS REY: ...se fose un proxecto exclusivamente privado, evidentemente, non o utilizarían —digamos— como unha consigna electoral.

Hai que ser máis exixentes cos criterios medioambientais...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora IGLESIAS REY: ...e, sobre todo, tamén coa falta de transparencia e coa opacidade desde que o proxecto se declarase estratéxico o 29 de decembro de 2022.



O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora IGLESIAS REY: E, evidentemente, xa ese baile de emprego...;

O señor PRESIDENTE: Non, non remate, por favor. Remate.

A señora IGLESIAS REY: ...ten quiñentos empregos.

O señor PRESIDENTE: Non, remate; remate, por favor. Mire o reloxo, é que para iso, se non, deixamos os dez minutos que había. Podemos ter deixado os dez minutos que había antes.

(A señora Iglesias Rey diríxese ao presidente.)

A señora IGLESIAS REY: ¿Podo anunciar o noso voto, presidente, a abstención, e motivar o porqué?

O señor PRESIDENTE: ¡Bueno!, faga como queira.

A señora IGLESIAS REY: Un minuto, un segundiño. ¿Non? Vale, pois nada. Non pasa nada. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Anuncie, anuncie o voto. ¿Vai votar a favor ou en contra, logo?

A señora IGLESIAS REY: Abstémonos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vale. Grazas. Moi ben. ¡Pois, veña, vale! Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

Dende o escano. Dean voz ao escano do señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Non farei uso da palabra nesta intervención, pero anuncio voto a favor da proposta do Bloque.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

¡Menudo papelón o de hoxe, o do Partido Socialista! Primeiro presenta unha moción que non ten nada que ver coa interpelación de hai quince días e agora a señora Iglesias fai aquí unha



intervención, na cal non di absolutamente nada da moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, e, xa en tempo de desconto, vostede anuncia que si que se vai posicionar sobre esa moción.

Mire, é unha falta de respecto para esta Cámara, pero, sobre todo, unha falta de respecto para o propoñente da moción, que non mereceu nin sequera a súa atención. (*Aplausos.*)

«Nunca se mentiu tanto como nos nosos días», aseguraba, en 1943, Alexandre Koyré, un filósofo e historiador ruso, que foi socialista, pero que tivo que fuxir do socialismo. Un xenio, cuxas reflexións feitas hai case un século seguen plenamente viventes; tan vivente está o uso da mentira, como ferramenta de manipulación social e política que, en 2016, o *Diccionario Oxford* elixiu a palabra «posverdade» como palabra do ano.

«Posverdade» é a mentira feita política; un neoloxismo que se empezou a utilizar nos anos noventa e, dende entón, hai moitísimos exemplos que, seguramente ambos os lados da bancada comparten, se adaptan bastante ben a esa definición. «Posverdade» é todo o que rodea a Trump; «posverdade» é todo aquilo que rodea tamén a Putin e a súa guerra híbrida; o Brexit foi un grande exemplo de posverdade. Cómpre lembrar aquilo que se dicía que lles custaba aos británicos 350 millóns de libras, á semana, pertencer á Unión Europea, pero, por desgraza, tamén no noso país e tamén aquí cerca sufrimos as consecuencias da posverdade. Seguramente que todos lembran o *procés*, que dividiu tanto a sociedade catalá e a española en conxunto, e aquilo no cal se sustentou, é dicir, que «España nos roba». Obviamente os galegos formamos parte desa España que estaba a roubar os cataláns. Sobre todo iso construíuse aquel *procés*: mentiras, posverdade, bulos... Agora chamámoslles *fake news* ou máquina do fango, pero non deixa de ser máis do mesmo.

E en Galicia non somos alleos a todo isto. E ao Bloque Nacionalista Galego hai que recoñecerlle que é un discípulo avantaxado en todo o que ten que ver coas *fake news*, coas máquinas de fango, cos bulos ou coa posverdade. E, ademais, vostedes levan décadas perfeccionándose.

Miren, en relación coas infraestruturas, cada vez que se plantexa na nosa comunidade unha infraestrutura nova —dá igual cal sexa—, vostedes están completamente en contra, e aí estará o Bloque Nacionalista Galego, e aí estarán as súas campañas. Dá igual que falemos das estradas —da estrada da «navallada»—; dá igual que falemos dos portos exteriores; dá igual que falemos dos novos hospitais que o Bloque Nacionalista Galego sempre vai estar en contra. Cada vez que hai unha iniciativa na nosa comunidade que xera emprego, que xera riqueza, aí están os do Bloque, aí están os do non: non ás renovables, non ao turismo, non á xestión forestal, non a calquera proxecto empresarial que supoña crear riqueza e emprego en Galicia.

Pero tamén, cada vez que hai un accidente, aí está o Bloque Nacionalista coas súas campañas, cos seus falsos científicos e coas súas fotografías falsas. Parece que foi hai moito tempo, pero lembren vostedes o que ocorreu aquí hai uns meses con esa campaña de *fake news* dos *pellets*. Parece que foi hai moitísimo tempo porque agora vostedes xa non falan diso.

¡Mentiras!, como as que están a espallar desde marzo, curiosamente, despois das eleccións, en relación con Altri. En todo canto foro público no que vostedes participan axudan a dis-



tribuír ese tipo de mentiras: nos medios de comunicación, nas xuntanzas veciñais, aquí, neste mesmo Parlamento, como foi na sesión de investidura, como foi hai quince anos na interpelación, ou como fixo hoxe. E o peor é que xa vostedes non teñen o máis mínimo pudor. Dálles igual deixar as mentiras por escrito, dálles igual que haxa testemuñas das súas manipulacións de fotografías ou de como difunden vostedes noticias falsas.

E cando falamos de fotografías falsas, non crean que estamos a facer unha exaxeración parlamentaria, *(O señor Trenor López mostra dúas fotografías nun mesmo documento, colocadas unha arriba e outra embaixo.)* estamos a falar de fotografías manipuladas dixitalmente para que se dea unha imaxe que non ten nada que ver coa da realidade: imaxe verdadeira; *(O señor Trenor López sinala a fotografía de embaixo.)* imaxe falsa e modificada. *(O señor Trenor López sinala a fotografía de arriba.)*

Cando estamos a falar de noticias falsas, estamos a referirnos, por exemplo, a noticias como esta: *(O señor Trenor López le un documento que contén unha fotografía.)* «Veciños, ecoloxistas e científicos saltan a Bruxelas para frear a celulosa que ameaza o corazón de Galicia.» Aquí sae a noticia, publicada nun medio de comunicación, e resulta que, claro, cando vostede ve a ducia de persoas que están aí, empeza a buscar e ve caras coñecidas. Resulta que aquí están —entre eses veciños, ecoloxistas e científicos que saltan a Bruxelas— o alcalde do Bloque de Arzúa, o alcalde do Bloque de Santiso, o portavoz do Bloque de Narón —que non sei eu por que está aí o portavoz de Narón—, o concelleiro do Bloque de Melide, o concelleiro do Bloque de Monterroso e dous altos cargos do Bipartito —tamén, por suposto, do Bloque Nacionalista Galego—. Tamén entre esa ducia está, por suposto, a eurodeputada do Bloque Nacionalista, e supoño que tamén haberá algún asesor desa eurodeputada. Co cal, vemos que, desa ducia, dez persoas son afiliados do Bloque Nacionalista. *(Aplausos.)*

Eu non teño —créame, non me malinterprete— nada en contra de que vostedes viaxen a Bruxelas; ao revés, creo que é bo. Creo que o nacionalismo, ademais, se cura viaxando, e creo que debían ir a Bruxelas e a moitísimos outros sitios. *(Murmurios.)* O que pasa é que, por favor, non nos fagan pasar como científicos, ecoloxistas e veciños aos que son concelleiros, aos que son alcaldes e aos que foron cargos do Bloque Nacionalista no Bipartito.

En definitiva, señorías, o que estamos a ver é unha sucesión de mentiras, e volveuno facer o señor Bará. Menten vinculando a Xunta de Galicia a unha iniciativa privada, dunha empresa, e menten cando falan das dimensións xigantescas da factoría. Ademais, xa lles explicaron que non son 366 hectáreas, senón que, como moito, serían 116. E vostede mesmo dixo que o que habería arredor sería todo un anel de vexetación e de espazo para poder...

Menten tamén en relación co impacto ambiental crítico no espazo natural da Rede Natura, como di vostede. Son mentira tamén esas teorías de aparencia científica que están vostedes a difundir, como a das altas presións e a da boina de gases tóxicos, o *smog* de contaminación, que se situaría sobre Galicia por culpa desta fábrica. Inventan tamén o da acedificación, sen o máis mínimo rigor científico. Isto lémbreme a cando vostedes estaban en contra da conexión entre Cecebre e Meirama e dicían que todos os coruñeses íamos morrer envelenados de cadmio. Leva xa non sei se unha década conectado o embalse de Cecebre e o de Meirama e creo que non houbo ningunha emerxencia sanitaria por contaminación de cadmio. Si, vos-



tedes rin, pero é que iso se dixo. É que algúns que temos un pouco de memoria aínda lembramos o Bloque Nacionalista opoñéndose a esa conexión, porque dicían que ían morrer envenenados por cadmio os coruñeses. ¡Si, señora Queixas, si! ¡Lémbreo!

O mesmo que menten cando din que impacta no ámbito de protección do Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna. É alucinante que o Bloque Nacionalista Galego, despois de estar en contra de todo o que ten que ver co Xacobeo, de todo o que ten que ver co Camiño de Santiago, agora, encima, pretenda darnos leccións sobre a súa protección. Pero é que aínda é máis sorprendente que estean obsesionados por unha cheminea de 75 metros, cando están á súa vez intentando declarar a máxima protección sobre outra que é tres veces máis grande, que é de formigón e que, ademais, por suposto, os que saben disto din que o valor histórico e arquitectónico que ten, cando menos, non é tan alto como vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...están a dicir.

En definitiva, podemos ir punto por punto, sinalando todas as súas mentiras, pero o que si que non imos facer... E vostede, ademais, nesta ocasión foi un pouco máis prudente; foi un pouco máis prudente, pero acusounos do que os estamos acusando a vostedes, de querer que a Administración prevarique, e nós non imos pasar por aí. Nós imos confiar nese equipo de técnicos, nese órgano técnico, composto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...por profesionais da Administración pública, que están todos eles moi cualificados, que traballan con total independencia e que van ser eles os que emitan os informes ambientais correspondentes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: En definitiva, son vostedes «os do non»...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...son vostedes os da mentira, os das fotos falsas, os das *fake news*, os das campañas e os dos bulos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Trenor, «mira quen falou que a miña casa honrou». Este refrán acáelles moi ben a vostedes, ao Partido Popular. ¡Menudo papelón lle fixeron facer a



vostede aquí falando do uso da mentira! (*Aplausos.*) ¡Nada máis e nada menos, os campións da mentira, da manipulación e do engano —o Partido Popular—, vindo aquí a este Parlamento dar leccións sobre a mentira! ¿Pero como poden ter ese descarro tan grande, señor Trenor?

E, despois, agradézolle unha cousa. Teño que recoñecerlle o mérito de poñer en valor o papel que fai o BNG en Europa, no Parlamento Europeo, levando alí as plataformas que defenden o país, a xente que traballa e loita no país. Non o quería vostede, pero creo que acaba de pedir o voto para o BNG nas eleccións europeas. (*Aplausos.*) Para iso serve ter unha voz propia en Europa, como ten o BNG. Dende aquí chamamos a xente a que siga apostando por esa voz, que é a Ana Miranda, para seguir indo alí defender os intereses do noso país. ¡Moitas grazas por este recoñecemento!

E, mire, vostede non deu absolutamente ningún dato, ningún, para contrarrestar os meus, e deu datos de novo falsificados. Porque nós temos a documentación do proxecto que saíu á información pública, que di que van ocupar 360 hectáreas, 600 campos de fútbol. ¡Descomunal, señor Trenor! (*Aplausos.*) E na primeira fase, 1,2 millóns de hectáreas —que é tres veces o que xa ocupa agora Ence— para producir 250.000 toneladas. Pero se chegan a producir as 400.000, serán arredor de 300 hectáreas de territorio as que ocuparán. (*Murmurios.*) Si, fagan movementos, a ver se me despistan, que non me van despistar, tranquilos. ¡Tranquilos! Reláxense, señor Lorenzo.

Miren, despois veñen vostedes coa patraña de que nos opoñemos aos proxectos industriais. Voulles ler aquí unha serie de proxectos dese territorio vivo, vizoso, dinámico, emprendedor e innovador, que é a Ulloa, onde hai proxectos industriais que o BNG apoia, que o BNG apoiou e que o BNG vai seguir apoiando. Por exemplo, Bioflytech, empresa que transforma larvas de mosca en fariña de graxa. ¡É monte comunal, co apoio da sociedade, da contorna! ¡O BNG, a favor! (*Aplausos.*) Tamén a favor da creación de postos de traballo na Ulloa, onde non hai paro, por certo, en Palas.

Segundo, Jim Sports, unha empresa que exporta o material deportivo a todo o mundo. O BNG, a favor, sen ningún tipo de posición en contra; a favor de que se cree emprego industrial na comarca da Ulloa.

Granxa Campomaio, que produce un millón de ovos diarios na comarca do Ulloa. O BNG e toda a comarca, a contorna, a favor deste proxecto.

Pazo de Vilane, exemplo tamén de proxecto de produción de ovos campeiros; o BNG, a favor deste proxecto.

O BNG tamén está a favor de referentes do agroturismo, como A Parada das Bestas, tamén do Camiño Francés a Santiago.

Vostedes queren acabar con todos estes proxectos, como queren...

O señor PRESIDENTE: Remate.



O señor BARÁ TORRES: ...acabar con referentes como é Queixos Arqueixal, (*Aplausos.*) que están en contra deste proxecto que vostedes queren impoñerlles alí.

O BNG está coas cooperativas, coas pemes que teñen proxectos emprendedores na zona; vostedes, cunha multinacional portuguesa que non queren en Portugal. ¡Olló!, que ten alí —iso si— o proxecto de investigación tecnolóxica e tráenos para aquí unha industria de enclave. ¿Saben o que é unha industria de enclave, que o poñen con esas letras no propio...?

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda... Sobre a emenda do PSOE.

O señor BARÁ TORRES: O BNG trae aquí unha aposta de futuro...

O señor PRESIDENTE: Non, pero sobre a emenda... Pronúnciese...

O señor BARÁ TORRES: ...pola economía, polo emprego, polos ríos e pola ría de Arousa.

O señor PRESIDENTE: Señor Bará. ¡Señor Bará...!

O señor BARÁ TORRES: Non imos aceptar a emenda, mantemos o texto orixinal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Primeiro votamos a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo das políticas en materia de dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o desenvolvemento industrial e o seu impacto ambiental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión ata as catro da tarde, quero comunicar unha alteración da orde do día pola tarde, que é a pregunta que formula dona Paloma Castro ao conselleiro de Presidencia. Substanciárase logo das votacións das proposicións non de lei. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, despois das votacións das proposicións non de lei, substanciárase unha pregunta que formula a deputada Paloma Castro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Adiántase ao de mañá.

Suspendemos ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Avanzamos co punto cuarto, coas proposicións non de lei; neste caso, a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda, e para defendela ten a palabra, por oito minutos, dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.



Así, para facer a dixestión, volvemos traer ao Pleno unha iniciativa, na cal solicitamos ao Partido Popular que poña fin a unha situación que a estas alturas entendemos extrema, e refírome ao bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial por parte dos representantes do Partido Popular nas Cortes; un órgano que leva cos seus representantes cun mandato caducado dende hai cinco anos e cinco meses xa, o que equivale a dicir cinco anos e cinco meses fóra da legalidade.

E a verdade é que para evitar a manipulación do Partido Popular na súa exposición, na réplica desta iniciativa, pois creo que é importante poñer enriba da mesa a situación en que se atopa este órgano. O Consello Xeral do Poder Xudicial —como todos sabemos—, órgano de goberno dos xuíces e dos maxistrados e as maxistradas, constitúe o terceiro poder do Estado e, como terceiro poder do Estado que é, está sometido á soberanía popular porque vivimos nun Estado democrático e —como todos sabemos tamén— nun Estado democrático —así a modo didáctico— a soberanía popular reside no pobo español, e creo que é importante recalcar isto porque, ás veces, o Partido Popular pensa que a soberanía popular reside nos votantes do Partido Popular.

Entón, partindo desa premisa, este sistema de elección —do cal falaba eu o inicio—, no que fai falla a súa renovación, vén regulado na nosa Constitución e na Lei orgánica do poder xudicial. Neste sentido, tamén é importante dicir que a última reforma desta Lei orgánica do poder xudicial se fixo no ano 2013, nunha época en que existía unha maioría absoluta de Mariano Rajoy no Goberno. E, ¿que di a lei? Pois esta lei di que estes membros do Consello Xeral do Poder Xudicial se elixen por maioría de tres quintos de cada Cámara; elíxense oito, entre xuristas de prestixio, e doce, entre membros da xudicatura —esa soberanía popular de que falaba antes—. Ata aquí parecería que non houbera problema.

Entón, ¿que nos leva á anomalía democrática en que nos atopamos? Pois que o Partido Popular non acepta o mandato das urnas, e proba disto é que, cada vez que non teñen a maioría suficiente para controlar este órgano, obstaculizan o acordo; e temos múltiples exemplos nestes máis de corenta anos de democracia: ano 1995/1996, con oito meses de atraso; anos 2006–2008, con dous anos de atraso; e agora —o que xa supera toda lóxica—, con cinco anos e cinco meses de bloqueo. Dende 2018 está bloqueada a renovación dos representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial. E ¿por que? Pois moi sinxelo, porque o Partido Popular non quere que se reflecta no Consello o que a maioría social expresou nas urnas porque prefire ter a cota correspondente a esa maioría absoluta que tiña no ano 2013. Diso si que falaban vostedes pola mañá, pero iso si que é unha utilización política das institucións do Estado. *(Aplausos.)*

É unha situación, sobre a cal, a verdade, non sabemos a ciencia certa canto se vai alongar, pero sospeitamos que se alongará ata que non haxa exministros ou exaltos cargos de gobernos do Partido Popular, ou ata que cambien no banquillo, ou ata que cambien as maiorías no Congreso e no Senado. ¿Por que? Pois é moi sinxelo tamén, porque a maioría dos presidentes, contando o presidente do Tribunal Supremo, como a maioría dos presidentes de salas, foron elixidos por eles. E non se pode consentir a situación na cal nos atopamos; non se pode tampouco consentir que persoas con mandatos caducados, como é o señor Guilarte, o actual presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, arremeta publicamente contra o



presidente do Goberno, como escoitamos a semana pasada nunha entrevista, na cal cuestionaba esa fin de semana de reflexión que tomaba o presidente do Goberno. Xa non disimulan nin sequera a súa falla de imparcialidade. E tampouco o señor Feijóo que o outro día, nunha entrevista nunha radio, falando do bloqueo, preguntábanlle e el, nesa deriva ultradereitista que leva nos últimos anos dende que cruzou O Padornelo, pretendía botar balóns fóra e botar a responsabilidade do bloqueo ao Goberno, pero, ao final, falloulle o subconsciente —como lle pasa en moitas ocasións— e dixo: «La culpa de la no renovación es que Sánchez sea presidente». Xa non hai excusas que vallan; quedou máis claro, por se existía algunha dúbida, que esta é a principal razón. ¿Por que? Pois por esa concepción patrimonialista da xustiza, do poder e de España: unha concepción de que España é do Partido Popular, que é da súa prioridade, e que só aceptan as institucións cando as poden establecer, cando poden servirles para acceder ao poder, cando poden vostedes ocupar estes cargos, e, se non ocupan eses cargos, pois consideran que estes son ilexítimos.

Non podemos consentir o papel que estamos a facer en Europa. Dende a Comisión Europea, en moitas ocasións, apercebíronos da necesidade da renovación, incluso se chegou a aceptar a posibilidade de mediación da Comunidade Europea, a posibilidade que plantexou como excusa Feijóo e que aceptou o Goberno. E —como digo— como excusa, porque despois de varias reunións, a última, no mes de abril, foi suspendida por Feijóo por alegar que estabamos en procesos electorais e porque non existía ningún avance en ningunha destas negociacións. E o Goberno está poñendo toda a vontade para poder renovar e para que exista un acordo, e para intentar acadar este acordo antes de que se produza esa renovación da Comisión Europea no mes de xuño; e, polo tanto, pedimos dende aquí aos señores deputados do Partido Popular que voten a favor desta iniciativa e que empracen os seus compañeiros nas Cortes para que non sigan a bloquear un órgano constitucional.

A Comisión Europea tamén era clara no seu Informe, que dicía que primeiro era urxente —e urxía— renovar este Consello, e, despois, xa se falaría do sistema de elección; un sistema de elección que —como dixen anteriormente— non se modificou nesa reforma do ano 2013, cando o Partido Popular tiña maioría absoluta. Polo tanto, neste momento o Partido Popular pide unha renovación dun sistema de elección que non modificou cando eles gobernaban. ¿Por que? Porque tiña a maioría suficiente para poder determinar os membros e elixir os membros deste órgano constitucional. E, neste momento, xa non só falo da Comisión Europea, senón que tamén falo de todos os partidos democráticos, agás da ultradereita de Vox. Polo tanto, están illados e non pode ser que sigan a manter esta postura; non podemos aguantar este bloqueo, que —como dicía— dura máis de cinco anos e cinco meses; e non se pode pedir que se cambie a lei para que se cumpra.

Polo tanto, dende aquí solicitamos que novamente se volva instar as Cortes Xerais e, sobre todo, os membros do Grupo do Partido Popular nas Cortes, para que respecten a vontade da cidadanía española, que quede reflectida nesta nova renovación, xa que se tanto falamos de españolismo ou de constitucionalismo, pois que cumpramos a Carta Magna.

E sen máis nada por agora, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Mixto, que renuncia ao seu turno de intervención.

Avanzamos, entón, e ten a palabra agora, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Iago Tabarés.

Recórdolle tamén que ten oito minutos.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Hai uns meses debatíamos unha iniciativa substancialmente idéntica, se non, a mesma. Daquela falabamos da degradación institucional pola falla de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. Hoxe, meses despois, non só falamos de vergoña institucional, senón que podemos falar de ridículo internacional porque, realmente, requirir a mediación internacional para suplir a falla de capacidade para chegar a acordos parlamentarios sobre a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, fala ben pouco do funcionamento do sistema democrático deste Estado.

Hoxe, o bloqueo da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial non só supón un incumprimento constitucional dese deber de renovar aos cinco anos, senón tamén unha infracción da limitación do prazo en que un vocal pode estar en exercicio das súas funcións, que, como máximo, son cinco anos e actualmente vemos que están polos dez anos e medio. E, ¿cales son as consecuencias deste incumprimento? Primeiro, e a máis evidente, o enorme prexuízo reputacional do Estado, a perda de credibilidade nas institucións, nomeadamente na independencia do poder xudicial. O Informe anual da Comisión Europea sobre o Estado de dereito reflicte que só un 34 por cento da poboación percibe que a independencia dos xulgados e tribunais do Estado é boa ou moi boa, isto é, o nivel máis baixo dos últimos anos e un dos máis baixos de todos os Estados da Unión Europea. A segunda das consecuencias é a precarización e o atasco no funcionamento dos órganos xudiciais, que afecta principalmente o Tribunal Supremo, pero non só o Tribunal Supremo. A situación de interinidade do Consello Xeral do Poder Xudicial provoca que, no Tribunal Supremo, exista un trinta por cento de prazas vacantes, exactamente 24: 11 na Sala do Contencioso e 7, isto é, máis do cincuenta por cento, na Sala do Social, o cal está provocando dificultades, mesmo para a constitución das propias salas. Hoxe, para constituílas e que haxa quórum, teñen que vir maxistrados doutras salas diferentes para poder constituílas e para que poida existir ese quórum. Hoxe hai asuntos que están resolvendo maxistrados doutras salas sobre temas dos cales non son especialistas e cuxos coñecementos non son os que os levaron a formar parte dese Tribunal Supremo.

O último Informe publicado indica que, dende a caducidade do mandato do Consello Xeral do Poder Xudicial, o número de asuntos pendentes ante o Tribunal Supremo medrou nun corenta por cento, chegando ata case os corenta e tres mil asuntos pendentes de resolución neste tribunal. As salas do Contencioso e do Social ditan 1.200 sentenzas menos do que vén sendo habitual. E este bloqueo non só ten consecuencias no Tribunal Supremo —como dicíamos—, pois, nestes cinco anos de interinidade, 7 das 17 presidencias do Tribunal Superior



de Xustiza ficaron vacantes, ao igual que 30 das 50 presidencias de audiencias provinciais, entre elas, por exemplo, a de Lugo.

E, ¿como e por que se chegou a esta situación de irresponsable degradación institucional e de vergoña internacional? Dende logo, por nada que teña a ver coa vontade de preservar a independencia do poder xudicial e por nada que teña a ver co incumprimento de normas da Unión Europea, pois non existe norma da Unión Europea ou resolución do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea que exixa a existencia dun órgano de goberno específico e externo para o poder xudicial e, moito menos, non existe norma ou resolución do Tribunal da Unión Europea que estableza un sistema concreto para a súa elección.

En boa parte dos Estados europeos non existe un órgano propio de Goberno dos xuíces, como pode ser o caso dos países nórdicos ou os de cultura anglosaxona; e nos países, nos cales si existe, a súa composición, funcións, ou sistema de elección non é idéntico en todos os casos. Penso que só no caso italiano —teño dúbidas sobre o caso portugués—, a maioría do Consello da Maxistratura está composto por membros da xudicatura elixidos polos propios xuíces ou xuízas.

No Estado español, alá por 1978, acordouse a creación dun órgano específico para o goberno do poder xudicial, algo que está regulado. O órgano está regulado fundamentalmente por unha norma de 1985. Na regulación aprobada en 1985 conferiuse que fose ao Congreso e ao Senado aos que lles correspondese o nomeamento de todas as vogais, tamén as de orixe e procedencia xudicial. Este método de elección actualmente vixente foi declarado conforme a Constitución en 1986. Como falaba a voceira do Grupo Socialista, a pesar das sucesivas reformas do sistema de elección —a de 1996, a de 2001 e, a última, de 2013, esta aprobada exclusivamente polo Partido Popular, sen consenso nin coa anuencia de ningún outro grupo político—, non se modificou esencialmente o sistema de elección. A única modificación que existiu era o peso, maior ou menor, que podían ter as asociacións profesionais da xudicatura. É dicir, podendo modificar este sistema de elección, o Partido Popular nunca o fixo; incluso cando o modificou, por exemplo, no 2013, sen consenso nin vontade de ningún outro grupo parlamentario, exclusivamente en solitario. Este é o sistema que deixou a vontade unilateral do Partido Popular.

Por tanto, non resultan cribles os argumentos que ultimamente está a dar o Partido Popular para xustificar o bloqueo do órgano de goberno da xudicatura. E dicimos ultimamente porque o último non foi sempre o mesmo argumento. Antes, para esta situación de bloqueo, falábase do desprezo á monarquía, falouse da reforma do Código penal ou falouse de vetos a propostas de maxistrados e maxistradas concretas. Porén, a razón real para a falla de renovación e o bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial explicitouna o daquela voceiro do Partido Popular no Senado, o señor Cosidó. A súa vontade era controlar pola porta de atrás a Sala do Penal do Tribunal Supremo. Esta, e non outra, é a razón deste bloqueo institucional tan grave e que leva a un ridículo internacional. Para iso está a irresponsabilidade da actitude do bloqueo, que compromete a credibilidade da cidadanía na xustiza e no funcionamento das institucións.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que, se a xustiza emana do pobo, é coherente que o órgano de goberno do poder xudicial sexa elixido polos representantes do pobo,



que estamos nos parlamentos. Este sistema, o actualmente vixente, de ningún modo compromete a independencia do poder xudicial, que, segundo os informes de organismos internacionais, si pode verse comprometida pola falla de orzamento, si pode verse comprometida polas presións internas ou externas doutros ou, dende outras instancias, pola falla de transparencia nos ascensos ou nas sancións ou porque a renovación se converta en cambalaches entre dous partidos. Isto aproximadamente é o que dicía o Tribunal Supremo en 1986: que o problema non é o sistema, senón o risco de que se poida converter en cambalaches entre dous partidos. Informes, por certo, de organismos internacionais que tamén expresan a preocupación polas eivas na investigación e persecución da corrupción de alto nivel.

En suma, votaremos a favor desta iniciativa, agardando dúas cousas: a primeira, que remate o bloqueo á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial; e, a segunda, que calquera negociación se realice con transparencia, dentro das institucións de representación do pobo; non o Goberno co Partido Popular, senón os grupos parlamentarios, e dentro do Congreso e dentro do Senado...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e sempre pensando —remato xa, señora presidenta— no funcionamento da xustiza, non en intereses particulares e non sempre confesábeis.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

A semana pasada, na Comisión 1ª, un deputado da oposición, cun certo aire de superioridade moral que só alcanza a quen ostenta a soberbia e a altanería que caracteriza o nacionalismo leninista do BNG e que tan pouco beneficio electoral lles outorgou, referíase a unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular como «improdutiva», xa que entendía el que non aportaba nada a solucionar os problemas dos galegos e das galegas. Non direi eu o mesmo desta iniciativa, señora Castro, que vén hoxe a debate, pero si direi que no PSOE galego andan faltos de ideas ultimamente, porque volven traer a esta Cámara a mesma proposición non de lei que xa debatemos no mes de outubro e que saíu aprobada por unanimidade. E hoxe nós tamén a apoiaremos, señora Castro, xa que nós temos o mesmo interese ca vostedes en que se normalice a situación da xustiza en España, pero tamén en que se leve a cabo a súa despolitización, algo que, por desgraza, cada vez está máis lonxe de conseguirse, á vista dos últimos acontecementos.



Pero, escoitando a señora Castro, agora descubrimos por que traen esta iniciativa. Hoxe que-
ren introducir —levan uns días xa falando diso, e a señora Castro, como vén de correveidile
do Partido Socialista sanchista— a soberanía popular, un novo concepto. Queren que faga
pasar a soberanía popular por soberanía nacional. Mire, señora Castro, na universidade na
que eu estudei Dereito —si—, estudei o artigo 1 da Constitución española, que falaba da so-
beranía nacional; que, señora Castro, é a que emana do pobo español, *(Aplausos.)* da que
emanan todos os poderes do Estado: o executivo, o lexislativo e o xudicial. *(Aplausos.)* E lem-
bre este artigo, o artigo 1.2 da Constitución española. *(Aplausos.)*

Mire, se falamos de bloqueos ou de capacidade para bloquear o Consello Xeral do Poder xu-
dicial, convén recordar que os 8 xuíces e maxistrados que integran este órgano, a proposta
do Congreso e do Senado, son elixidos por unha maioría de 3/5; isto é, necesítase o voto fa-
vorable de 210 deputados. Isto implica que son necesarios 141 deputados para exercer ese
suposto bloqueo. Mire, de 2019 a 2023, o Partido Popular tiña 89 deputados e, dende xullo
de 2023, temos 137 deputados. Se as matemáticas non fallan, 137 é menos que 141; por tanto,
137 non poden exercer ese suposto bloqueo do que vostedes falan sempre.

Pero, por outra banda, o artigo 568 da Lei orgánica do poder xudicial outorga aos presidentes
do Congreso e do Senado o impulso do proceso de renovación, e os presidentes destas dúas
cámaras levan cinco anos sendo do Partido Socialista: Meritxell Batet, Francina Armengol,
Manuel Cruz, Pilar Llop e Ander Gil. Ningún deles o impulsou, señora Castro.

Señor Tabarés —experto manipulador—, non minta, ¡non minta! *(Murmurios.)* O bloqueo
das salas prodúcese por unha modificación lexislativa do Consello Xeral do Poder Xudicial
do Partido Socialista co seu apoio, señor Tabarés, para impedir que se fixese, primeiro, nin-
gún nomeamento e, despois, un nomeamento á carta. *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia
palabras que non se perciben.)* ¡Escoite!, escoite, que, de momento, hai democracia e cando
uns falamos a outros tócalles escoitar.

E, ademais, a señora Castro di no texto da súa proposición que o PSOE tentou alcanzar un
acordo co PP en numerosas ocasións dende 2018. Pero o que non di é que dificilmente se
pode chegar a un acordo cun socialismo que se ten «podemizado» ata o extremo de que fai
súas as consignas de Pablo Iglesias. Calquera día Sánchez diranos que a xustiza non se toma
por consenso, senón que se toma por asalto. *(Aplausos.)*

Mire, señor Tabarés, dicía vostede que a xustiza emana do pobo. Pois continúe a frase: «A
xustiza emana do pobo e adminístrase en nome de El-Rei». ¡Dígao! *(Risos.)* Dígao, aínda
que sexa vostede nacionalista. Dígao. Ese «adminístrase en nome de El-Rei», por xuíces e
maxistrados independentes, inamovibles e responsables, e unicamente sometidos, señor
Tabarés, ao imperio da lei. Eu non sei se vostede estudou iso na súa Facultade de Dereito,
porque a verdade é que vostede vén aquí e retorce sempre as leis dun xeito absolutamente
partidista. *(Aplausos.)*

Pois dicía eu que o señor Sánchez intentou asaltar a xustiza, e intentouno colocando como
maxistrados do Tribunal Constitucional a quen fora ministro de Xustiza do seu propio Go-
berno e a dous asesores vinculados ao PSOE. Intentouno co nomeamento de Dolores Delgado,



logo de ser ministra de Xustiza, como fiscal xeral do Estado; esa que, cando foi a Colombia e había xuíces e fiscais que retozaban con menores, ela miraba cara a outro lado, porque a súa máxima era: «información vaxinal, éxito garantido». ¡Iso é moi feminista! Non se preocupen, que vostedes son os reis do feminismo. Pois, miren, a mesma Dolores Delgado á que por dúas veces o Tribunal Supremo anulou o seu nomeamento polo sectorio fiscal xeral do Estado, primeiro, como fiscal da Sala do Militar, incorrendo en desviación de poder —como dixo o Tribunal Supremo— e máis recentemente como fiscal da Memoria Democrática; o que supuxo, señorías, un descrédito para o fiscal xeral do Estado, aínda que eu creo que máis que un descrédito é o crédito que ten precisamente con Sánchez, porque sabe perfectamente de quen depende a Fiscalía, e a Fiscalía xa se converteu no cortijo do fiscal xeral do Estado. Intentouno lexislando a carta dos seus socios, derogando o delito de sedición, rebaixando as penas de malversación e aprobando unha amnistía que cuestiona as sentenzas que no seu día aprobaron os xuíces —eses xuíces independentes— do *procés*. Intentouno firmando un acordo de investidura no que se falaba abertamente de *lawfare* e que implicaría o sometemento da xustiza ao poder político.

Mesmo o Grupo Socialista no Congreso dos Deputados hai escasas semanas incluíu tres fiscais, na lista de comparecentes na Comisión de Investigación da Corrupción, do Partido Socialista, señora Castro; ou, como acontece nos réximes totalitarios que admira Sánchez e todos vostedes —polo que vexo—, si, nos que os xuíces son encarcerados por levar a contra ao réxime. E por iso se enfadou Sánchez e estivo cinco días encerrado, porque non lle gustaba o que dicían os xuíces e porque non lle gustaba o que dicían os periodistas, e aí si que fixemos un ridículo internacional. Miren, fixemos un ridículo internacional cando o semanario alemán *Der Spiegel* (A señora Prado del Río amosa este xornal.) falaba de «la rabieta de un adolescente caprichoso que se encierra en su habitación y que ha convertido la política española en una telenovela». Este é o descrédito. A Axencia estadounidense *Blumer* ironizaba con que, en vez de tomar un período de reflexión, Sánchez, en realidade, estaba dándonos aos españois cinco días para que fósemos asumindo como sería a vida sen el. E, de feito, o CIS fixo unha enquisa exprés, e, ¿saben que pasou? Que o PSOE subiu 9 puntos só coa idea de que Sánchez fose para a súa casa, señorías. (*Aplausos.*)

Miren, poden atopar sempre o Partido Popular no respecto ao cumprimento da Constitución. E poderán contar con nós cando se trate de favorecer a independencia do poder xudicial, a despolitización no proceso de elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e o respecto aos xuíces e maxistrados. Agora, iso si, señora Castro e señor Tabarés, non conten nunca con nós cando se trate de ameazar e insultar a quen administra a xustiza, nin para debilitar o Estado de dereito —que tanto interese niso están poñendo nos últimos tempos—, nin para romper o marco de convivencia constitucional e o principio de igualdade dos españois.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Para iso, por desgraza, xa están vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para o peche, ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Castro, por tres minutos.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señora Prado, a verdade é que teremos que traer novamente á Cámara esta iniciativa —e moitas máis— da lexislatura pasada porque vostedes votan, pero despois non cumpren. (*Aplausos.*) Non cumpren tampouco cando falan de saúde mental —tema que traeremos novamente— ou dese modelo de residencias... (*Aplausos.*) E podería seguir, pero esgotaría os tres minutos e moitos máis, se teño que enumerar todos os incumprimentos que volveremos traer novamente aquí.

Falaba vostede da soberanía nacional. Eu refírome á soberanía do pobo, e non é «popular» do Partido Popular, que é o que pensan vostedes, é a soberanía popular porque é o que pensa o Partido Popular.

E claro que non me fallan as matemáticas. Sei perfectamente calcular os 3/5 das cámaras, pero hai un problema: que nós partimos dunha premisa diferente. Nós partimos dunha premisa que é que coa ultradereita non pactamos absolutamente nada. (*Aplausos.*) Son vostedes os únicos que pactan coa ultradereita e os que os meten nas institucións. (*Aplausos.*) E como non lle fallan as matemáticas, fai o cálculo das 3/5 partes do Congreso e do Senado sen contar coa ultradereita de VOX. Pois así non dan os números. Polo tanto, sigo a manter o mesmo: é o Partido Popular o que está a bloquear a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial.

E dicía vostede tamén que a culpa era dos presidentes das cámaras. Vostede o que quere é matar o mensaxeiro. ¿Que quere?, ¿que o presidente da Cámara, sen ningún tipo de consenso nin no Congreso nin no Senado, poida designar de forma unilateral uns membros do Consello Xeral do Poder Xudicial?

Pero tamén falaba vostede de cousas —a verdade— bastante graciosas —por dicir algo—, porque falaba vostede de xuíces independentes que forman parte neste momento do Consello Xeral do Poder Xudicial e das salas do Tribunal Supremo. Iso é un chiste, pero malo. Falamos de Carlos Lesmes, exalto cargo do Goberno de Aznar —refírome a durante todo este tempo, non a que estean agora en activo; dígolle durante todos estes anos—; fálolle tamén do xuíz Marchena, amigo do seu ministro Acebes e próximo ao Goberno do Partido Popular; de Guilarte, avogado do irmán de Mariano Rajoy; do xuíz Larena... E podo seguir dicíndolle así moitos, moitos xuíces e maxistrados cercanos ao Partido Popular; 12 conservadores e 4 progresistas, que son os que forman parte neste momento do Consello Xeral do Poder Xudicial, elixidos durante —como dicía— o Goberno de maioría absoluta de Mariano Rajoy. Polo tanto, é moi gracioso que vostede fale de xuíces independentes.

É unha hipocrisía que estean utilizando e sigan utilizando vostedes as institucións —e son moi graves as declaracións, tanto as que fixo vostede agora como as que fixo o señor Feijóo— con iso de que hai que protexer o Consello Xeral do Poder Xudicial do señor Sánchez ou con iso, como dicía antes, de que para cambiar o consenso é necesario cambiar o presidente do Goberno.



Falaba vostede de Dolores Delgado. O que lles molesta a vostedes é que Dolores Delgado fose a fiscal que sacase a Franco do Val dos Caídos; iso é o que máis lles molesta a vostedes. (*Aplausos.*) E o resto son corenta anos. O sistema de elección do fiscal xeral do Estado establécese na Constitución española e leva corenta anos sendo o mesmo. Polo tanto, non é un sistema maquiavélico que inventase o presidente Sánchez. O que pasa é que a maquinaria do fango...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora CASTRO REY: ...esa que xeran vostedes, esa de crear un bulo, esa de traelo despois ao Parlamento e esa de xudicializalo, que padecemos o Partido Socialista moi ben en Galicia, coñécena e séguena aplicando vostedes, sen ningún tipo de lexitimidade.

Volvo insistir: a renovación é urxente, e seguiremos insistindo no mesmo mentres non se produza...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Conclúo xa, presidenta, dicindo que o adversario político non é... (*A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo.

A ver, esta mañá comentaba o presidente que é difícil adaptarse aos oito minutos e aos tres minutos. O que pasa é que, se recortamos os tempos e, ao final, chegamos ao mesmo... Haberá que replantexalo entre os voceiros.

Seguimos coa iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Proposición non se lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da destitución do actual director xeral da CRTVG e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de impulsar a renovación da devandita dirección xeral

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para defendela ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

O Partido Popular, nada de perseguir a xuíces, agás cando se topan coa Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, (*Aplausos.*) que frea a rapina das eléctricas e a política que lle fai a medida o Partido Popular. Aí xa, vía libre, señora Prado; aí, vía libre. (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)



Hoxe imos falar, nesta segunda proposición non de lei que traemos desde o Bloque Nacionalista Galego, tamén de democracia, tamén de rexeneración democrática, nunha iniciativa na que propoñemos, como se dicía na lectura do seu título, renovar a Dirección Xeral da Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza e acabar dunha vez coa anomalía democrática na que se atopan os medios de comunicación públicos no noso país; unha anomalía democrática instaurada desde hai trece anos neles polo Partido Popular.

E facémolo, señorías, para cumprir. Viñemos así..., cunha vocación de asumir unha parte do argumentario do Partido Popular. Traemos unha iniciativa desde o Bloque Nacionalista Galego para cumprir coas demandas do seu xefe de filas, do xefe do Partido Popular en Madrid, do señor Feijóo; para satisfacer, diría eu, as reclamacións, as exixencias que ten de rexeneración democrática o señor Feijóo en Madrid. ¿Que pide o líder do Partido Popular? Estes días lerían que, ademais..., bueno, se prodigou por medios de comunicación —non por todos, por unha parte só— con artigos nos que apelaba, con duros golpes de peito, á liberdade de prensa. ¿Que pide o señor Feijóo? Acabar co control político que exerce o Goberno nas institucións e entes públicos. Pide —e abro aspas, cito literalmente ao líder do Partido Popular, a algún igual lle acorda que algún ano pasou por aquí— que: «Se acabe con ese control político, porque erosiona esas institucións e entes públicos mediante o seu uso partidario e a súa colonización».

Eu estou segura de que nada satisfaría máis o grupo parlamentario, as 25 persoas que compoñen o Grupo Parlamentario do BNG, pero, sobre todo, nada satisfaría máis as 800 persoas que traballan na Radio e na Televisión públicas de Galiza, que o PP tivese a ben facer aquí o que predica fóra. (*Aplausos.*) ¿Que mellor, señorías, que aplicarse o conto e, sobre todo, que mellor que predicar co exemplo aquí, onde gobernan con maioría absoluta, non teñen que negociar con ninguén, e facer aquí o que piden que os demais fagan fóra?

Porque, señorías ¿en que situación se atopa a Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza? ¿En que situación se atopan os medios públicos do noso país, que son das galegas e dos galegos, que os sufragan cos seus impostos, con máis de cen millóns de euros públicos ao ano? ¿Quen dirixe a Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza? Alfonso Sánchez Izquierdo, que, como saben, é o director xeral da CRTVG desde o ano 2009 e que foi nomeado a dedo polo señor Feijóo; un método dixital —*les encanta*, cando son eles os que gobernan—. Foi nomeado a dedo en 2009 polo señor Feijóo e aí se mantén no cargo, á marxe do que di a propia lexislación desde o ano 2011. ¿Como lle chama o PP a iso?, ¿controlar os medios de comunicación, coutar os medios de comunicación, *okupar* —cun k ben grande e ben forte— os medios de comunicación? Porque, segundo as reflexións deste líder, ¿non? —líder do Partido Popular—, están sometidos ao control férreo do Goberno: ou fas o que che mandan ou simplemente te cesan.

E eu pensaba, cando lin aquela intervención do señor Feijóo, que debía estar pensando en Carlos Jiménez, falando de xustiza, e na sentenza firme do Tribunal Supremo condenando a CRTVG por persecución (*Aplausos.*) e por vulnerar os seus dereitos fundamentais, en represalia á súa participación no movemento *Venres Negros* —eu teño aquí a sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, e firme tamén do Tribunal Supremo—. Igual estaba pensando o señor Feijóo no redactor da Radio Galega que se negou a modificar un titular e unha noticia sobre o



incremento da inflación en Galiza por riba da media do Estado. Díxolle a súa xefa de contidos: «Non pode ir así; ben o sabes». Como se negou, apelando á liberdade de expresión, á liberdade de prensa e ao exercicio, con toda honestidade, da nosa profesión, mandárono a facer pasillos; cambiárono de posto de traballo, despois de vinte e cinco anos de honrosa —¡honrosa!— e premiada profesión por non dobrarse aos intereses do Partido Popular, a quen non lle debe gustar que suban os prezos máis en Galiza. O que non quere o Partido Popular é que as galegas e os galegos saiban o que está pasando fóra de San Caetano. (*Aplausos.*) Ou, eu que sei, igual estaba pensando o señor Feijóo, cando apelaba á liberdade de prensa e a que «*si no haces lo que te dicen, te cesan*», no mariñeiro e divulgador Rogelio Santos, que participaba en programas da Radio e da Televisión públicas de Galiza, e que o botaron fóra e o vetaron cando amosou publicamente o seu apoio á candidatura de Ana Pontón e do Bloque Nacionalista Galego. Iso de chamar á liberdade e contra a censura debe ser sempre que votes o Partido Popular. (*Aplausos.*) Así entende a liberdade de prensa e a liberdade de expresión o PP.

¿E que pide o PP para acabar con estas situacións de vetos, de censuras e *de hacer pasillos, si no haces lo que te mandan?* «*Establecer*» —cito literalmente— «*mayores garantías de independencia y limitaciones al Gobierno en los nombramientos de los altos cargos; avanzar en la regulación de un marco jurídico que evite los ceses e injerencias del Ejecutivo*». O conto cóntase só e é bastante triste, porque neste país esa limitación ao control do Executivo no nomeamento da Dirección Xeral da CRTVG xa está na lei desde o ano 2011. Pero vostedes incúmpren de maneira obscena e, sobre todo, de maneira absolutamente consciente para seguir exercendo un control partidario na Radio e na Televisión públicas de Galiza, para seguir convertendo os medios de todas as galegas e de todos os galegos no seu gabinete terminal de propaganda.

Como saben, señorías, a Lei 9/2011, no seu artigo 23, apartado segundo, di con toda claridade que a dirección da CRTVG debe ser escollida por 2/3, por unha maioría reforzada deste Parlamento. A actual dirección —insisto— ocúpaa o señor Sánchez Izquierdo desde o ano 2009, logo de ser posto a dedo polo presidente do Partido Popular e manterse no cargo prorrogado *ad vitam aeternam*, sen data límite, despois de que o PP cambiase a lei pola porta de atrás no ano 2015. *¿No te gusta la ley?, ¿no quieres cumplirla? Pues cámbiala.* E así estamos, cunha anomalía democrática absolutamente inadmisíbel, tanto golpe de peito que se dan nun sistema democrático como debe rexer en Galiza.

¿Como se lle chama a cambiar a lei para non ter que cumprila? Desde o Bloque Nacionalista Galego, señorías —e con isto remato—, o que queremos con esta iniciativa é acabar con esa anomalía democrática, devolverlle o control da Radio e da Televisión públicas de Galiza ás persoas ás que lles pertencen os medios públicos deste país: ás galegas e aos galegos. E o primeiro para iso é acabar con esta situación que só e só vostedes xeraron; acabar con esa dirección xeral que non se axusta ao que di a lexislación neste país desde hai trece anos e comezar un proceso de renovación con arranxo ao que di a lei. É unha dirección xeral que, ademais, está negando e vetando o dereito das traballadoras e dos traballadores da Radio e da Televisión públicas de Galiza a gozar dos seus dereitos co Estatuto profesional e o Consello de Informativos, previstos tamén na lei.

Se queren, señorías, falar de liberdade de prensa, primeiro deixen de esmagala neste país. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Infórmame o voceiro do Grupo Mixto que tamén renuncia a intervir nesta iniciativa. Entón, damos paso á voceira do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Silvia Longueira Castro.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Pois voltamos outra vez aquí a falar da CRTVG. Saíu pola mañá en dúas das cuestións que debatíamos en cultura e voltamos outra vez falar dela. Seguramente é un tema ben interesante, dada a forma en que o Partido Popular decidiu que se tería que facer.

Xa explicaron aquí desde o Bloque Nacionalista como todas as cuestións relativas a esa —como dicía a deputada Rodil— «anomalía democrática» veñen afectando non soamente os que somos pagadores da Televisión pública galega, senón tamén os traballadores.

Aquí falamos da figura do seu director, que é Alfonso Sánchez Izquierdo, un periodista de toda a vida, coñecido de todos. Podería ser calquera outro. Vostedes decidiron poñelo aí e el decidiu aceptar esas condicións de exercer un tipo de *auctoritas* que, seguramente, é válido na súa casa, na casa de todos vostedes, do Partido Popular, pero non é válido nunha democracia.

É unha situación insostible; insostible en todos os termos e acepcións que un queira ter da palabra insostible. É insostible non soamente por todas as cuestións que se dixeron aquí de persecución de liberdade de prensa, de liberdade de expresión, algo fundamental cando un está estudando a carreira de xornalismo. Como é para un médico ese xuramento hipocrático, éo tamén para alguén que vai ser un informador, un profesional da información, saber que vai contar con esa liberdade de expresión, esa liberdade de prensa, nun país occidental como é o que temos. Supoñemos que non estamos noutro no que teñamos que criticar a súa falta de liberdade, pero aquí, aquí, está pasando, e está pasando de forma ininterrompida desde hai xa quince anos.

A lei está caducada. A propia acción do director, que podía estar renovado nun período de cinco anos máis do que el tivo, está excedendo, e non sabemos nada do que queren facer con esta televisión, que, por certo, nin sequera é capaz de cumprir cos acordos da Mesa de Normalización Lingüística ou cos propios que teñen, como dicía antes, coa Lei Valentín Paz-Andrade.

Falando agora de infancia, soamente o 6 por cento do que vén sendo a programación infantil se fai en galego, fronte ao 23 por cento que o está facendo a Televisión catalá, por exemplo.

Pero dicimos que é unha situación insostible en todos os ámbitos polos acosos, por todos os traballadores apartados de funcións que foron vítimas dalgunha represión, polas baixas por depresión, polas denuncias por un *mobbing*. Todo isto está reflectido nunha serie de denuncias que ten acumuladas a Radio-Televisión de Galicia; unha delas, por certo, curiosa. Hai un equipo de 30 directivos —que son nomeados 30 directivos de alta dirección—, e un



deles, a piques de xubilarse, denunciou a compañía de Radio e Televisión de Galicia. Denunciou e gañou, porque o xuíz estimou que, efectivamnete, non era unha persoa que estivese coma un alto cargo, senón que tiña un status de traballador laboral. Cento setenta e tres mil euros custou esa indemnización. E agora imos ver que pasa cos outros vinte e tantos traballadores que están nesa mesma situación. Como empecen a demandar haberá que pagarlles, seguramente, porque están do mesmo xeito que estivo este traballador que, a piques de cubrir a súa xubilación, decidiu denunciar a Radio e Televisión de Galicia.

Pero hai máis cuestións deste tipo. Falabamos aquí de alguén que foi contratado como directivo, pero temos tamén contratos de traballadores, de auxiliares de informativos que ata 52 veces se lles renovou o contrato como unha cuestión de temporalidade e que tamén gañaron a súa praza denunciando ante a xustiza galega esa forma tan inusual e, desde logo, tan pouco digna de ter contratados os traballadores. Ou aquela outra traballadora, unha auxiliar que solicitaba un permiso de conciliación que lle foi denegado e tamén tivo que recorrer á xustiza para poder facer valer os seus dereitos dentro da Compañía de Radio e Televisión de Galicia.

Eu creo que, de todas as formas, é algo que se se conta fóra de aquí é difícil de crer. É difícil de crer como unha televisión que nace evidentemente cunha vocación de servizo público e, sobre todo, dando servizo ao que é unha lingua común, como é o galego, pode ter esta desidia e pode ter este usufruto *ad eternum* que o Partido Popular decidiu imperar sobre a Televisión de Galicia.

É ben certo que, como se dicía aquí, vostedes piden liberdade de expresión noutro tipo de medios —que queríamos saber nós cales son estes—, pero aquí queda moito por practicar. E queda moito por ver en que medida poden ser capaces de solventar esta situación, cando hoxe sabíamos que esta compañía, a Televisión de Galicia, caía un trinta por cento na enquisa xeral de medios. É dicir, non vale xa que digan que é unha televisión que ten un uso público ou que ten tamén unha participación da cidadanía, que é unha televisión na que os galegos se ven reflectidos. Non, caeu o trinta por cento de programación con respecto á última enquisa xeral de medios.

Polo tanto, seguramente estea na súa man decidir, coa esa maioría e con este rodillo absoluto que teñen, que van facer coa Radio e Televisión de Galicia, que van facer con toda esta plantilla de traballadores. Que, por certo, falaban hoxe aquí do talento galego. Non quixeramos contar o talento de xornalistas, de cámaras, de creadores audiovisuais que a Televisión de Galicia, por falta de proxecto, por non ter nin sequera unha visión de futuro sobre o que é a súa programación, está tirando pola borda ano, tras ano, tras ano. Xornalistas e creadores audiovisuais que se van de Galicia e non teñen nin unha mínima oportunidade de traballar dentro da propia Televisión de Galicia.

Nas súas mans está. Nós apoiaremos esta moción, que entendemos que se ha de repetir. Sobre todo nas comisións que teremos en breve seguramente teremos preguntas sobre o que está a acontecer. Pero, desde logo, é unha cuestión indigna que para unha nación cunha lingua propia teñamos que estar asistindo a esta cuestión tan falta de democracia como tan útil podería ser para todos nós.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona Carmen Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Señora Rodil, falaba eu esta mañá na miña primeira intervención neste pleno de que a tolerancia á frustración ten remedio. Non se alporice tanto vostede. De verdade que baixando un pouco o ton vai ver como as cousas van moito mellor.

Miren, se queren vostedes, en vez de ter o señor Aymerich polo Bloque Nacionalista Galego nas tertulias, cámbienlo polo señor Santos, que agora que é candidato nas listas para as europeas seguro que encaixa moito mellor.

Señora Longueira, volvo facer alusión a Lugo. Non é porque teña ningún afán territorialista, pero falando de caza de meigas entérese do que está a pasar no Concello de Lugo co tema dos empregados e das persecucións.

En fin, asistimos hoxe a un novo episodio da campaña de deslexitimación da CRTVG por parte do grupo do Bloque Nacionalista Galego, con constantes ataques, descualificacións, sinalamento de xornalistas... Porque é un medio independente que non se somete ás imposicións ideolóxicas dun partido que non acepta a crítica da opinión pública. Unha campaña coa que tenta coaccionar e interferir nun medio de comunicación poñendo en marcha a súa factoría de bulos e desinformación. A ver, interferencias, as do BNG nos tempos do señor Quintana. ¡Esas si que eran interferencias, señora Rodil! Porque a verdade, a partir de datos obxectivos e non de rumores o de xuízos de valor, é que non existe nin unha soa sentenza, resolución ou ditame que respalde as súas acusacións de suposta manipulación; nin dos tribunais, nin na valedora do pobo, nin da Xunta Electoral, que desde o 2009 nunca emitiu ningunha resolución que considerase que se fai un uso electoral ou partidista da CRTVG, fronte ao que ocorría na etapa do Bipartito.

¿Con que lexitimidade se arroga o Bloque Nacionalista Galego o dereito a falar en nome dos traballadores e traballadoras da CRTVG? Ao mellor considera que pode falar por algúns, pero non é o voceiro do conxunto dos profesionais dos medios públicos de Galicia. A CRTVG ten preto de novecentos traballadores, mentres que a cifra de participantes nesas protestas chamadas «Venres Negros» non chega nin ao seis por cento da plantilla.

A súa máquina de bulos tamén fabrica casos de suposta persecución a traballadores. A verdade, tamén baseada en feitos obxectivos, é que os tribunais déronnos a razón á CRTVG nas demandas presentadas por varios traballadores que sostían que o seu traslado respondía a represalias. As sentenzas demostran que todas as acusacións vertidas contra a CRTVG son falsas, como as acusacións de acoso laboral, cando non hai nin unha soa sentenza nese sentido.



O PSdeG súmase de xeito entusiasta aos seus bulos que, por outra banda, son unha práctica habitual do sanchismo, que pretende repartir carnés de bos e malos xornalistas. Aí están as denuncias dos profesionais por insultos, por vetos ou por negarse a responder as súas preguntas. Agora, a intención de Pedro Sánchez e tomar medidas para controlar os medios de comunicación; supomos que tamén a CRTVG. Non poden ocultar que a súa aspiración é colocar á fronte da CRTVG un socialista con carné, como fixeron en CRTVE, e colonizar así unha institución máis situando algún amigo. Xa o dicía a nosa voceira, Paula Prado, na súa intervención anterior: axencia EFE, CIS, Consello do Estado, Fiscalía e tantos outros organismos. Queren converter a CRTVG nunha CRTVE, que é capaz de poñer o seu *prime time* ao servizo de Pedro Sánchez ao rematar os seus cinco días de pseudorreflexión en plena campaña das catalás, cunha entrevista que foi denunciada ante a Xunta Electoral, quen condenou a corporación pública española a entrevistar tamén co mesmo formato e horario representantes doutros partidos políticos.

En CRTVE si que se incumpre a lei. Primeiro poñen a dedo unha administradora única, nomeamento que despois o Constitucional considera nulo. O seguinte ten que marchar por non soportar as presións ás que o sometían. Na terceira tamén saltan a legalidade, atribuíndolle máis competencias das que contempla o Estatuto da CRTVE, o que foi denunciado ante os tribunais. Ata chegar a unha militante socialista que tivo como primeira misión intentar sacar adiante un contrato millonario cun presentador porque lle gusta a Sánchez, quen quere contraprogramar a doutra canle que considera de *fachosfera*.

O nomeamento do director xeral da CRTVG é legal e, ademais, foi consensuado co PSdeG; aínda que cada vez que chega un novo secretario xeral —o que ademais acontece cada pouco tempo neste grupo— cambian de criterio, co cal é difícil saber o valor da súa palabra cando pechan un acordo. A competencia do Estatuto profesional é do Consello de Informativos —non é do director xeral— e do Consello de Administración, onde hai unha persoa elixida por proposta do Bloque Nacionalista Galego. Non hai ningunha razón obxectiva para censurar, como levan facendo vostedes desde hai tempo, o director xeral da CRTVG.

É unha institución, ademais, ben valorada pola cidadanía e que cumpre unha importante misión de servizo público. Forma, informa e entretén ao tempo que difunde a lingua e a cultura de Galicia por todo o mundo. Os últimos datos do Estudo Xeral de Medios, os da primeira ola do 2024, seguen situando a TVG como líder en Galicia e entre todas as televisións autonómicas.

É unha corporación que está a desenvolver procesos de estabilización do seu persoal. A temporalidade era dos tempos do Bipartito, señora Rodil, non dos tempos de agora. De xeito que cando rematen practicamente o cen por cento terá consolidado o seu posto. Unha empresa saneada que pecha con superávit e que non ten débeda bancaria. Unha radiotelevisión pioneira entre todas as autonómicas nas emisións en alta definición e que a comezos deste ano puxo en marcha unha plataforma OTT con máis de dez mil contidos audiovisuais aos que se pode acceder desde calquera parte do mundo.

Agora precisa adaptar a súa lei á realidade dixital, con grandes cambios tecnolóxicos e de normativa nos últimos anos, cunha nova lei de comunicación audiovisual, unha directiva



europaea de servizos audiovisuais e unha lei europea de liberdade dos medios de comunicación. Son moitos os retos nun mercado tan complexo como é o do audiovisual para manter a competitividade e ofrecer o mellor servizo público, dando resposta ás demandas da cidadanía, que mudou de hábitos e de xeitos de consumo audiovisual.

Nada disto é importante para vostedes. Non lles preocupa o futuro dos medios públicos galegos. Só intentan desacreditalos e danar a súa imaxe. Non é a primeira vez que o Bloque Nacionalista Galego pretende interferir no traballo dos profesionais da TVG. Cando gobernou co PSOE o entón director xeral da cota Socialista tivo que dirixirse por carta ao vicepresidente do BNG porque desde este departamento, dicía textualmente, «entorpeciase ata límites dificilmente soportables o traballo que veñen realizando os profesionais dos servizos informativos da Televisión de Galicia, que afecta os criterios de profesionalidade, pluralismo, equidade e independencia».

Non teñen, nin antes nin agora, o máis mínimo respecto polos traballadores da CRTVG, aos que consideran xornalistas que se deixan manipular. Tratan de vetar moderadores en debates, atácanos en redes sociais e aproveitan calquera plataforma ou institución para cuestionar a súa credibilidade. O seu coordinador de comunicación publica en Twitter caricaturas e insultos aos xornalistas da CRTVG, aos que chama «estómagos agradecidos». A súa senadora lanza falsas acusacións na Cámara Alta e describe a CRTVG como unha empresa que maltrata os seus traballadores e traballadoras. A súa eurodeputada pide respecto e defende a corporación catalá TV3 cando se presentan peticións para investigar a súa pluralidade, mentres intenta que si se investigue, e canto antes, a CRTVG, faltando á verdade. No Parlamento de Galicia, cada vez que se achegan eleccións —agora as europeas— traen a mesma iniciativa unha e outra e outra vez para o cese do director xeral...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora POMAR TOJO: ...que o único obxectivo que ten é tratar de presionar e amedrentar os profesionais da CRTVG.

E a todo isto chámanlle «defender a Galega». Miren, señores e señoras, que o BNG defende a Galega é o bulo máis grande da súa factoría de *fakes*. (*Aplausos*.) Defender a CRTVG —e remato xa, presidenta— non é fotografarse detrás dunha pancarta; é respectar o traballo das e dos seus profesionais. Nós respectamos a CRTVG e os seus profesionais. Deixen xa de presionalos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei. Ten novamente a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de máis, quería agradecerlle o apoio ao Partido Socialista. Eu, señora Pomar, ao que non veño a este Parlamento é a psicoanalizarme; a apoiar e a alporizarme, moito. A min es-



pecialmente —supoño que aquí a cadaquén o que lle toca na súa profesión aínda lle toca máis— o que me alporiza é ver como arrastran os medios de comunicación públicos deste país polo chan e, con eles, as traballadoras e os traballadores da radio e da televisión públicas de Galiza. (*Aplausos.*) Porque o único que está facendo o Partido Popular desde que entrou pola porta da Xunta de Galiza é intentar converter a radio e a televisión públicas deste país no seu *cortijo*; facer como se os medios públicos de Galicia fosen seus, e son —volvo dicilo, como dicía ao inicio da miña intervención— de todas as galegas e de todos os galegos.

Permítanme que lles lea algo: «*De los hechos se desprende que la sanción disciplinaria es una represalia por las continuas acciones judiciales entabladas por el demandante frente a la demandada —un trabajador sobre a CRTVG— así como por su activa participación en el movimiento «Viernes Negros», lo cual constituye una vulneración del derecho a la tutela judicial efectiva en su vertiente de garantía de indemnidad y del derecho a la libertad ideológica del demandante*». Esta é unha sentenza —non é unha opinión— do Superior de Xustiza de Galiza, feita firme polo Tribunal Supremo, señora Pomar. Non é unha opinión, nin unha valoración do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Se isto fose de Radio-Televisión Española, ¿que estaría dicindo o Partido Popular? ¿Quen persegue traballadores?, ¿quen os veta?, ¿quen os manda facer pasillos?, ¿quen os senta nunha silla?, ¿quen os cambia de posto de traballo, nin sequera negociando esas condicións laborais única e exclusivamente porque non fan o que o Partido Popular quere que fagan na Radio e na Televisión públicas de Galiza?

Eu agradézolle algo que dixo ao principio da súa intervención sobre o señor Aymerich e o señor Santos, porque deixou claramente enriba da mesa como pensa o Partido Popular que se manexan as cousas na Radio e na Televisión públicas de Galiza: aquí hai cromos, *los reparto, los quito, los pongo; este es tuyo, este es mío...* (*Aplausos.*) Non arrastren máis a Radio e a Televisión públicas de Galiza polo chan. Respecten os oitocentos traballadores e traballadoras da Radio e da Televisión públicas de Galiza, perseguidos, como... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...sentenciou o Tribunal Supremo e o Superior de Xustiza de Galiza, por defender os seus dereitos laborais.

Vou rematar cunha cuestión. Dixo: «*tráena moitas veces*». *Y más que la vamos a traer; máis veces que pediremos aquí o cesamento do director xeral da CRTVG, que está posto a dedo, á marxe do que di a lei desde o ano 2011. E cambiaron pola porta de atrás a lei para facer legal o que non era legal. ¿A iso como se lle chama? ¿Como se lle chama a cambiar a lei porque non queren cumprila?, ¿como se lle chama? Non a cumpren no nomeamento e na escolla parlamentaria da Dirección Xeral da CRTVG, non se firmou nin o primeiro contrato-programa que recolle esa lei, non se creou o estatuto profesional, non se creou...*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...o Consello de Informativos, nin sequera crearon a Autoridade Audiovisual, que se prometía nun prazo de seis meses nesa Lei de medios 9/2011.



Deixen de arrastrar polo chan os medios públicos deste país, que non son propiedade do Partido Popular; pertencen ao conxunto das galegas e dos galegos. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Rodil.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei, neste caso do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Proposición do G. P. dos Socialistas, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a que leva o número 3797, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e a 7803, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Pérez López.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir tres novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:

<<4º. Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente, priorizando aqueles especialmente sensibles como o da limpeza.

5º. Impulso dunha normativa de Inclusión de Cláusulas Sociais en materia de Igualdade co obxectivo de as introducir transversalmente en todos os ámbitos de actuación administrativa en que sexa procedente, así como para aquelas circunstancias e situacións sociais, onde xuridicamente, for posible.

6º Impulsar a dignificación do traballo dos coidados a través dun reforzo da creación de prazas públicas para atención a dependentes e un programa específico para aumentar a participación dos homes no reparto das tarefas de coidados, con orzamento e obxectivos específicos encamiñados a reducir o desigual reparto da carga de traballo.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:



«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Promover políticas de emprego que impulsen a incorporación das mulleres ao traballo, en condicións de calidade, para poder alcanzar

a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

2. Mellorar aínda máis as políticas activas de emprego e, en especial, as dirixidas ao incremento da inserción e permanencia laboral de determinados grupos de mulleres con dificultades específicas, maiores de 45 anos, novas, sen cualificación ou con necesidades de recualificación, residentes no ámbito rural, con discapacidade, migrantes, etc.

3. Seguir impulsando políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos e, especialmente, en materia de coidados e en políticas de corresponsabilidade efectiva.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Para o PSdeG, a igualdade, ademais de ser un dereito fundamental, é unha cuestión de xustiza e constitúe unha necesidade social, e tamén para a nosa economía. A igualdade efectiva entre homes e mulleres é un obxectivo prioritario irrenunciable; é imprescindible para que as empresas sexan competitivas. Un modelo de competitividade baseado na calidade dos produtos e servizos non é posible, señoras e señores deputados, sen a igualdade real entre mulleres e homes nos centros de traballo.

Hoxe, señorías, en Galicia temos que reivindicar mellores salarios e mellores condicións laborais para que se elimine a fenda de xénero existente na nosa comunidade. Por iso, este grupo parlamentario insta este Parlamento a pór en marcha políticas de emprego que impulsen a incorporación das mulleres ao traballo en condicións de calidade, con contratos a tempo completo e de duración indefinida, e nas mesmas condicións que os homes para poder alcanzar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Tamén insta a mellorar as políticas activas de emprego, en especial, as dirixidas ao incremento da inserción e permanencia laboral de determinados grupos de mulleres con dificultades específicas —sabémolo todos—, as dirixidas ás maiores de 45 anos, ás mozas, ás sen cualificación ou con necesidades de recualificación, ás residentes no ámbito rural, ás discapacitadas, aos migrantes... Insta tamén a adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos, especialmente en materia de coidados, a dignificar o sector de coidados e a adoptar políticas de corresponsabilidade efectiva.

Presentaba —presentou— este grupo parlamentario unha proposición non de lei —debatida en marzo do ano 2022— na que se instaba a crear un observatorio de seguimento das medidas de emprego que persiga acadar a igualdade de mulleres e homes implantadas pola Xunta de Galicia, e que o citado observatorio dese conta das conclusións emitidas de forma



trimestral no Parlamento de Galicia, na comisión correspondente. Esta iniciativa foi rexeitada porque o Partido Popular votaba en contra e dicía que non era preciso gastar recursos públicos na creación dun observatorio cuxo obxectivo podía acadarse plenamente coa estrutura actual.

Vemos imprescindible botar man dos datos, señoras e señores do Partido Popular, para que comprobemos que os obxectivos non foron alcanzados con esa estrutura da que facían gala; unha estrutura que, por certo, acaban de descabalgalar suprimindo a Secretaría de Igualdade. Igualdade pasa a ter moito menos peso no organigrama do Goberno; un grave erro, un gran paso atrás para o Partido Socialista de Galicia, porque seguen vostedes o decálogo Ayuso. (*Aplausos.*)

No ano 2020, Feijóo aprobaba a estrutura —recorden— da Xunta de Galicia, integrando a Secretaría Xeral de Igualdade na Consellería de Emprego, co fin de apuntalar a igualdade laboral como un eixe de traballo do Goberno galego cara á eliminación das discriminacións, e agora inclúena na Consellería de Asuntos Sociais. —Detéñome un momento para saudar a todos os alumnos e alumnas que nos visitan neste momento.— Dicía que a inclúen na Consellería de Asuntos Sociais unha vez que eliminan a Secretaría Xeral de Igualdade. Eu digo, señores e señoras do Partido Popular, un traballo digno —vostedes sábeno, e a portavoz de Emprego tamén o sabe— protexe a igualdade de xénero, garante a igualdade de trato de homes e mulleres e a igualdade de oportunidades; pero non o ven ou non o queren ver.

Botando man dos datos que dicía, quero comentar que, a pesar da progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo, seguen persistindo fortes diferenzas por xénero na nosa comunidade autónoma, e o mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todos os ámbitos laborais. Por exemplo, a poboación activa masculina é superior á feminina, e hai 35.600 mulleres activas menos que homes.

Se falamos de poboación ocupada, observamos que hai grandes diferenzas por sexos: hai 42.500 homes ocupados máis ca mulleres. Preguntarannos como medimos estes datos. Pois para que despois o poidan contrastar: usamos a EPA, coa medida media anual do ano pechado, do ano 2023.

Se analizamos o número de persoas que se atopan en situación de desemprego, vemos que hai 7.100 homes menos. No referente á poboación inactiva, as diferenzas seguen constatándose: temos 138.900 inactivas máis. Temos que sinalar tamén que existe unha taxa superior das mulleres no desemprego: 1,7 puntos superior á masculina.

Se miramos os datos comparándoos coa media estatal, vemos que os datos aínda son máis preocupantes, porque, na taxa de actividade feminina, Galicia dista considerablemente das taxas de actividades doutros contextos, sendo a segunda comunidade autónoma con peores datos. Isto ten que ser corrixido polo Goberno galego, porque o diferencial é de case cinco puntos; 4,9, concretamente. Pero se miramos ás Baleares, a diferenza é de 10,9 puntos. Isto, señores do Goberno galego, ten que ser corrixido.

Por iso, este Goberno ten a obriga de adoptar medidas para favorecer o crecemento da taxa de actividade das mulleres e de seguir as recomendacións tanto da Unión Europea como de



todos os organismos internacionais, que ven no emprego feminino a oportunidade de crecemento económico, de eficiencia e de produtividade no mercado laboral.

Como dicía, as mulleres en Galicia somos máis, pero, en relación co emprego, temos menos oportunidades. O Goberno galego debe ocuparse desta segregación ocupacional —horizontal e vertical— que caracteriza o emprego nesta comunidade autónoma. Miren, máis do cincuenta por cento das mulleres galegas se atopan ocupadas no sector servizos, pero escoiten, na industria, a porcentaxe é só dun 30,5 por cento. Isto é moi negativo, porque sabemos que é o sector mellor remunerado e con mellores convenios colectivos. As mulleres representan pouco máis da cuarta parte da ocupación do sector industrial, e o Goberno galego, coas mans cruzadas neste tema. Na construción, soamente é un 1,2 por cento. Se falamos de segregación vertical, hai que dicir que só un 29,6 por cento dos postos de dirección e xerencia son ocupados por mulleres. Estes son os datos, deputados e deputadas.

A reducida presenza de mulleres —como dicía— en ocupacións como a industria ten que ser corrixida para conseguir esa igualación salarial, que despois vai repercutir tamén tanto nos salarios como nas futuras pensións das mulleres galegas.

Miren que curioso: a segunda causa —despois da xubilación— pola que unha persoa está inactiva son os labores da casa. Temos 144.900 mulleres inactivas por esta causa —labores na casa— e só 21.400 homes. Esta é a diferenza en Galicia, que tampouco parecía preocuparlle ata o momento ao Goberno galego. Espero que de aquí en diante se poñan a traballar.

A falta de corresponsabilidade no fogar eríxese como un dos principais factores que lastran as mulleres, que frean o seu acceso ao mercado laboral, e, cando están nel, minguan as súas carreiras profesionais, porque está ben que se estableza unha ensinanza gratuíta de 0 a 3 anos, pero, ¿quen leva os nenos a esa escola ou a esa gardería?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Diso tampouco se ocupa o Goberno galego.

Remato, señora presidenta, dicindo que por todo o exposto insto os grupos parlamentarios a que aproben esta iniciativa polo ben do mercado laboral galego, polo ben da competitividade, polo ben da industria, pero polo ben, sobre todo, das mulleres galegas. Por iso pido a aprobación desta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Dámoslle a benvida ao Parlamento de Galicia aos alumnos e alumnas do IES da Illa de Arousa. Benvidos vós e os vosos mestres.

Continuamos co debate da iniciativa. Neste caso, queda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Eu veño afónica tamén, en solidariedade coa ourensanía proponente e co presidente do Parlamento. En fin, a ver se damos chegado ao final.

Escribiu a feminista Rebecca Solnit unha idea esencial, que, baixo o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, debера atravesar todas as políticas públicas, que é: «a xustiza non pode existir sen igualdade». Sen igualdade laboral e económica non é posible termos unha sociedade xusta, e hoxe, non temos nin esa sociedade xusta nin tampouco un goberno que traballe pola igualdade; ao contrario, temos un goberno galego que está sendo un lastre —hai que dicilo con todas as letras— para as políticas públicas de igualdade. (*Aplausos.*) Por unha banda, porque non funcionan, son políticas fracasadas —e ímolo amosar con datos—. E, por outra banda, porque estamos vendo como neste novo mandato o Partido Popular está decidido a poñer o acelerador do desmantelamento das políticas de igualdade, como amosa esa decisión que hoxe mesmo contestaba o feminismo galego de rebaixar o rango da área de igualdade cargándose a Secretaría Xeral.

Nós insistimos: a xustiza non pode existir sen igualdade. Se non hai igualdade, polo tanto, non hai xustiza, cando, pese a ser ilegal desde hai moitos anos, a fenda salarial se mantén. Unha fenda salarial que en Galiza é do 18,7 por cento: 4.519 euros menos ao ano, que é unha porcentaxe que temos que dicir que apenas variou nos últimos anos; é máis, o que é a porcentaxe en si aumentou unha décima no último ano enteiro do que temos estudos, e a cantidade, se observamos da pandemia para aquí, aumentou. É dicir, que estamos a retroceder.

Non hai igualdade —polo tanto, tampouco hai xustiza— cando temos os traballos máis precarios, como amosa a maior temporalidade das mulleres galegas. Mentres a taxa de temporalidade nosa é do 29,9 por cento, a dos homes é do 18,2 por cento. Non hai igualdade e tampouco xustiza cando somos nós as que concentramos os traballos menos remunerados. Estamos absolutamente sobrerrepresentadas nas rendas máis baixas e infrarrepresentadas nos traballos de maiores cantidades económicas de remuneración. A mostra, o resultado é que dos ingresos das mulleres, o 40,2 por cento non chegaron sequera ao SMI. Polo tanto, é evidente que o empobrecemento é maior no caso das mulleres. E nin que dicir cando esta igualdade, ademais de pola cuestión de xénero, se agrava pola intersección doutras cuestións susceptibles de empeorar esta situación, como a discapacidade, a etnia, o lugar de vida, a idade e un longo etcétera. Polo tanto, en cuestións xerais e como idea xeral, non podemos máis que coincidir coa vontade que expresaba a voceira socialista, pero, respecto da súa iniciativa, temos un par de matices.

O primeiro —aínda que non se detivo na súa exposición, si que o fixo na exposición de motivos— é a lectura autocompracente, baixo o noso punto de vista, da reforma laboral do Estado. Nós entendemos que, analizados os datos, estes realmente amosan como non tivo o resultado agardado para as mulleres, por exemplo: a fenda na contratación indefinida entre homes e mulleres aumentou, tanto no global de contratos como na indefinida a tempo completo; porén aumentaron as mulleres que teñen contratos a tempo parcial. É dicir, de momento a reforma estabilizou ou agravou as fendas que existían no ámbito da contratación estable. E a segunda cuestión é que nos parece que os deberes que pon o Goberno son insu-



ficientes. É certo que co grao de autorrebaixa que aplica o Partido Popular pode parecer que así quizais lle desatemos unha certa reflexión, pero nós preferimos elevar o nivel de exigencia, e, por iso, presentamos unha emenda de adición con vontade construtiva, ampliando un pouco o foco para que vaia en dous sentidos: a responsabilidade pública que ten o Goberno galego, que é, por unha banda, a responsabilidade canto ás políticas públicas que arbitra, pero tamén a responsabilidade propia que ten a Xunta de Galiza como empregadora, xa que é unha das maiores empregadoras que hai no noso país

Por iso propoñemos traballar en tres eixos. O primeiro deles consiste en auditar a situación das mulleres nas contratacións públicas para avaliar realmente se se están a cumprir os convenios colectivos e se se están a respectar as condicións de traballo. Insistimos nisto en ámbitos especialmente precarizados, como o da limpeza, para que non teñamos que volver ver outra folga histórica, como a das mulleres do traballo de limpeza de Lugo, que tiveron que estar meses e meses de folga ata que conseguiron ver respectados os seus dereitos. En segundo lugar, propoñemos tamén que se impulsen, con ambición, as cláusulas de contratación pública de igualdade, algo que o Partido Popular decidiu non abordar de forma ambiciosa na última reforma da Lei de igualdade, e que non supuxo realmente ningún tipo de avance nisto. E, en terceiro lugar, queremos tamén impulsar a dignificación do traballo dos coidados. ¿Como? Pois a través dun reforzo na creación de prazas públicas de atención, sobre todo, a dependentes e a través dun programa específico que faga aumentar a participación dos homes nas tarefas de coidado, que se planifique con orzamento e con medidas concretas e obxectivos. ¿E por que facemos fincapé nisto? Pois facemos fincapé nisto porque precisamente hai apenas uns días que acabamos de ver o dato, malia a falta de datos que temos, en moitos casos, respecto do ámbito dos coidados.

Hai escasas semanas, a finais de abril, coñeciamos os datos da Enquisa estrutural a fogares, do Instituto Galego de Estatística, máis concretamente do Módulo de dependencia, que se fai cada certo tempo —a primeira destas enquisas foi feita no 2007; houbo outra mostra no ano 2011 e outra no ano 2017—. E, por primeira vez desde que hai datos, é dicir, por primeira vez desde 2007, vemos que diminuíu o número de homes responsables de coidados de dependentes. É dicir, vemos que retrocedemos e que outra vez se está a ver como unha nova crise económica, como foi a da pandemia, impacta negativamente nas mulleres, e que somos cada vez máis as mulleres que seguimos a soste a falta de servizos públicos do Goberno do Partido Popular. E a proporción de homes, entre os coidadores, que creceu en 2007, que creceu en 2011 e que creceu en 2017, por primeira vez desde que temos datos decreceu. Nos datos de 2023, a porcentaxe que supón os homes coidadores diminuíu, por primeira vez, ata o 34,4 por cento. Repito, a porcentaxe que supón os homes coidadores diminuíu. Iso quere dicir que algo falla; que, evidentemente, as políticas de concienciación do Goberno galego fallan; que as políticas de apoio do Goberno galego fallan e que nos lastran tamén, porque, ademais, cada vez están máis débiles os servizos públicos.

A nosa reflexión, despois de coñecer estes datos, é que algo falla: falla a carencia que temos nos servizos públicos, pero tamén as políticas de igualdade. Por iso non nos parece suficiente apelar ao cumprimento da lei e pensamos que hai que ir máis alá, e que hoxe, máis que nunca, vemos que a igualdade lexislada non se corresponde cunha igualdade real e que, ademais, se están a normalizar os retrocesos que nos queren retrotraer á caverna. Estamos nun



contexto en que hai quen abraza o discurso de que as mulleres xa avanzamos bastante, cando a realidade, a realidade dos datos e a realidade obxectiva o que nos din é o contrario, isto é, que estamos volvendo a retroceder.

Polo tanto, apelando, unha vez máis, a que a xustiza non pode existir sen a igualdade, nós queremos e acreditamos nunha Galiza xusta, na cal as mulleres sexamos libres, vivas e iguais. E por iso presentamos esta emenda con vontade construtiva.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

¿Que tontería é esa, señora Rodríguez e señora Presas, de que estamos restando importancia á igualdade en Galicia coa reorganización da Xunta de Galicia nestes momentos? Ao contrario, unha secretaría xeral deu para dúas direccións xerais: moito máis peso e moita máis defensa das mulleres nestes momentos, e dúas persoas con moita experiencia para promocionar a igualdade e para loitar contra a violencia de xénero. ¿Que pasa? Que se no Partido Popular facemos A, vostedes piden B; e se no Partido Popular facemos B, vostedes piden A.

Miren, eu vou facer «un señora Rodil» esta tarde: ¡respecten as mulleres galegas, señorías, e deixen de arrastrar polo chan as políticas de emprego do noso país, porque están a faltar á verdade!

Empezamos ben; empezamos ben este curso, ¿non? Estamos aínda no segundo pleno desta lexislatura e xa temos o Partido Socialista retorcendo os datos de emprego.

Señora Rodríguez, partimos da base de que queda moito por avanzar para acadar esa igualdade en materia de emprego por parte de todas as administracións, non só da Xunta de Galicia. Eu creo que niso coincidimos todos, pero resulta increíble ver como retorcen os datos co único obxectivo de facer dano ao Partido Popular; e non llo están a facer ao Partido Popular, estalle a facer dano a Galicia, porque están obviando a verdade, obviando a realidade e enganando todos os galegos. *(Aplausos.)* Mire, cada vez que falan de emprego dedícanse a facer contorsionismo matemático coas cifras, pero aquí está esta bancada e, pleno tras pleno e comisión tras comisión, iremos detallarlle a realidade dos galegos e a realidade de Galicia.

En relación coa fenda na taxa de actividade entre mulleres e homes, *(A señora Pérez López mostra un documento que contén un gráfico.)* señora Rodríguez, ¿ve esta barra vermella? Esa



barra representa o final nefasto do Goberno bipartito —o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego—. A fenda era do dezaseis por cento; co Partido Popular esa fenda baixou ata o oito por cento, é dicir, exactamente a metade da que vostedes tiñan. (*Aplausos.*) Eses son os datos reais, señorías, e ese é o froito das políticas do Partido Popular. O resto do que nos están dicindo aquí son contos, nin máis nin menos.

Mire, eu vou darlle algún dato máis e imos falar do contexto porque nos afecta moito e porque, ademais, hai diferenzas importantes a favor de Galicia, que vostedes non contan e que teñen que saber e coñecer os cidadáns.

Canto á fenda de xénero en relación coa taxa de actividade, Galicia está dous puntos mellor que a media española e tres puntos mellor que a media europea.

En relación coa taxa de ocupación feminina, no Bipartito estabamos seis puntos peor que hoxe, é dicir, traducindo: con vostedes había menos mulleres ocupadas en Galicia. (*Aplausos.*) Pero, ademais, a taxa de ocupación das mulleres galegas está dous puntos por enriba da media estatal. ¿Como lle ocorre dicir que, en termos de ocupación, as mulleres galegas levan a peor parte? As mulleres galegas están dous puntos por riba da ocupación a nivel estatal. E reducimos en dez puntos a fenda na ocupación entre homes e mulleres: de dezaseis puntos, con vostedes, a seis puntos, co Partido Popular no día de hoxe; polo tanto, en Galicia hai maior nivel de igualdade na ocupación.

En canto á taxa de paro das mulleres, (*A señora Pérez López mostra un documento.*) en Galicia, co Partido Popular, é de 10,92 por cento, e seguirémola baixando, señorías; en España, co Partido Socialista, é de tres puntos máis, é dicir, do 13,73 por cento. Son datos, e datos reais, señorías. E todo isto nun contexto en que a cifra de mulleres activas medrou: 6.500 no último ano.

E, ademais, reduciuse a inactividade. Falaba vostede da inactividade desde 2010, desde que hai datos publicados —¡bueno!, desde que goberna o Partido Popular tamén—, as mulleres que permanecen inactivas por responsabilidades familiares reducíronse á metade en Galicia. Hai outro dato: as mulleres en Galicia están consolidadas no mercado de traballo nos niveis educativos máis altos. ¡Algo estaremos facendo ben —digo eu— no Goberno galego! O 56 por cento das persoas activas con estudos superiores en 2023 foron mulleres.

Esta é a verdade e a realidade de Galicia por moito que vostedes queiran trasladar o contrario. Xa estamos habituados a que o Partido Socialista en Madrid governe en prosa e en Galicia faga oposición en verso, porque vostedes o que en España venden como grandes avances do señor Sánchez, en Galicia, o mesmo e con mellores datos, intentan ocultalo aos galegos e venderlles que aquí se producen retrocesos. Pois non é así, señorías. As mulleres teñen futuro en Galicia a pesar do Bloque Nacionalista Galego e a pesar do Partido Socialista. (*Aplausos.*) E este Goberno vai seguir traballando con elas e por elas.

Miren, aquí nin maquillamos nin escondemos as cifras: nós non somos o Goberno do señor Sánchez cos fixos-descontinuos e nós non presumimos de cifras que non son reais; cifras que non son reais: esa é a pegada da reforma laboral da cal vostedes tanto presumen. Eu



creo que deberían mudar esa forma de facer oposición ao Goberno galego e deixar de retorcer os datos. Primeiro, porque mentir queda feo e as verdades a medias tamén son mentiras. E, segundo, porque intentar enganar os galegos xa se demostrou que non é unha opción. Recorden o 18 de febreiro: Partido Popular, corenta escaños; Partido Socialista, nove escaños. Esa foi a lectura dos galegos. (*Aplausos.*)

E pasamos das matemáticas creativas do Partido Socialista ao club dos que chegan tarde, do Bloque Nacionalista Galego. Eu doulles a benvida. O Goberno alternativo, como se fan chamar agora, en vez de Bloque Nacionalista Galego, comeza pedindo unha nova normativa para a inclusión de cláusulas en materia de igualdade en todas as accións administrativas posibles; esa normativa xa existe. Vostede nomeou a Lei de igualdade e, ademais, existe (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¿sabe o máis importante?— a pesar de vostedes, señorías, porque o seu independentismo —o independentismo do Bloque Nacionalista Galego— non lles permitiu votar a favor da Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. ¡Revísena! Ambición si, señora Presas: nas cláusulas en materia de contratación, nas cláusulas en materia de subvencións, na formación profesional para o emprego das mulleres, máis normativa no acceso á Administración pública etcétera, etcétera.

E mire, falou dun programa específico para aumentar a participación dos homes na repartición das tarefas de coidados. Eu quero pensar que non se estiveron a referir a algo como a isto: (*A señora Pérez López mostra un documento.*) a esa aplicación que fixo desde a Moncloa o señor Sánchez para contabilizar «*los quehaceres del hogar*». Miren, así non se mellora a igualdade e así non se mellora a corresponsabilidade, nin con propostas baleiras nin con ningunha das propostas que vostedes trouxeron hoxe aquí. A igualdade conséguese con respecto e con actuacións, e con medidas reais e con calado, como está a facer o Goberno galego.

Eu non lles vou negar que queda moito por facer, pero non lles vou permitir que digan que non hai nada feito. Hai políticas activas de emprego que está a aplicar de xeito eficaz a Xunta e que están a mellorar a empregabilidade das galegas e dos galegos.

Non teño tempo, porque agora reducimos a oito...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, efectivamente.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...—remato xa, presidenta—, pero, en definitiva, investimos máis de quiñentos millóns neste 2024 para garantir, señorías...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...máis e mellor emprego feminino, máis conciliación e corresponsabilidade e máis formación continua e adaptada. Ese é o aval desta bancada...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...e do Goberno galego.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Infórmame, novamente, o voceiro do Grupo Mixto de que renuncia á súa intervención.

Pasamos, entón, ao peche da proposición pola autora, dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, que dispón dun tempo de tres minutos.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Señora Pérez, é un papelón ter que defender hoxe neste plenario a supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e comparala coa creación de dúas direccións xerais. Toda muller feminista é consciente dese gran paso atrás do que advertiu o PSdeG, pero que comprende toda a sociedade galega feminista.

En canto a que desvirtuamos os datos, quero dicirlle que os datos non son nosos, señora Pérez, son da EPA, e foron medidos en media anual para non facer trampas, como di vostede.

¿Quere falar do Bipartito? Pois falemos do Goberno bipartito. Este incorporaba programas como o Plan Aurora —non sei se o coñece—, que incorporaba como principio reitor a igualdade de oportunidades, propiciando a adopción de medidas que fomentaban a conciliación da vida familiar e persoal. Este plan tamén velaba pola incorporación ao ámbito laboral das mulleres que se atopaban en situación de vulnerabilidade, con medidas como dotar os empresarios do metal, da construción ou do transporte dunha subvención de 7.500 euros por contratar esas mulleres en sectores que agora están subrepresentados, masculinizados e carentes de persoal, que non teñen persoal para facer obra pública, por exemplo, ou contratacións —como dicía— en moitas provincias, como en Vigo ou en Pontevedra, e tamén en Ourense —e vostede sábeo—. O Plan tamén establecía subvencións para as empresas que contrataban mulleres despois de ser nais, a inspección a máis de seiscentas empresas con elevadas taxas de emprego feminino ou a formación —como dicía— en sectores que estaban subrepresentados, como o Programa Muller, porque si.

A secretaria xeral de Igualdade —a entón secretaria xeral de Igualdade— hai pouco —foi hai uns meses, antes de convocar eleccións—, nun acto de Igualdade na Coruña, dicía que ían pór en marcha iniciativas para impulsar a presenza das mulleres en sectores masculinizados. ¡Por fin, despois de quince anos! Preguntámonos se vai quedar nun mero anuncio ou se o van facer.

Quero pronunciarme sobre as emendas porque xa me queda pouco tempo e dicirlle ao Bloque Nacionalista Galego que si que imos admitir as emendas números 5 e 6 —perdón, que si que é certo que os de Ourense hoxe estamos un pouco afónicos; o presidente esta mañá xa tamén o pasou un pouco mal—. Entón —como dicía—, imos admitir a 5 e a 6. En relación á auditoría, saben que nós queremos unha fiscalización dentro do público. E en referencia ás emendas realizadas polo Partido Popular, quero dicir que ten que mellorar o texto. O que si que queremos manifestar é o agradecemento a esa intencionalidade de mellorar as políticas



públicas activas de emprego. Espero que ao longo desta tarde poidamos chegar a unha transacción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben. Moitas grazas.

Continuamos agora co punto 4.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da dotación da nosa comunidade de trens AVRIL e da extensión da alta velocidade ferroviaria ao resto de cidades galegas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para defendela, por tempo de oito minutos, ten a palabra don Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

A ninguén lle escapa que dende a chegada de Pedro Sánchez á Moncloa en Galicia padecemos unha sucesión sistemática de incumprimentos, sobre todo no que se refire aos compromisos en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias que o Goberno central adquirira xa co noso territorio e que, sistematicamente, se foron incumprindo. Fóronse incumprindo os prazos e fóronse incumprindo tamén as partidas orzamentarias. En definitiva, parece que se castigaba a Galicia porque non gobernaban os socialistas.

Ante esta realidade, os galegos merecemos, por suposto, máis investimentos, pero tamén merecemos explicacións e exiximos tamén certeza. Sabemos que ás súas señorías lles molesta moito que digamos isto; a algúns moléstalles por esa mal entendida lealdade de partido que, realmente, é unha submisión absoluta ao que digan dende Ferraz e que lles impide alzar a voz e defender o que é bo para todos os galegos. E aos outros moléstalles porque despois de dicir que eran os socios preferenciais do Goberno de Pedro Sánchez, a clave do Goberno sanchista, a verdade é que vostedes pintan ben pouco, non conseguiron absolutamente nada e tampouco inflúen en moitas cousas, por non dicir en ningunha.

Pero a realidade innegable é que ese Goberno protagoniza un desprezo absoluto ante calquera reivindicación que, no ámbito das infraestruturas e da mellora da mobilidade, facemos dende Galicia. As autovías de titularidade estatal non conclúen nos prazos previstos e non avanzan ao ritmo prometido nin técnica nin orzamentariamente. Vémosto tamén coas incidencias, como foi a xestión por parte do Ministerio de Transportes do peche da autovía A-6 tras o desplome do viaduto. Demostran, con estes incumprimentos, que son incapaces de ofrecer solucións eficaces e rápidas aos problemas que acontecen nas estradas galegas.



Poden ignorar os galegos, señorías, pero hai un clamor de moitos cidadáns e alcaldes, incluso da maioría dos alcaldes do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista, de usuarios e de transportistas alertando da falta de conservación das estradas de titularidade estatal. Dixemos xa varias veces, sen éxito, que o Ministerio mente, que lle mente á Xunta de Galicia, e exiximos que dispoña dun plan de conservación periódico anual nas estradas nacionais.

O mesmo acontece cos grandes proxectos estratéxicos que dependen do Goberno socialista en Madrid. Din «non» ao AVE Vigo-Porto, e o corredor atlántico de mercadorías vai con anos de atraso sen atender as demandas reais de Galicia. Quixeron deixar, tamén, sen parada de bus e co novo mapa estatal 23 concellos da Galicia interior, que afectaba 136.000 galegos. Converten as autoestradas galegas de titularidade estatal, a AP-9 e A-53, nas máis caras de toda España e, non contentos, ademais, volven subir, ano tras ano, as tarifas, cando prometeron conxelalas.

En materia ferroviaria é o mesmo. Hai que indicar que dende a Xunta de Galicia, dende este grupo parlamentario, vimos manifestando de forma reiterada, directa e contundente a nosa opinión sobre esta situación na que se atopan as infraestruturas e os servizos ferroviarios de Galicia. Nesa liña vimos reclamando con insistencia a necesidade de que a oferta dos servizos ferroviarios en Galicia responda á demanda dos galegos e que esa oferta de servizos de tren garanta o noso dereito á mobilidade. Por iso, temos solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, incluído o restablecemento dos trens hotel con destino e orixe en Barcelona e Madrid.

No que atinxe ao AVE e á súa chegada ao resto das cidades galegas, o único certo ata o momento é que Ferrol e Lugo quedan fóra desa rede. Ferrol, porque a variante de Betanzos aínda non está feita, e Lugo, polos recortes aplicados polo Goberno central nas obras de mellora que se están a facer na provincia. É que os trens AVRIL, que xa deberían estar a prestar servizo, aínda non o fan, a pesar das moitas promesas que ata o momento foron reiteradamente incumplidas. A última data é o vindeiro 21 de maio. Se é así, veremos como é a súa entrada en funcionamento; unha entrada en funcionamento vital, porque estas unidades de trens de ancho e desprazado son a única opción para que a alta velocidade, ademais de na cidade de Ourense, preste servizos nas cidades da Coruña, de Santiago, de Vigo e de Pontevedra. Xa dixemos, avalados por unha análise que se fixo, que Galicia precisa de sete unidades para acadar unha conexión competitiva con Madrid.

Hai que apostar pola alta velocidade, por suposto, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, que teñen unha importancia capital para garantir a mobilidade dos cidadáns. Para revitalizar e vertebrar o interior de Galicia é preciso mellorar as infraestruturas ferroviarias, modernizando as instalacións e os trens, ampliando a oferta de prazas, contando con persoal cualificado necesario, así como impulsando a intermodalidade para ofrecer un mellor servizo aos cidadáns e adaptando, por suposto, este servizo ao que están a requirir as súas necesidades.

En xeral, os servizos ferroviarios en Galicia están nunha situación, cando menos, deficiente. Un exemplo significativo de precariedade é a liña de Ferrol-Ribadeo-Xixón: falta mante-



mento, a calidade do material rodante, que é obxecto de continuas avarías que obrigan a suspender o servizo, e tamén falta persoal. Outro exemplo é a liña do Miño, a que vai de Vigo a Ourense. Tamén hai que mencionar os continuos problemas que se están a dar —retrasos, avarías ou falta de prazas— na liña da Coruña a Vigo.

No que atinxe ás infraestruturas ferroviarias, tamén hai que denunciar a falta de investimento por parte do Goberno central. Así, por exemplo, está pendente a modernización do tren Ferrol-A Coruña, a execución da variante por Cerceda ou da saída sur, que é imprescindible para o AVE Vigo-Porto, que tanto tempo levamos reclamando. Sobre o AVE a Portugal, hai que contraponer a aposta que está a facer Portugal por esta conexión Vigo-Porto-Lisboa fronte ao Goberno español, que non fai máis que demoralo no tempo.

Por iso, señorías, nós o que pedimos é o apoio á nosa iniciativa. Nós queremos que o Goberno de Galicia se dirixa ao Goberno de España para demandar a dotación, canto antes, dos trens AVRIL na nosa comunidade en número suficiente para garantir que o AVE chegue ao resto das cidades galegas e que veñan acompañados dunha mellor oferta de frecuencias que garanta un servizo de calidade e competitivo. É verdade que só con esta dotación de trens AVRIL non se vai acabar con esa marxinación e con esa discriminación que está a facer o Goberno central respecto a Galicia, pero si que, seguramente, moitísimos cidadáns, se esta dotación de ferrocarrís vai acompañada do incremento de frecuencias, van poder beneficiarse dunha mellora tanto nos tempos como tamén na capacidade dos trens, o que vai permitir que moitísima xente non quede nas estacións por non ter praza.

Por iso, señorías, volvemos pedir a todos os grupos da Cámara que apoiem unha iniciativa que nos parece sensata, que nos parece que é o mínimo que ten que cumprir o Goberno central con Galicia e, en definitiva, que é bo para toda Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Tras a renuncia ao turno de palabra por parte do Grupo Mixto, ten a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde.

Pensei que viñamos falar só de trens AVRIL e non de infraestruturas en xeral.

«Pedro Sánchez enganou a Galicia», este é o arranque da súa proposición non de lei. E, a verdade, poderíanse aforrar o resto da exposición de motivos, porque a única pretensión é, novamente, criticar o Goberno e o seu presidente.

No escaso tempo que levamos de lexislatura oín mencionar a Pedro Sánchez en infinidade de ocasións, o que me fixo dubidar de se fora elixido parlamentario aquí no Hórreo ou na



carreira de San Jerónimo. Presumen de corenta deputados, de maioría absoluta para gobernar, de confianza dos galegos, etcétera; pois oxalá dedicasen un pouquiño máis de tempo a gobernar, a traer solucións para os problemas de Galicia, e menos a facer de altofalante do xefe político que os abandonou un día de abril de 2022. (*Aplausos.*)

Este encabezamento valeríalles para traer aquí calquera asunto. O paraugas da demagogia é deses moi amplos dos campos de golf e ampáranse nel todos os temas. A memoria do PP sempre foi moi fráxil, tanto como a falta de coherencia e de lealdade institucional; lealdade institucional da que podemos presumir os socialistas, demostrada de forma moi extensa ao longo dos anos —precisamente agora que se cumpren cinco anos de que Rubalcaba nos deixase; exemplo, como poucos, de lealdade institucional—.

Relendo as intervencións da pasada lexislatura, traio aquí o que lle contestaba a deputada socialista Patricia Otero ao deputado Popular señor Balseiro. ¿Que sería de vostedes sen APP, sen AVE, etcétera? Porque canta razón tiña a deputada compañeira de partido, a señora Otero, ao dicir isto. Hoxe, tempo despois, seguen vostedes coa mesma matraca.

A historia do AVE, deputado, é moi completa e, vostedes, se tivesen un pouquiño de vergoña política, deberíanse de calar ou ampliar o relato no que lles compete a vostedes. Os dous presidentes de goberno de España que tivo o PP, o señor Aznar e o señor Rajoy, cunha ministra de Fomento que asiste a todos os actos de Galicia, non foron precisamente os máis dilixentes coas actuacións que eran necesarias para Galicia. O trazado do AVE a Galicia —deputado— decidiuno o PP, sendo presidente Fraga, e é evidente que non deu cumprida resposta á estrutura territorial de Galicia. En tanto o AVE non teña, polo menos, conexión directa entre Madrid e a cidade máis importante de Galicia, Vigo, non se poderá afirmar con rotundidade que o AVE chegou a Galicia nas condicións que esta necesita. ¡Que hipocrísia! É ese o castigo á cidade de Vigo e ao conxunto da súa área metropolitana; esa, que vostedes —vostedes— tombaron por intereses políticos, é obra do Partido Popular.

Miren, no ano 2002 todo o Partido Popular apoiou a decisión de Álvarez-Cascos, da chegada da alta velocidade a Galicia en forma de T, illando Vigo, en lugar do L, que apoiaban todos os sectores económicos e sociais da cidade. Pero os socialistas, en contraste coas decisións do PP, foron os que deseñaron, trazaron e terminaron as actuacións. O Goberno de Zapatero, en 2010, aprobou a Declaración de impacto ambiental para a nova liña de alta velocidade Vigo-Ourense, por Cerdedo. Co cambio de Goberno, no ano 2011, do Partido Popular, a ministra Ana Pastor deixou caducar o Informe ambiental e non moveu un papel en cinco anos e tivo que ser, coa chegada de Pedro Sánchez ao Goberno, novamente un presidente socialista, que se volveuse comezar a tramitación, adxudicando, en maio de 2019, o estudo hidroxolóxico a Adif. En datas recentes, o ministro Óscar Puente confirmoulle ao alcalde de Vigo o compromiso do Goberno do Estado co proxecto Madrid-Vigo —Madrid-Ourense-Vigo—, directo por Cerdedo, sobre o cal o PP nunca manifestou o seu compromiso, e daba pena escoitalo a vostede.

Todo isto enlaza coa demagogia que practican vostedes e coa falta de recoñecemento que exhiben a diario co realizado polo Goberno de España; Goberno que traballou duramente para a chegada dos trens AVRIL —que é do que vimos falar—, que significan seguridade, mobilidade reducida e acurtamento dos tempos.



É evidente que os anos de pandemia da covid significaron dificultades para a realización de proxectos —a vostedes, como Goberno, tamén lles sucedeu—, e así o manifestaron en múltiples ocasións; e, en concreto, nos trens AVRIL, a esa dificultade uniuse a falta de subministración —como tamén ocorreu aquí—, e, o máis importante, o incumprimento dos prazos da empresa Talgo —cuestión que lle pode suceder a cada goberno—, pero aquí o Goberno do Estado actuou, nin máis nin menos, como lle correspondía na petición de indemnización —saiban vostedes que aínda que xa a coñecen—, unha petición de indemnización que está nos 166 millóns de euros.

Hai un aspecto moi importante na posta en marcha dunhas unidades de tan alta tecnoloxía, que é a seguridade. E aquí é onde deberían ser vostedes respectuosos e, algo máis importante, responsables. Esta mañá o conselleiro de Cultura pedía aquí paciencia —a que vostedes non practican— porque, como queira que esa seguridade debe incumbirnos a todos, é preferible chegar en condicións de absoluta seguridade; a rapidez e a celeridade que vostedes piden é unha imprudencia nuns rodantes que van a 330 quilómetros por hora. Pero non se preocupen, o xoves o ministro Óscar Puente chegará á Coruña... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, señora deputada— e presentará o Plan corredor Atlántico. Efectivamente, o Goberno manifestou que estas unidades se porán en marcha o día 21 de maio, en con-di-cións de absoluta seguridade e acurtando tempos; e algo moi importante, a oferta comercial que se lanzou, que tivo unha acollida moi importante, é a demostración do acertado desa redución.

En suma, señorías, é un Goberno socialista o que cumpre cos seus compromisos, aínda lidando con importantes dificultades, e seguro que o aprecian as galegas e os galegos. Con vostedes non contamos porque están no «non» permanente, e volven traer aquí esta enésima reiteración.

O 21 de maio será un día importante para Galicia, e seguro que triste para vostedes, que seguirán buscando obxeccións que poñer, pero os trens 106 —que é como debemos chamalos— chegarán o día 21. Terán que buscar outro motivo para falar de Pedro Sánchez, que non enganou os galegos, senón que, actuando desde o rigor, recoñeceu as dificultades. Iso si, a páxina da historia escribiraa no día 21 de maio, un socialista, Pedro Sánchez, como presidente do Goberno.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor Trenor, a verdade é que... *(O señor Ríos Santomé suspira.)* xa non sei se estar máis preocupado, se asustado ou se cabreado coa súa intervención porque esta denota que sabe cales son as necesidades e como está actualmente o sistema ferroviario no noso país.



E eu preguntome, señor Trenor: ¿é simplemente isto outra forma de intentar pelexar co Goberno de Pedro Sánchez ou realmente lles importa algo este país? Eu realmente preguntomo de verdade —preguntomo de verdade—, porque vostedes veñen hoxe aquí dar golpes de peito, como se o mundo empezase en 2018, señor Trenor. É que, ademais, imprimín unha serie de notas de prensa e de fotos porque xa sabía perfectamente por onde ía ir a súa intervención; non facía falta máis que ler a súa primeira frase. ¿Onde estaban vostedes de 2001 a 2004?; ¿onde estaban vostedes do 2011 ao 2018? Eu pódolle dicir onde estaba o señor Feijóo en decembro de 2011: (*O señor Ríos Santomé mostra un documento.*) ¡pedindo a Fomento que paralizase o investimento de case tres mil millóns de euros para o AVE galego! (*Aplausos.*) E, ¿por que? ¿Sabe por que o fixo, señor Trenor? Porque non lle parecía ben que ese investimento, esa licitación, eses contratos quedasen amarrados polo Goberno en funcións do señor Zapatero. Preferiron antepoñer o seu interese partidista a ter licitadas o máis axilmente posible as diferentes obras do AVE por valor de case tres mil millóns de euros; preferiron facer iso. ¿E que fixeron despois de sete anos de Goberno de «M. Rajoy», coa señora Pastor á cabeza desta responsabilidade? Deixar sen executar case a metade dos orzamentos que tiñan para isto e deixar paralizado por completo o AVE galego, señor Trenor, ¿Que veñen hoxe aquí pedir?; ¿que veñen hoxe aquí a pedir?

Eu dicíalle o outro día na Comisión, cando o BNG trouxo un tema moi similar a este, sobre os servizos ferroviarios do noso país, que sufrimos as tres «des» históricas: a débeda histórica que teñen todos os Estados españois, todos os gobernos do Estado español, que pasaron por esta mal chamada —¡bueno!, en fin—... por esta transición modélica e esta democracia consolidada que é o Goberno do Estado español; a débeda histórica que ten co noso país; o desprezo a este país e o déficit en investimentos en infraestruturas, porque non só podemos falar dos servizos ferroviarios: tamén podemos falar da AP-9, podemos falar da saída sur de Vigo..., ¡podemos falar de tantas cousas, señor Trenor!

Vostedes estaban gobernando cando se reducían as frecuencias e os horarios do servizo ferroviario; vostedes gobernaban cando despediron no ano 2013 as persoas que estaban na billeteira do Feve, señor Trenor. Supoño que lles mandará tamén saúdos a esas persoas que despediu o Goberno de Mariano Rajoy e que tamén contribuíron para que o FEVE fose o que é no día de hoxe.

Señor Trenor, vostedes teñen un problema moi grande; un problema moi grande de credibilidade neste país porque só utilizan as necesidades imperiosas que ten este país como arma arreboladiza contra o Goberno de Pedro Sánchez, e, ao final, non fan máis que reafirmar o seu corte centralista e, sobre todo, afondar na característica colonial, no carácter colonial, que ten o noso país. ¿Por que o noso país non pode ter un servizo ferroviario que funcione, señor Trenor?

Aquí a alta velocidade que coñecemos é á que marchan os mozos e as mozas galegas deste país: marchan a moi alta velocidade por falta de oportunidades; (*Aplausos.*) o noso aforro tamén marcha a alta velocidade do noso país, se non se inviste aquí; a nosa enerxía, a nosa carne, o noso peixe marchan a alta velocidade deste país... (*Aplausos.*) E, sen embargo, hoxe, para unha persoa do Morrazo —coma min, por exemplo— élle máis fácil e máis rápido chegar a Madrid en transporte público que a Lugo ou que a Ferrol. ¡Ese é o país que temos, ese



é o país que temos! E vostedes intentarán dicir que o AVE é prioritario, simplemente por unha cuestión partidista, porque —entenden— pode facer máis dano ao Goberno do Partido Socialista. Quero oír tamén o Partido Socialista, porque non é só falar, tamén hai que cumprir; non é só prometer, tamén hai que cumprir moitas cousas. Por iso dicía que ningún goberno que pasase pola Moncloa cumpriu con este país.

Iso é o que pasa, mentres os nosos servizos ferroviarios interiores están completamente desmantelados, onde a «intermodalidade» é simplemente o nome que poñen vostedes ás estacións; iso é o que pasa, mentres que o único que lles interesa é poder conectar dunha mellor forma o noso país coa Meseta, co Estado. É que esa mentalidade centralista o único que nos deixa aquí, ao final, é máis pobreza, menos servizos de mobilidade, menos servizos ferroviarios e, realmente, o único que vemos aquí é un «pim, pam, pum» entre o PP e o PSOE, «a ver que se pode sacar», «a ver onde lle podo meter o dedo no ollo», pero, realmente, dos problemas dos galegos e das galegas pouquiño, pouquiño, señor Trenor. Porque lle dicía antes o tempo que se tarda en chegar dun lado para o outro, pero é que podemos velo tamén co propio transporte da Xunta de Galiza; podemos ver perfectamente como, ademais, esa suposta intermodalidade, esa conexión co AVE, faise en detrimento dos usuarios e das usuarias das diferentes liñas de autobús para, supostamente adecualas a ese AVE, en vez de ter servizos específicos que conecten as principais cidades do noso país con este servizo, ata que non chegue ao resto de cidades.

Dicía o señor Aznar, no ano 2001, que no ano 2007 xa teriamos alta velocidade entre Vigo e Coruña; o que tivemos despois, no ano 2015 —oito anos despois—, foi o media distancia, un pouco máis rápido. Non me fale de incumprimentos, señor Trenor, xa que aquí hai para todo o mundo.

E non podemos vir, unha vez máis, asistir aquí a golpes de peito dun e do outro lado, señor Font; non podemos estar orgullosos e darnos golpes de peito porque no ano 2024 chegue un tren do século XXI a este país. ¡Non se pode!, (*Aplausos.*) porque é unha falta de respecto aos galegos e ás galegas. E xa non me quero retrotraer a Abel Caballero, ¡vai máis de trinta anos!, dicindo o que dicía da chegada do AVE, ¿non? É que non se pode; non se pode xogar así coas necesidades dos galegos e das galegas, coas súas necesidades ferroviarias.

E nós, realmente —loxicamente—, imos apoiar esta iniciativa; ímola apoiar, porque, ao BNG, algo que o caracteriza é a coherencia, governe quen governe no Estado español. O BNG sempre defenderá os intereses dos galegos e das galegas —¡sempre!—, governe quen governe. (*Aplausos.*) Sen sectarismos. Preguntaba vostede que conseguimos. ¡Bueno!, hoxe o BNG conseguiu que se restablecese o último servizo do tren entre Lugo e Ourense, despois de que, vai dez días, Renfe o eliminase. ¿Onde estaba o Partido Popular?; ¿onde estaba o Partido Popular cando se suprimiu, e segue aínda sendo así, o tren-hotel con Barcelona? ¿Cantas iniciativas rexistraron no Congreso e no Senado? Eu non os vin alí. A quen vin foi a Néstor Rego e a Carme da Silva defendendo os intereses dos galegos e das galegas; a vostedes non os vin. ¿Estaban vostedes nas concentracións en Barcelona e nas concentracións en Lugo para exixir que se recuperase ese tren? (*Escóitanse palabras que non se perciben.*) Porque eu non os vin, señor Trenor.

Non se pode intentar traer aquí cuestións e dar que probar cuestións simplemente para satisfacer as súas necesidades de confrontar co Goberno do Estado, señor Trenor. Aquí hai moi-



tos problemas que atallar e un goberno que se diga goberno, un goberno serio, collería as rendas da situación que temos a nivel de transporte e transporte ferroviario, e non faría como o outro día na Comisión cando votaron que non a ter o ente público ferroviario galego...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...coas súas competencias transferidas.

Sexan Goberno por unha vez na vida, tomen as rendas desta situación e non queden simplemente co «pim, pam, pum» e co malo que é Pedro Sánchez. Actúen, se realmente lles importa este país. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición.

Por tres minutos ten novamente a palabra don Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señor López Font, vostede pretende que todos os galegos creamos que levan seis anos de atrasos en relación co AVE e en relación coa incorporación da nova maquinaria debido a cuestións de seguridade. Francamente, creo que ten pouco percorrido o seu argumento. Nin os seus —¡nin os seus!— cren o que vostede acaba de dicir. Pero, bueno, menudo papelón o seu, porque, claro, vostede tiña que vir aquí e defender o que está a facer o Goberno central, aínda que sexa lesivo para os intereses de Galicia, e á súa vez tamén tiña que defender o que facía o seu xefe hai tres décadas, que xa anunciaba que o AVE ía ser unha realidade grazas ao seu traballo. Tres décadas despois non chega. Eu espero que na súa cidade, en Vigo, as cousas no tarden tres décadas en levarse a cabo porque, se non, imaxino que os atrasos serán tremendos.

Pero vostedes enganaron sistematicamente unha e outra vez. Temos aí a hemeroteca chea de anuncios de que ía chegar o AVE, de que ían achegar os trens AVRIL, temos a hemeroteca chea de puntualizacións aprazando esa chegada, temos incluso o anuncio acompañado de fotografías no que lles dan bicos aos trens..., e levamos así moitísimos anos. Co cal, ¡por favor!, non falte á intelixencia de todos os galegos e non nos diga que foi por cuestións de seguridade, porque non o cremos.

Señor Ríos, eu agradézolle o seu apoio, por suposto, ¿como non vou agradecerlo? Creo que, ademais, isto é unha continuación. Tamén o acordo que tivemos na comisión hai unha semana, onde lle reclamabamos ao Goberno central o restablecemento dos servizos que estaban suspendidos, o investimento nas liñas de ferrocarril convencional e, en definitiva, facer o que tiña que facer para que non teñamos que estar reclamando unha e outra vez. Porque este Parlamento xa aprobou moitísimas iniciativas reclamándolle ao Goberno central que faga o que ten que facer ou que, polo menos, deixe de maltratar a Galicia. Fíxoo hai un ano cunha proposición moi similar a esta que se aprobou por unanimidade, fíxoo tamén no de-



bate sobre o estado da Autonomía, onde se aprobou unha resolución, neste caso máis ambiciosa, e que contemplaba o da chegada do AVE a Galicia, onde tamén se contemplaba o dos trens AVRIL e tamén unha serie de investimentos en infraestruturas tanto de ferrocarril como doutras infraestruturas viarias. E foi aprobada co apoio de todos os deputados que estaban na Cámara.

Espero, en definitiva, que o Partido Socialista —que non o dixo— vote a favor disto, pero, á parte de votar a favor, o que si que lle pediría é que lles diga aos seus compañeiros de Madrid que estes acordos aos que se chega no Parlamento de Galicia hai que respectalos, que hai que cumprilos, e que non pode ser que por unha cuestión de auténtico desinterese ou de maltrato á nosa comunidade sigamos ano tras ano reivindicando ...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...o que xa tiña que estar feito hai moitísimos anos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Trenor.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que efectúe o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a 3796, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres, e a 3800, unha autoemenda do Grupo Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno central:

1. A transferencia de todas as competencias relacionadas coa costa e o mar: medios de xestión do litoral, salvamento marítimo e loita contra a contaminación, inspección pesqueira, formación e expedición de titulacións náutico-pesqueiras, ISM, centros de investigación oceanográfica con sede en Galiza.

2. A convocatoria da comisión mixta de transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galiza para negociar o traspaso das competencias relacionadas coa xestión do litoral, no-



meadamente o relativo a medios e servizos, informes, planificación e execución de infraestruturas, autorizacións e xestión de concesións demaniais (outorgamento, renovación, modificación, extinción).>>)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia acorda como Resolución amosar o seu apoio á iniciativa promovida pola Xunta de Galicia pola que se esixe ao Goberno de España o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa e, deste xeito, estar en disposición de poder outorgar as concesións, así como insta ao Goberno galego a adoptar todas as medidas conducentes a este obxectivo>>.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela e, por tempo de oito minutos, ten a palabra don Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, o pasado 23 de abril o Tribunal Constitucional ditaba unha sentenza, unha sentenza histórica, por unanimidade, que avala a constitucionalidade da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, aprobada por este Parlamento de Galicia sen ningún voto en contra —hai que dicilo—, pero co único apoio dos deputados do Partido Popular. Quedaba así xa definitivamente desacreditada a estratexia de confrontación do Goberno do señor Sánchez, que chegou a comparar esta norma cunha declaración de independencia, e recorreuna sen establecer ningún tipo de interlocución ou diálogo previo co Goberno galego. Un feito histórico que os galegos seguramente non esqueceremos.

Eu creo que, chegado este momento, resulta obrigado expresar a nosa gratitude e recoñecemento a todos aqueles que puxeron o mellor de si mesmos para sacar adiante unha norma que non tiña máis obxectivo que protexer a relación especial que a Galicia costeira mantén dende hai séculos co litoral, impulsando unha norma, como dixeran no debate da súa aprobación, que foi escrita de puño e letra pola mesma Galicia. Eu quero darlles as grazas —e hoxe reiteralo— aos membros do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña, ao profesor Sanz Larruga e á profesora Díaz Pérez, autores do primeiro borrador desa lei, posteriormente tan deostada e hoxe validada polo Constitucional, ás tres universidades galegas, a todos os representantes da cadea mar-industria galega, aos representantes do sector do mar, ás confrarías galegas, ao sector do turismo, ás asociacións en defensa do patrimonio, aos concellos que apoiaron esta iniciativa e, como non, a todos os galegos de ben que unha vez máis se puxeron de parte de Galicia, a diferenza do que fixeron outros. *(Aplausos.)*

Porque, señorías, do mesmo xeito que temos que felicitar algunha xente, creo que resulta imprescindible chamar á reflexión de todos aqueles que antepuxeron os seus intereses elec-



torais á defensa do interese xeral de Galicia e chegaron incluso a cuestionar o Estatuto de Galicia. E acabo de escoitar agora dende esta mesma tribuna que o BNG sempre está do lado dos galegos, governe quen governe en Madrid. ¡Que llo digan á Galicia costeira!

Eu quero hoxe chamar á reflexión aos que primeiro comprometeron o seu apoio a esta lei e despois abandonaron o barco á metade de travesía e tamén aos que elixiron sillóns sen honra, antes que honra sen sillóns. (*Murmurios.*) A todos eles Galicia xa lles trasladou o seu veredicto o pasado 18 de febreiro.

Señorías, Galicia, a pesar de todos os atrancos, xa é dona do futuro do seu litoral e, polo tanto, chegou o momento de aceptar que son as institucións galegas as que deben asumir a ordenación do noso litoral. Polo tanto, corresponde traspasar ao Goberno galego os instrumentos necesarios para poder exercer esa competencia de forma efectiva; un traspaso de medios humanos e materiais que debería producirse sen necesidade de aumentar a discriminación que xa tivemos que sufrir os galegos. Por se quedase algunha dúbida desa discriminación, basta comprobar o distinto tratamento que recibimos galegos e vascos coas redaccións dos nosos estatutos exactamente idénticas. Estatuto de autonomía de Galicia: «No marco do presente Estatuto, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: a ordenación do territorio, do litoral, urbanismo e vivenda.». Estatuto de Autonomía do País Vasco: «A Comunidade Autónoma do País Vasco ten competencia exclusiva nas seguintes materias: ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda». A Euskadi regaláronlles; a Galicia negáronlles. Tivemos que conseguilo pola forza da lei e, desafortunadamente, sen o seu apoio. (*Aplausos.*)

Hoxe solicitamos deste Parlamento un apoio —que nos gustaría unánime— para que ese traspaso se efectúe de forma efectiva, sinxela e sen engadir máis demoras innecesarias. Sorprende, por certo, que o BNG insista nunha proposta que en ocasións —en dúas ocasións— eu cualifiquei de inxusta, innecesaria e ilegal. Dixen que insiste por terceira vez nesa vía, aínda que sería a cuarta, se contamos tamén a emenda que presentan hoxe e que amosa unha intransixencia incomprensible que só causa prexuízo aos intereses dos galegos. Proponen vostedes un trámite que non necesitaron outras comunidades autónomas para obter o mesmo resultado, sen aclararnos aínda que pasaría se se producise en Madrid un bloqueo parlamentario á súa proposta.

Propoñen, ademais, que tramitemos unha lei para algo que simplemente poderíamos obter cun real decreto de transferencias, como fixeron outras comunidades como Canarias, e, ademais, fano ilegalmente, porque a lei orgánica, o 152, só pode utilizarse para o traspaso de medios para o exercicio dunha competencia autonómica.

Polo tanto, señorías, creo que non entenderon o básico. Non podemos pedir que nos cedan unha competencia porque, como xa aclarou o Tribunal Constitucional, a competencia é nosa, a competencia é galega, e non temos que rogarlle a ninguén que nos dea o que xa é noso. (*Aplausos.*)

Hoxe sometemos á consideración da Cámara un texto autoemendado, porque neste íterim de tempo, no último Consello, o Goberno galego xa tomou a iniciativa —por certo— para que



esa cesión de medios materiais e persoais para xestionar a nosa costa se materialice no menor prazo posible. O Executivo de Alfonso Rueda xa acordou un calendario para solicitar oficialmente o traspaso efectivo a través da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a Comisión interdepartamental de coordinación dos organismos autonómicos implicados nesta lei para poñer en marcha tamén o Foro do Litoral, unha canle de participación para o conxunto dos sectores afectados e tamén para a posta en marcha de actuacións estratégicas vinculadas a usos costeiros que xeran un especial valor de cohesión, como pode ser a creación dunha rede de sendas ou doutra rede de establecementos turísticos do litoral.

Nas pasadas eleccións o Partido Popular de Galicia alcanzou un pacto cos galegos, un pacto para seguir impulsando esa Galicia que non para. Converternos na primeira comunidade autónoma de España que regula mediante lei o seu litoral é, sen dúbida, boa mostra do noso compromiso con ese obxectivo; un obxectivo que se materializa nunha máxima que escoitamos moitas veces da boca do presidente Rueda: «Nin queremos ser máis ca ninguén, nin aceptamos ser menos ca ninguén». (*Aplausos.*) Grazas ao empeño deste grupo, deste partido e de mellores e miles e miles de galegos que se puxeron do noso lado nesta dura travesía, Galicia hoxe dispón dun instrumento eficaz para xestionar o seu litoral e defender o modo galego de relacionarse co noso contorno costeiro, con respecto ao noso patrimonio natural e cultural, con respecto á nosa paisaxe e con respecto aos milleiros de persoas que viven do mar, seguindo os costumes que herdaron dos seus devanceiros.

Ese é un legado, ao noso entender, que merece a pena conservar e por iso hoxe os invitamos a que rectifiquen os erros do pasado e a que, por unha vez, se poñan do lado dos galegos.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señor Pazos, voulle ler un titular dunha destas marabillosas notas de prensa que publican vostedes despois do Consello da Xunta —eu sonlle afeccionado á lectura destes textos—, que di o seguinte, fíxese ben: «A Xunta urxirá o Estado a convocar a Comisión Bilateral de Cooperación para abordar o traspaso de competencias. O Goberno galego solicita nunha primeira fase a transferencia de ata dezasete competencias: a titularidade da AP-9 e da AP-53, meteoroloxía, ordenación do sector pesqueiro e a ordenación do litoral —¡litoral!—». Data desta nota: oito de outubro do 2009. Hai quince anos que vostedes prometeron a xestión desas transferencias e en quince anos foron incapaces de conseguir ningunha. Son uns incompetentes, uns inoperantes e uns incapaces en materia de transferencias. E agora veñen anunciarnos o mesmo, quince anos despois.

Mire, publicou hai pouco un xornalista de *La Voz de Galicia*, Mario Beramendi, un cadro que é perfectamente ilustrativo. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Eu recoméndolles que



o lean, que o vexan, porque o que vén dicir este cadro é que en quince anos — ¡quince anos! — que gobernou o Partido Popular —o señor Feixóo e o señor Rueda— houbo cero transferencias; exactamente igual que Murcia, que Ceuta e que Melilla. Este é o balance do Partido Popular en materia de transferencias, gobernando o Partido Popular aquí e o Partido Socialista no Estado. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿que leccións nos veñen vostedes dar aquí, señor Pazos?

E mire, non manipule e non mesture cousas. Unha cousa é a posición do BNG sobre a Lei do litoral —que foi clara, dicindo que había aspectos que eran positivos e outros que eran moi negativos e moi regresivos, e por iso non a apoiamos; ese é un debate que seguiremos dando cando se traian aquí os demais instrumentos previstos na lei, sobre os que algúns temos serias discrepancias e imos dar a batalla para impedir que se aprobe— e outra cousa é o recurso do Goberno central, onde nós fixemos unha valoración absolutamente contundente en contra dese recurso contra a Lei do litoral. Dixemos que era absolutamente unilateral e inxustificada esta decisión do Goberno e dixemos que nós defendemos agora e que defenderemos sempre as plenas competencias en materia de costas e do litoral, porque nos vai a vida niso, porque Galiza é unha nación pesqueira e porque o noso mar non se pode gobernar a 600 quilómetros de distancia, desde un despacho da Castellana e cunha división mesetaria, centralista e mediterránea que non ten nada que ver co ser e coas características da nosa costa e do noso litoral. Iso está absolutamente claro na nosa posición. (*Aplausos.*)

E por iso, como dixó, efectivamente, o señor Paulo Ríos, somos absolutamente coherentes na defensa destes principios. Quen non é coherente é o Partido Popular, que cambiou sistematicamente de posición nesta cuestión, e, de repente, puxo o traxe de defensor das competencias no litoral por puro interese dalgúns axentes; concretamente a partir do 2019 por Ence. E hai que dicilo así con todas as letras: vostedes cambiaron de posición nesta cuestión cando a Avogacía do Estado cambiou a súa posición sobre Ence. Aí empezaron a dicir unha cousa totalmente distinta a aquela que dixeran tamén nun Consello da Xunta no ano 2009 celebrado en Pontevedra, onde dixeran aquilo de —dixó o señor Feixóo—: «Ence non pode seguir na ría de Pontevedra. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». ¡Pois manda truco se non fixeron totalmente a contraria!, (*Aplausos.*) ¡totalmente a contraria! E despois foron sumando, nesa camisola que puxeron de defensores do litoral, outras causas tamén moi manipuladas con ese programa ChatGPT que utilizan vostedes —que ata os votan os do ChatGPT— ... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) —Si, señora Pomar, díxoo vostede—.

E hai outras causas totalmente manipuladas, como, por exemplo, crear a expectativa de que se ían legalizar 4.000 construcións supostamente ilegais na costa, cousa que é falsa, porque non hai esas 4.000 construcións en perigo. Din vostedes que hai un perigo. O perigo é o Partido Popular, (*Aplausos.*) que non exerce as súas competencias en materia de costas, do litoral e de defensa das rías e que permite que as rías estean nunha situación absolutamente dramática, por iso necesitan crear cortinas de fume. Ao Partido Popular —vostede tivo un lapso na súa intervención— esqueceulle falar da outra sentenza do Tribunal Constitucional, a que veu despois. Non falou vostede desa, porque esa sentenza lle deu unha auténtica labazada e un pau á súa intención de legalizar construcións ilegais no dominio público marítimo-terrestre, na zona de servidume do dominio público. Querían vostedes amnistiar construcións ilegais. ¿Para iso queren vostedes as competencias do litoral? ¡É que para iso non llelo compramos! Se a queren para iso, con nós non contan. Desde logo, imos plantarlle cara, como



xa lles fixeron os tribunais e como lle fixo o Tribunal Constitucional, e non queremos nós agora vir aquí de constitucionalistas lerlle a cartilla ao Partido Popular nas súas pretensións.

Miren, efectivamente, non é necesario modificar o Estatuto, e Galiza —dío a sentenza do Tribunal Constitucional— ten as plenas competencias. Pero tamén di esa sentenza que ten a obriga de cumprir a lei, señor Pazos. ¿Leu esa parte da sentenza? Ten a obriga de cumprir a lei. E iso foi o que lles dixo esa segunda sentenza do Tribunal Constitucional e o que lles dixo tamén un xulgado de Pontevedra, que foi o primeiro que alertou sobre a inconstitucionalidade dese precepto que vostedes meteron pola porta de atrás de novo na Lei de acompañamento do ano 2022 para amnistiar as construcións ilegais na zona de servidume. ¿Sabe o que di ese xuíz, o señor Cominges? Dille: «*No es difícil deducir que dicha norma autonómica tiene como única finalidad la de beneficiar a quienes han infringido da Lei de costas en la zona de servidumbre de protección del litoral gallego*». ¿Isto é o que queren facer vostedes co litoral, infrinxir a lei e legalizar ilegalidades? Porque querían amnistialas ao cabo de quince anos. Pois para iso non conten con nós.

E miren, con respecto á proposta, presentaron unha orixinal e presentaron unha emendada, e a verdade é que non mellorou moito a cousa. Non sei se aplicaron o ChatGPT. Tampouco a redacción. Pero parécenos unha versión absolutamente reduccionista e limitada do que ten que ser o exercicio desta competencia, porque vostedes o limitan —teñen unha obsesión con iso— ás concesións; e as competencias, como nós lles puxemos de manifesto tamén nesa proposición de lei, deben ser moito máis amplas, porque non era un debate o que propoñamos aí só sobre as concesións, eran moitas máis cuestións. Por iso imos seguir dando ese debate con esa proposición de lei, non se preocupe vostede.

Mire, nós o que lles propoñemos no texto alternativo —ofrecémoslles esa posibilidade de chegar a un acordo, unha transacción ao respecto— é: primeiro, a reclamación de todas as competencias relacionadas co mar e coa costa. ¿Que menos, non? Salvamento marítimo, loita contra a contaminación... Por certo, xa o aprobamos aquí moitas veces. ¿Teñen algún problema en apoiar esta proposta? Inspección pesqueira ou titulacións náutico-pesqueiras. Aparecía na proposta do 2009 que lles lin ao principio. ¿Desdinse vostedes desta reclamación? Os centros de investigación oceanográfica con sede en Galicia...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor BARÁ TORRES: Aprobeuse aquí en numerosas ocasións. ¿Desdinse vostedes?

E, en segundo lugar, a solicitude de convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para negociar a transferencia, pero non só das concesións, de todas as cuestións que están aquí en xogo en relación co dominio público marítimo-terrestre e tamén coa zona de servidume.

En definitiva, fronte a esa visión limitada e interesada, o BNG defende plena capacidade política de Galiza para defender o seu mar e a súa costa, porque é todo para Galiza: é a súa vida, é a súa economía, é a súa riqueza e é o seu futuro, e imos defendelo de principio a fin.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Señor Ojea, ¿vai facer uso da súa intervención? (*Negación.*)

Continuamos, entón, co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Patricia Iglesias Rey.

A señora IGLESIAS REY: Boas tardes de novo a todos e a todas.

O titular de hoxe podería ser: volvemos á casilla de saída; como no xogo da oca, cando caes na casilla da morte, que volves de novo á casilla de saída. Porque é onde estamos agora, no medio dese conflito constitucional ao que quixo levarnos o Goberno galego do PPdeG por elixir esa vía unilateral e partidista e confrontar co Goberno de España, en vez de sentarse naquel momento a negociar na Comisión Bilateral de Transferencias entre Galicia e o Estado.

Tamén lle digo, señor Pazos —que supoño que o saberá—, xa que coñece ben a Lei do litoral, que na disposición adicional quinta establece que, efectivamente, non entrará en vigor a lei ata o efectivo traspaso do Real decreto de servizos de traspaso. É dicir, que é unha lei que actualmente, aínda que está validada —despois matizarei—, non o está integramente pola sentenza do Tribunal Constitucional; non está en vigor e, polo tanto, non se pode aplicar ata que sente a negociar co Estado na Comisión Mixta de Transferencias.

Por tanto, por iso digo, volvemos á casilla de saída un ano e medio despois de tempo perdido para os galegos e para as galegas. (*Aplausos.*)

Os socialistas pensamos que xa é hora de que o Goberno galego recapacite, volva á senda do diálogo na negociación co Goberno de España no Real decreto de servizos e traspasos e á busca de solucións, garantindo viabilidade e seguridade xurídica para a cadea mar-industria, para o resto das empresas e para os traballadores, así como para o conxunto dos galegos e das galegas.

Como se amosou sempre neste Parlamento, os socialistas estamos de acordo con que a competencia sobre a ordenación da xestión do litoral ten que vir e ten que estar en Galicia. A diferenza do que fixo o PPdeG na Xunta, nós levamos demandando ese traspaso dende a época do Bipartito, cando presidía Touriño a Xunta.

Aos socialistas sorpréndenos moito que o señor Rueda falase con grandilocuencia o día da sesión de investidura de máis e mellor autogoberno, e que iniciase a creación da Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais —que, por certo, xa existía unha Subdirección Xeral de Asuntos Constitucionais da Asesoría Xurídica Xeral—. Nós, os socialistas, preferiríamos que se chamase Dirección Xeral de Garantías Estatutarias e Autogoberno.

Un dato: dende que o PPdeG está no Goberno, a Comisión Mixta de Transferencias co Estado para reclamar máis competencias para Galicia, ¿sabedes cantas veces se reuniu e cantas competencias se transferiron? Cero, cero competencias se transferiron do Goberno; ou re-



clamou, mellor dito, o Goberno galego ao Goberno de España. Cero transferencias. Ademais, sorprende moito que durante eses anos en que coincidiron gobernos do PP e gobernos da Xunta de Galicia ese asunto non estivese sobre a mesa, nin tampouco se tivese ningunha reclamación competencial sobre a xestión do litoral.

A última competencia transferida data do ano 2008, cando estaba gobernando aquí un goberno progresista, e é a competencia en materia de museos, arquivos e inspección de traballo; tamén a xestión das bolsas de estudo. Desde o 2008 non se transferiu unha nova competencia. O Goberno galego de novo aprobou unha lei a fume de carozo no Parlamento galego o pasado 6 de xullo de 2023 cos únicos votos dese partido. Sempre —e reitero, sempre— o socialismo galego entendemos que máis autogoberno vai significar máis benestar, e unha mellor xestión de recursos das políticas redonda nun escenario de crecemento sostible, ¡sempre! Somos unha nacionalidade histórica, tamén recoñecida na Constitución, á altura de Euskadi e de Cataluña, e tamén na vía de acceso rápido pola que accedeu Andalucía. Somos nacionalidade histórica, pero o Goberno galego non o ve así.

Por outra parte, nós tamén dubidamos do Goberno do PPdeG no Goberno galego. ¿Por que? Porque vostedes moitas veces están de acordo coas sentenzas do Tribunal Constitucional cando favorece, e outras, non; outras critican o Tribunal Constitucional. Lémbrome das palabras de González Pons, que dixo que era un tribunal de parte; incluso o cualificou de «cáncer do Estado de dereito». Son declaracións de González Pons do 28 de xaneiro de 2024; dese que tamén bloqueou nas negociacións de Europa a renovación xeral do poder xudicial.

Aínda así, os socialistas galegos temos certa desconfianza das intencións do PPdeG sobre a xestión do litoral, e por iso a sentenza do Tribunal Constitucional declarou nulos dous artigos moi relevantes —claro que non foron avalados integramente—: un, a declaración de inconstitucionalidade do Goberno galego da pretensión de ubicar infraestruturas de saneamento no dominio público marítimo-terrestre —inconstitucional, algo que xa se viña prohibindo polo Ministerio e que a Xunta segue a discutir—, e dous, a declaración de inconstitucionalidade da industria mar-industria, que só se poderá asentar no dominio público marítimo-terrestre para instalacións que sexan inviables fóra del. Por tanto, non é unha regra xeral, senón unha regra excepcional, que deberá ser motivada.

Por outra banda, a ledicia da sentenza do Tribunal Constitucional viuse truncada —como dixo tamén o representante do BNG, o señor Bará—, evidentemente, cando coñecemos esta semana outra sentenza na que se lle tira das orellas ao Goberno galego porque pretendía legalizar construcións ilegais na costa. O dominio público marítimo-terrestre é imprescritible —artigo 132 da Constitución—, e pretendían legalizar pola vía da porta de atrás, evidentemente, no prazo de prescrición de quince anos, obras ilegais. En definitiva, a vitoria e a ledicia do PP foi desinflándose como un globo pinchado a medida que pasaron os días e se publicou completa a sentenza —172 páxinas da sentenza—, e despois tamén a sentenza do Tribunal Constitucional sobre a Lei de medidas, que sabemos que se declarou inconstitucional, sobre todo se sumamos que é unha lei que no día de hoxe non é aplicable.



Por todo iso, eu preguntome de verdade: ¿que motivos hai para cantar vitoria? Eu, sinceramente, penso que non e que a xestión do Goberno galego foi nefasta e con mirada curtopracista neste eido, sen velar polos intereses dos galegos e do sector mar-industria.

Con independencia de que entendamos ou non os motivos de que o Goberno galego celebre esta situación, as socialistas o que lle pedimos agora ao Goberno é que no futuro evite seguir botando culpas fóra e asuma as súas competencias porque lles tocou gobernar. Oxalá non, pero é así. Nós asumimos esa lexitimidade, evidentemente.

O señor Rueda, o señor presidente da Xunta de Galicia, deberá —digamos— pensar nos intereses de Galicia por riba do seu partido. O que quere é que tamén o acompañe a Madrid Besteiro na reunión que solicitou ao presidente do Goberno de España.

Polo exposto, o PPdeG non se oporá a que o Goberno de Galicia se dirixa —como xa anunciou tamén o presidente Rueda onte— ao Goberno de España para o efectivo traspaso deses bens e servizos e medios materiais sobre a xestión do litoral. Sempre a nosa máxima será negociar para acordar e avanzar para non confrontar, sempre primando os intereses dos galegos por riba dos intereses partidistas.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o autor da proposición non de lei, don Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señora Iglesias, é vostede unha digna herdeira do rei Pirro; acaba de darlle un novo sentido á expresión «vitoria pírrica». Desbotaron setenta das setenta e dúas alegacións que fixeron e vostede considérase a vencedora moral do preito ante o Constitucional. ¡Parabéns! *(Aplausos.)* Un éxito case comparable ao que obtiveron nas eleccións. *(Aplausos.)*

Mire, eu de memoria —por desgraza para vostede— estou bastante mellor do que vostede. Presumía vostede aquí de que demandaban a competencia dende os tempos do Bipartito; ben, demandar demandaban, pero conseguir conseguímolos nós, non vostedes.

En todo caso, eu recórdolle se quere algún dos bandazos que deron vostedes: en xaneiro, o seu secretario de Estado cualificaba a lei de declaración de independencia; en abril, o señor Formoso anunciaba o seu apoio á Lei do litoral porque os intereses de Galicia están por enriba do todo, ata do partido, dicía. É certo que catro ou cinco días despois viña o señor Besteiro —que hoxe está por aquí, entón era delegado do Goberno— e afirmaba que non garantía a seguridade xurídica pero que isto se resolvía facilmente cunha modificación do Estatuto, ¡facilmente! O 4 de maio, corenta e oito horas despois, o señor Formoso non se sentía desautorizado pero tampouco renunciaba ao ditame do Consello, e a partir de aí afirmaba que apoiaba a lei pero plantexando a reforma estatutaria. Uns días despois, o señor Formoso instaba a Xunta a aceptar medidas para mellorar a lei. E un mes despois vostedes dicían simplemente que non ían participar na súa redacción, que non ían presentar emendas e que



retiraban o apoio á lei. Esa é a historia do compromiso do PSdeG cos intereses dos galegos que viven na costa. ¡Unha auténtica vergoña, señoría! (*Aplausos.*)

Señor Bará, vostede di que non conseguimos a transferencia. A realidade é que a transferencia que conseguimos conseguímolos sen a súa axuda. Iso si que é incuestionable. Como é incuestionable que o balance do PP á fronte do Goberno durante todos estes anos é o maior autogoberno da historia de Galicia. Vostedes pediron e piden o traspaso dunha competencia que xa temos; hoxe tamén na súa emenda. ¡Home!, señoría, eu recoméndolle que a lea. Piden vostedes que se lles ceda a competencia en materia de ordenación do litoral, que xa é nosa. Señor Bará, parágrafo segundo, invítoos a que a lea.

Mire, Ence —por aclararlllo, porque ten vostede que deslizar sempre o tema de Ence— non condicionou xamais o voto do Partido Popular, (*Murmurios.*) si condiciona o do BNG, (*Murmurios.*) porque, para desgraza dos galegos, pesa máis o odio do BNG a Ence que o amor que din terlles aos galegos. Iso si que ten moito máis peso, señorías. (*Aplausos.*)

Por certo —e remato xa—, a segunda sentenza o que di é que a regulación que nós impulsamos para pedir seguridade xurídica debería ser impulsada polo Goberno central. A ver se temos sorte, e isto é certo porque nós seguimos crendo que ten que haber prazos certos para intervir por parte da administración.

En todo caso, neste día, que vostede sabe que para min é especialmente feliz porque teño a oportunidade de compartir con vostede o mellor de Redondela, teño que dicirle unha cousa: hoxe o choco tróuxeno eu, o borro púxoo vostede. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autoestrada AP-9

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 3782, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Carlos López Font, e a número 3804, de corrección de erros da 3814, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Roberto Rodríguez Martínez.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte contido:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo Goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificacións da AP-9 e da AP-53 do 75 %.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Roberto Rodríguez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- A anulación das prórrogas de 10 e 25 anos outorgadas á concesionaria da AP-9.
- A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
- O impulso da transferencia da AP-9 a Galicia.

Ademais, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a ser parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación das prórrogas e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defendela e por un tempo de oito minutos ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Marchou o señor Pazos, non lle podo recordar o refrán do choco e da borra.

En fin, agora toca falar da AP-9 de novo porque houbo novidades a respecto da AP-9. E eu quero falarlles aquí dos días da infamia en relación coa AP-9, pois houbo moitos días da infamia, moitos deles —hai que dicilo— protagonizados por gobernos e por dirixentes do Partido Popular:

Un dos maiores días da infamia foi o día 5 de febreiro de 2000 cando se publica no BOE un enorme agasallo do Partido Popular a Audasa, a concesionaria da AP-9, que foi a ampliación do prazo da concesión por vinte e cinco anos desde o ano 2023 ao ano 2048; (O señor Bará Torres amosa unhas fotocopias.) está aquí o BOE para acreditarlo. Pois ben, este foi un agasallo multimillonario que lle fixo o Partido Popular a Audasa de 9.500 millóns de euros estimados, cos correspondentes tamén beneficios fiscais, e unha condena para as galegas e os galegos usuarios da AP-9. E esta infamia ten responsábeis, que foron o señor Aznar, presidente do Goberno; o señor Arias Salgado, o ministro de Fomento, e o daquela presidente da Xunta, o señor Fraga.



Esta decisión ademais foi agravada tres anos despois pola venda de ENA, propietaria de Audasa, por 1.586 millóns de euros a un grupo de empresas liderado por Sacyr. E Sacyr dous anos despois ficha como membro do consello de administración o señor Arias Salgado. Isto non son portas xiratorias, isto é unha absoluta falta de ética e unha vergoña; (*Aplausos.*) non se pode chamar doutra maneira. O responsábel da ampliación da concesión acaba metido no consello de administración. (*Aplausos.*) Pensamos que xa o viramos todo en Ence —de novo Ence— e aínda vimos isto despois.

Pois por esta decisión do Partido Popular, exclusivamente por esta decisión, estamos condenadas e condenados desde o pasado 18 de agosto do ano 2023 a pagar esas peaxes abusivas.

Así que o Partido Popular non ten ningunha lección que dar a respecto desta cuestión, non ten ningunha credibilidade e ningunha autoridade moral, porque estamos pagando esas peaxes abusivas por unha decisión exclusivamente do Partido Popular. (*Aplausos.*) Polo tanto, vostedes o primeiro que deberían facer aquí cada vez que falan disto é pedir perdón por esta decisión que adoptaron a favor claramente dos intereses da concesionaria.

O Partido Popular, por outro lado, non ten ningunha credibilidade e ningunha autoridade moral tampouco para falar da transferencia da AP-9. Porque tamén houbo días de infamia no Congreso a respecto do veto do Partido Popular á transferencia da AP-9, non só unha senón dúas veces.

O maior día da infamia foi un 14 de decembro do ano 2016. Ese día vostedes votaron neste Parlamento a favor da transferencia e vetaron na Mesa do Congreso a tramitación da proposición de lei aprobada por unanimidade polo Parlamento galego. ¿Que maior traizón se pode cometer nunha institución aos intereses de Galiza que esta que cometeron vostedes este día?

Non lles vou falar xa daquel outro día da infamia, un 30 de decembro do ano 2017, cando vostedes —o señor Rajoy e o señor Feijóo— organizaron un acto de apertura ao tráfico dos carrís da ponte de Rande para que puidesen entrar en vigor o 1 de xaneiro os incrementos das peaxes. ¿Que maior servilismo aos intereses da concesionaria? Polo tanto, vostedes teñen moito que calar e moito perdón que pedir.

Ben, e isto vale tamén para o Partido Socialista, porque nisto se parecen moito, a respecto do que fan en Madrid cando vetan a transferencia da AP-9, que o Partido Socialista tamén o fixo na última lexislatura cando deixou morrer a iniciativa aprobada polo Parlamento galego despois de pedir até dezasete prórrogas e presentar emendas que devaluaban por completo o contido desa proposta.

Pois ben, agora estamos nunha nova etapa grazas fundamentalmente a unha iniciativa cidadá dunha asociación chamada En-Colectivo, que presentou unha denuncia no ano 2019 sobre a presumible ilegalidade das prórrogas concedidas polo Goberno central da autoestrada da AP-9, a primeira do Partido Socialista, de dez anos, e a segunda do Partido Popular, de vinte e cinco anos.

Despois de pasar máis de dous anos desde que se abriu este procedemento volveuse abrir de novo recentemente no mes de abril, e por iso traemos aquí esta iniciativa para dar de novo



o debate e para pedir un posicionamento claro e firme deste Parlamento en defensa dos intereses das galegas e dos galegos, para facerlle ver ao Goberno central que se equivocou cando dixo que a concesión era plenamente válida, que ten que revisar esta decisión, que ten que facer os informes correspondentes para corrixir esta decisión que nós entendemos —como o fai a Comisión Europea— que vulnera o dereito comunitario, concretamente, a Directiva de servizos, que di que nestes casos hai que facer un concurso público para poder adxudicar de novo a concesión.

Pois ben, tendo en conta todo isto e para que a Xunta tampouco se poida poñer de perfil, penso que podemos chegar a un acordo unánime neste Parlamento. E, neste sentido, ofrecemos engadir como un novo punto á emenda que fai o PSOE, que fai referencia ás rebaixas das peaxes aprobadas por iniciativa na negociación do BNG para a investidura de Pedro Sánchez. Si, ríanse, pero foi así. E o mesmo recoñece o Goberno central cando fai o balance do cumprimento dos seus acordos, que pon este punto nos acordos cumpridos co BNG. Foi o BNG quen puxo por primeira vez este tema no debate público, como puxo no debate neste Parlamento o debate sobre a transferencia da AP-9. Pois ben, asumimos esta proposta de engádegas.

E tamén penso que podemos chegar a un acordo coa proposta que fai o Partido Popular, que basicamente recolle a nosa iniciativa cun pequeno cambio.

Polo tanto, explico cal é a proposta e espero que haxa unanimidade ao respecto. O que propoñemos, atendendo a este procedemento aberto de novo pola Comisión Europea, que fai referencia exclusivamente a dúas autoestradas, unha delas a AP-9, e exclusivamente á segunda prórroga —bueno, sería a terceira pero a prórroga de Aznar do ano 2000—, é demandar do Goberno do Estado que inicie os trámites para a anulación da prórroga de vinte e cinco anos outorgada á concesionaria, a asunción da xestión directa da autoestrada —por certo, como se fixo con outras autoestradas da mesma época que a AP-9— e o impulso de verdade da transferencia da AP-9 a Galiza. E tamén lle poñemos deberes á Xunta, para que sexa parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga concedida —temos aí o Consultivo que nos pode axudar neste traballo—...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor BARÁ TORRES: ...Facemos unha proposta de cambio na que se recolle a emenda do Partido Popular e elimina a palabra «irregularmente», porque isto, en todo caso, é algo que terán que determinar as institucións europeas, e que se avalíen os custos económicos. Porque estamos convencidos de que resultaría máis barato afrontar o rescate da concesión que pagar máis de tres mil millóns de compensacións que habería que pagar por bonificacións e por outros motivos á concesionaria até o ano 2048. Polo tanto, agardamos que todos os grupos apoiem esta iniciativa e que teñamos un acordo unánime a favor dos intereses de Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.



Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas de novo, presidenta.

Boa tarde.

Como en todos os grandes temas de país —e a AP-9 éo—, deterse na evolución da historia e o seu percorrido é moi importante. O relato de como se foron sucedendo as actuacións de cada formación política e gobernos pon branco sobre negro as achegas de cada un, pero tamén desvela as contradicións de cada un, a demagogia utilizada, a falta de memoria e a autoridade moral que asiste a cada un nunha posición actual.

E nese contexto, a postura e as actuacións políticas máis coherentes en beneficio das galegas e os galegos foron ao longo destes moitos anos as do PSOE na AP-9. Nos seus posicionamentos aquí en Galicia, e de forma similar no Estado desde os gobernos de España con presidentes socialistas, podería parecer remontarse moito —e seguro que ao BNG isto non lle gusta moito— pero hai que lembrar que a formación política que hoxe trae esta iniciativa se opuxo radicalmente á AP-9. Hai frases que marcan a unha formación política ao longo da súa historia. En ocasións teñen un efecto positivo e son lembradas como unha grande achega a momentos políticos decisivos, pero noutras convértense nunha cruz para quen as pronuncia. E non cabe ningunha dúbida de que a frase «a AP-9 era unha navallada para terra de Galicia», posición política do BNG nos seus anos, é un exemplo de como evolucionamos cada un. Por tanto, ¡benvidos á aceptación dunha vía de comunicación absolutamente imprescindible e que vertebra o país!

E se un partido se caracteriza por ocultar parte do relato, estar permanentemente na demagogia e querer facernos crer que unha mentira ou falsidade repetida mil veces se converte nunha verdade, ese é o Partido Popular. E dos moitos exemplos que se poidan poñer, posiblemente o relativo á súa posición na AP-9 estaría cando menos no *top dez*.

Por tanto, é bo hoxe facer aquí unha breve pero necesaria cronoloxía da historia da AP-9 e o que fixemos e dixemos cada un, para que comprobemos que os máis coherentes —como dicía anteriormente— fomos os socialistas.

A actual situación da AP-9 remóntase á ampliación e á privatización —da que pouco se fala— da concesión da AP-9 que fixo o Goberno de Aznar, cando Feijóo era conselleiro de Obras Públicas aquí en Galicia. Non existe referencia na hemeroteca de que Feijóo nin o PP se opuxesen nin á privatización nin á prórroga de vinte e cinco anos; entendo que se chama «memoria selectiva». Aznar prorrogou por vinte e cinco anos a concesión que tería caducado en 2023, e prorrogouna ata 2048, mentres que outras autoestradas da mesma época xa regresaron ao público, e levantáronse as peaxes, unha a unha foron desaparecendo as peaxes. E cando en novembro de 2026 a autoestrada AP-68, de Bilbao e Zaragoza, pase a ser pública, grazas a Aznar, os galegos teremos o triste récord de que a AP-9 se converta na única autoestrada de máis de cen quilómetros que teña peaxes en todo o territorio español.



Os socialistas en Galicia defendemos as rebaixas das peaxes na AP-9 e tamén defendemos a transferencia da mesma á Autonomía galega. Esta foi unha reivindicación histórica que xa foi reclamada por primeira vez polo entón presidente da Xunta Touriño no ano 2005, e que foi totalmente esquecida desde a chegada á presidencia de Feijóo en 2009.

Todos vostedes saben que en marzo de 2018 o Partido Popular, gobernado por Mariano Rajoy, veta o trámite da Proposición de lei orgánica sobre a transferencia da AP-9 no Congreso dos Deputados, e que é Pedro Sánchez, como presidente do Goberno en decembro de 2018 o que levanta o veto do PP de Rajoy a debater no Congreso a transferencia. E apróbase, señor Bará, a toma en consideración da proposta aprobada neste Parlamento galego. Despois, non puido ser polo adianto electoral.

Pero retrocedendo no tempo, en relación coa postura dos socialistas, hai que lembrar que o Goberno de Touriño levantou as peaxes de Rande, O Morrazo-Vigo, e A Barcala-A Coruña no ano 2006, van alá dezaioito anos. Pola contra, o Goberno do PP nunca se impuxo a gratuidade das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57.

E falemos das rebaixas das peaxes. O Goberno de Pedro Sánchez fixo unha aposta decidida e determinante nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 cunha partida de 63 millóns de euros para bonificar as peaxes na AP-9, que supuxo unha rebaixa histórica nestas peaxes desta autoestrada. É moi importante lembrar aquí, señorías, que PP e BNG votaron en contra destes orzamentos.

Mostra da firme decisión do Goberno de Pedro Sánchez de seguir favorecendo o camiño á gratuidade é o acordo de investidura —acordo de investidura entre dous, sen pais e sen nais, dous que acordan— asinado co BNG, polo que se recollen melloras nas bonificacións, que poden chegar ata o setenta e cinco por cento.

Este tema foi moi debatido de forma reiterada neste Parlamento. Hoxe, esta proposición non de lei do BNG reitera o solicitado noutras ocasións, e ao recoller un procedemento iniciado pola Unión Europea de infracción sobre a ampliación de prazo da concesión de Aznar dá un salto cualitativo á hora de solicitarnos o apoio á anulación desta prórroga. Un tema que entendemos que debe levar ao camiño correspondente da xudicialización, e que vostedes recoñecen no seu texto.

Para os socialistas, calquera camiño é bo para o máis importante, que é que os galegos non paguemos pola AP-9. Pero esta proposta recoñece que esa anulación da prórroga necesita dun estudo —como din vostedes literalmente— «no que se exploren as vías xurídicas para a anulación desta prórroga e se avalíen os custos económicos». Non deixa de ser unha contradición, señor Bará, que o soliciten dunha maneira inequívoca para posteriormente considerar como necesario e imprescindible un estudo xurídico e unha avaliación económica, que, en boa lóxica, deben tomarse en consideración.

É evidente que esa avaliación se necesita nun exercicio de responsabilidade política, pero entendemos que esta proposición non de lei estaría incompleta se non nos manifestamos sobre o que está a facer o Goberno de España no camiño da gratuidade iniciado —non o esqueizamos— en 2021, que continúa e que foi ampliado en acordo precisamente co BNG.



Nese sentido, sometemos á súa consideración unha emenda de adición, que, dado o falado por vostede é aceptada e agradecemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Font.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Señorías do BNG, semella que ese goberno virtual seu non reparou dabondo no que realmente están a dicirllas aos galegos con esta proposición non de lei, do que lles están a confesar con esta iniciativa, que é unha sorte de versión reducida daquel clásico da comedia romántica de hai trinta anos *Catro vodas e un funeral*. Vostedes traen hoxe aquí «Dúas vodas e un funeral».

Aquí teñen as dúas vodas, (*O señor Rodríguez Martínez amosa un documento en cada man.*) os dous pactos de investidura asinados con Sánchez no 2020 e no 2023. Os noivos foron os mesmos; na segunda xa había menos ilusión, e daquela nin sequera renovaron os votos, ¡reducíronos! Tentaron, iso si, combater a monotonía da relación levando de oficiante ao señor Besteiro, e nin así.

¿E o funeral? Miren: esta iniciativa é o certificado de defunción dese pacto, e hoxe aquí con este debate estamos a celebrar o seu funeral. ¿Pero é que acaso non se decatan de que lles está a pedir á maioría parlamentaria do Partido Popular —que elixiron os galegos— que inste a Xunta de Galicia —que goberna o Partido Popular, porque o elixiron os galegos— que exixa a Pedro Sánchez o cumprimento do seu pacto? ¿En que lugar quedan vostedes? (*Aplausos.*) ¿É que non se decatan de que lles están a dicir a gritos aos galegos que vostedes e o seu goberno virtual non pintan nada?

No pasado pleno, a señora Fernández González ilustrounos coa definición recollida no *Diccionario* da Real Academia Galega da palabra «encerellar». Hoxe imos refrescarlles nós a definición doutra, máis común pero que parece que teñen esquecida: «gratuíto». Para a Real Academia Galega «gratuíto» é aquilo que se fai, dá ou recibe gratis, é dicir, sen pagar. Por exemplo —aínda que llo prometeron hai catro anos aos galegos—, a AP-9 non é gratis.

Pero voulle dar un exemplo do que si é gratis. ¿Saben o que si é gratis? O seu apoio a Pedro Sánchez, déronllo de balde e por iso son vostedes o nacionalismo que máis barato lle sae a Sánchez e máis caro lle sae a Galicia. (*Aplausos.*) E hai apenas tres días o Goberno de Sánchez volvéullelo espetar na cara, porque o pasado venres o ministro Óscar Puente —que quede claro, sen que mediara ningún tipo de «substancia» por parte de ninguén, porque o preocupante do señor Óscar Puente é que todo isto que di dio en pleno uso das súas facultades— anunciou que o Goberno de Sánchez prevé liberalizar a AP-7 en Alacante, que, por certo,



conta cunha alternativa libre de peaxes; liberalización que terá un custo de catrocentos millóns de euros, é dicir, máis do que permitiría saldar a hipoteca con Audasa. Pero a Galicia e á AP-9 Sánchez dilles «non», e vostedes tragan. (*Aplausos.*) Porque logo, claro, veñen aquí falar de infamias; iso si, veñen falar de infamias previas ao 2018; das infamias de 2018 en adiante, desas non falan.

Nós defendemos dende hai case quince anos a transferencia a Galicia da súa principal arteria de comunicación. Onte mesmo o presidente Rueda reiterou este compromiso: «Queremos unha AP-9 galega que permita unha xestión máis eficiente e adaptada ás necesidades de Galicia. Unha transferencia que debe vir acompañada dos fondos necesarios para executar as obras pendentes e para o mantemento das bonificacións vixentes». Pero o seu goberno en Madrid —o de vostedes dous— négase rotundamente a traspasar a AP-9, pese a que o compromiso de ambos os dous, PSOE e BNG, era facelo. E veñen aquí falar de infamia.

Négannos a transferencia igual que negan a información sobre cal foi a súa postura no novo expediente de infracción aberto pola Comisión Europea pola ampliación das concesións. É inexplicable que no día de hoxe a Xunta e os galegos non saibamos nin a resposta nin a documentación que acompañaron a Europa. Por non saber, é que non sabemos se argumentaron a favor ou en contra. E isto ademais é importante porque aquí estamos a falar dunha prórroga que parece que se deu graciosamente, a prórroga do ano 2000 do Partido Popular, do Goberno de Aznar.

Pero logo, ¿vostedes que pretendían?, ¿que no día de hoxe seguise trinta anos despois sen chegar a autopista a Tui? Porque para iso foi a ampliación, non foi para outra cousa. Claro, vostedes danas sen recibir nada a cambio, pero esta foi por iso. Tampouco sabemos por que o Goberno renuncia a revisar os acordos coa concesionaria, a pesar de que o Consello Consultivo ou a Comisión Galega da Competencia cuestionan eses pactos polo seu carácter abusivo.

Falan de suprimir as peaxes. ¿En serio? Vostedes asinaron no ano 2020 a bonificación do cen por cento da peaxe para os usuarios recorrentes e a eliminación do incremento extraordinario de vinte anos. Catro anos despois, nada de nada. ¡Pero se nin sequera o seu Goberno é quen de esgotar a partida orzamentaria para esas bonificacións!

O peor estaba aínda por chegar, porque neste ano 2024 os galegos pagamos entre un seis e un sete por cento máis por tramo. ¡A maior subida no que vai de século! Grazas a vostedes, temos a autoestrada máis cara de España e unha das máis caras de Europa. (*Aplausos.*)

Vou ser xusto con vostedes, si, voulles recoñecer unha única rebaixa. O único que vostedes foron quen de rebaixar na AP-9 foron as súas reivindicacións, porque do pacto do ano 2020 ao pacto do ano 2023 desapareceu a petición de transferencia. Esa foi a única rebaixa que vostedes conseguiron respecto da AP-9, ¡a única! (*Aplausos.*) Porque cando gobernan nacionalistas e socialistas todo son subidas. Cando gobernaron en Galicia, cargaron no peto dos galegos as peaxes en sombra que tiña que financiar o Estado. E cando gobernaban España, condenaron os galegos a asumir unha suba das peaxes do un por cento anual durante vinte anos e, ademais, con engano. Por certo, esa suba asinou un ministro socialista de Lugo e



un presidente de Audasa que fora secretario de Estado dun goberno socialista, porque, xa postos a facer memoria, non a fagan tan selectiva, ¿verdade? Ou máis recentemente o intento desbotado polo Tribunal Supremo de colgarlle á Xunta a subvención das peaxes de Rande ou A Barcala.

Vén agora o Partido Socialista propoñer novas bonificacións na súa emenda. Miren, a este paso as bonificacións van ter un custo non similar, senón superior ao rescate da concesión. Ademais de beneficiar só a determinados usuarios, están condicionadas á aprobación dos orzamentos xerais do Estado, ao que renunciou expresamente Pedro Sánchez.

Parece mentira, señor Font, que teña que vir eu aquí defender o cumprimento da promesa electoral feita polo señor Besteiro: gratuidade e non máis bonificacións. Iso é o que vostedes prometeron. *(Aplausos.)*

En definitiva, son demasiadas as cousas que non sabemos. O que si sabemos é que todas as cuestións obxecto desta proposición non de lei precisan de vontade política e que nin o Goberno que apoian, nin vostedes, señorías do BNG, a teñen; e veñen aquí falar de infamia.

Remato xa. Este que hoxe debatemos é probablemente o tema no que máis evolucionou o nacionalismo galego nas últimas décadas, porque vostedes pasaron a cualificar a AP-9 dunha navallada na terra a considerar as súas peaxes «un lastre para a economía galega, para a súa competitividade, para a mobilidade e para a cohesión territorial e social de Galicia». Emociona lelo. Son palabras súas, señor Bará.

Por certo, señor Bará, eu entendo que se vostede é capaz de dicir ChatGPT, tamén é capaz de dicir Feijóo. *(Aplausos.) (Risos.)*

Agora só lles queda —e remato xa— dar un último gran paso a ambos os socios en Madrid: ao Partido Socialista, comprometer que o Goberno central apoiará a solicitude de transferencia da AP-9 que hai catro meses e por cuarta vez aprobou unanimemente este Parlamento, e non deixala caducar como a última vez; e ao BNG, comprometer que, de non ser así, lle retirará inmediatamente o seu apoio. Só entón poderán vostedes recuperar, se non a súa credibilidade, polo menos, a dignidade que debe ter quen di que defende os intereses de Galicia ante o Goberno do Estado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Martínez.

O señor Ojea, polo Grupo Parlamentario Mixto, non se pronuncia.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Rodríguez, para ser un goberno virtual, ¡canto lles preocupa!, ¡canto falan del! ¡Canto falan del! *(Aplausos.)* Nós agradecémoslles a propaganda, porque, canto máis falan del, máis acertamos. Agradecémoslles a propaganda, de verdade.



Mire, eu digo Feixóo como digo Laxe, Muxía e Chandrexa de Queixa. Galego cen por cento. (*Aplausos.*) Se non, tería que dicir *Habichuela*. (*Murmurios.*)

Señor Font, mire, vostedes atribúennos cousas que corresponden a anos nos que non existía o BNG —non sei onde está; ¡ah!, alí—. Mire, a famosa navallada é unha creación do ano 1977 do Grupo Cíes, liderado por dúas persoas que eu creo que merecen recoñecemento e gratitude neste país, que son: César Portela e Daniel Pino. Linlle unha entrevista moi interesante —que recomendo— a Daniel Pino, feita por Xan Carballa, onde dicía unha cousa que me parece moi importante. Dicía que con aquela batalla que se deu abriron un debate sobre algo que era totalmente inédito no país, que foi o debate sobre a ordenación do territorio.

Basicamente o que defendía o Grupo Cíes era outro modelo de infraestrutura que vertebrase e comunicase o país doutra maneira, e sabemos as consecuencias que tivo esa infraestrutura da que estamos a falar. Despois, deu lugar, no ano 1978 —o BNG fundouse uns anos despois, por certo— a un documental dun gran cineasta catalán que fixo algúns dos mellores documentais deste país galego, en galego, que foi: *A AP-9, unha navallada na nosa terra*. Esa é a historia. (*Aplausos.*)

Nós dixemos despois —e eu díxeno aquí moitas veces— que quen dixo que era unha navallada se equivocou, porque foi algo moito peor que unha navallada; foi un auténtico atraco e unha estafa, como estamos a comprobar con estas peaxes abusivas, con estas prórrogas da concesión e con estes beneficios multimillonarios. (*Aplausos.*) A propia concesionaria dixo no ano 2011 que ían recadar 9.500 millóns ata o ano 2048 grazas a esa concesión ampliada polo Partido Popular. ¡Fíxese se non é moito máis que unha navallada!, ¡moito máis que unha navallada!

Señor Rodríguez, vostede intenta terxiversar aquí a realidade, porque dicir que non hai beneficios derivados do acordo de investidura... Dígallelo aos miles de persoas que todos os días utilizan a AP-9 e que teñen a gratuidade na viaxe de volta. Non insulte e non desprece os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

Claro, a min xa me deixa descolocado, porque vostede non entendeu nada, e eu creo que non entendeu nin a súa propia emenda, porque vostede fixo unha emenda que basicamente consiste en poñer o texto que puxo o BNG, quitando a palabra «irregular», «a prórroga irregular», e nós aceptamos ese cambio. Vostede veu aquí a dicir non sei que. ¿Vainos aprobar a proposta que vostedes emendaron cun texto exactamente igual, menos nunha palabra, que é o que propón o BNG?

Eu ofrézolle un acordo. Creo que sería positivo que hoxe acordemos reclamarlle ao Goberno central iniciar os trámites para botar abaixo esa concesión, para conseguir a gratuidade das peaxes, para impulsar a transferencia da AP-9 e tamén para que a Xunta poña da súa man, mediante os correspondentes estudos xurídicos e a valoración dos custos que tería ese rescate da concesión, a súa parte para que se consiga ese obxectivo que nos debería mover a todos: unha AP-9 galega e libre de peaxes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entendo que sobre as emendas, vai facer unha transacción ou algo.

O señor BARÁ TORRES: Si.

O señor PRESIDENTE: Vale.

Entón, ¿como facemos, logo? (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*) ¿Despois? ¿Explícaa despois? (*Asentimento.*) Vale.

Entón, rematado xa o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Se teño que lelas todas, ao mellor... Eu que sei. Vostedes coñecen os números, así que eu vou dicindo. Se alguén ten problema, léoas.

Comezamos votando a proposición non de lei número 1, que é unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposición número 2, que é a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a través da súa deputada dona Olalla Rodil.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da destitución do actual director xeral da CRTVG e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de impulsar a renovación da devandita dirección xeral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposición numero 3, do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Hai unha transacción aquí, ao parecer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora Pérez López pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Pérez?

A señora PÉREZ LÓPEZ: Queremos pedir a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Acepta vostede a votación por puntos. ¿E cales puntos queren separar?

A señora PÉREZ LÓPEZ: Do 1 ao 3, e o 4 e o 5 por outro lado.

O señor PRESIDENTE: Pois, se acepta iso, comezamos votando os puntos do 1 ao 3. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Da transacción? *(Asentimento.)* Os puntos do 1 ao 3 —1, 2 e 3— da transacción.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a M^a del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos os puntos 4 e 5 da transacción da proposición non de lei.

Votamos.

Votación dos puntos 4 e 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a M^a del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Balseiro, que xa non está. ¿Quen levou esta iniciativa, por favor? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) O señor Gonzalo Trenor.*

Ben, xa coñecen o asunto.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da dotación da nosa comunidade de trens AVRIL e da extensión da alta velocidade ferroviaria ao resto de cidades galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a proposición número 5, a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa do señor Pazos. ¿Ou levouna outro deputado? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Do señor Pazos, de acordo, que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación do texto autoemendado do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que efectúe o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará.*



Señor Bará, ¿pode explicarnos esa transacción?

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Basicamente, a proposta é manter a PNL do BNG, coa proposta de acordo que lin antes e acollendo a emenda do Partido Popular, coa supresión da palabra «concedida irregularmente», entendendo que isto ten que ser unha decisión que se adopte polas institucións competentes. Polo tanto, coa supresión de «concedida irregularmente». Como engádega aceptaríamos a emenda do Partido Socialista. Se esta emenda de engádega é obstáculo para que haxa un acordo, propoñiamos que se vote por separado.

O señor PRESIDENTE: O texto... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: O Partido Popular fixo unha emenda á iniciativa do BNG que na parte resolutoria di basicamente o mesmo que a do BNG, excepto esta expresión que dixen eu que retirabamos de «concedida irregularmente». Polo tanto, entendemos que non debe haber motivo para non chegar a un acordo se nós retiramos a expresión «concedida irregularmente». Polo tanto, hai unha coincidencia no fundamental.

E como aceptamos como engádega a emenda do Partido Socialista que fai referencia ás bonificacións das peaxes, se isto é un obstáculo para chegar a un acordo pedimos, con respecto á iniciativa do BNG, que se vote á parte por separado esta emenda do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Está entendido. A cuestión é o que se vota agora.

¿Perdón? ¿Votación por puntos? ¿Cantos puntos ten? A iniciativa, ¿cantos puntos ten? *(O señor Bará Torres: Non ten puntos.)* Non ten puntos.

Entón imos ver, só hai maneira de facer... Podemos facer dous puntos, un con iso e outro coa engádega á parte. A engádega á parte e votamos o outro tal e como o explicou o señor Bará.

Entón, imos votar primeiro tal e como explicou o señor Bará. Primeiro o texto con esa corrección que explicou o señor Bará. Votamos iso.

Votación do punto primeiro do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autostrada AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.



O señor PRESIDENTE: Agora votamos un segundo punto, que sería a emenda de engádega do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do punto segundo do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autostrada AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Agora continuamos coa alteración da orde do día, que é unha pregunta ao Goberno.

Alteración da orde do día.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, do G. P dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBifobia no mundo do deporte

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Hoxe quixemos aproveitar este pleno coa proximidade do día 17 de maio, día en que se celebra o Día Mundial contra a LGTBifobia, para traer ao Pleno esta iniciativa. Esta data conmemórase dende hai tres décadas, pero a verdade é que, por desgraza, os comportamentos homófobos seguen a existir.

Cando pensabamos que a cousa xa evolucionara, a ultradereita fainos retroceder. Sen ter que ir moi lonxe de aquí, hai unha semana foi acosado por redes o secretario xeral das Xuventudes Socialistas de Galicia con comentarios no seu perfil dunha rede social como «*degenerado*», «*retrasado*» e «*marica*», entre outros máis fortes que non vou reproducir. Comentarios que, no canto de ser condenados por outras forzas políticas, foron minimizados; como por exemplo polos membros das novas xeracións do Partido Popular, chamándolle tamén na mesma rede «*llorica*». Inaceptable, inaceptable que se branquee así o odio e medo se isto é o que vén no Partido Popular. Polo tanto, deberían preocuparse vostedes.

En 2024, como dicía, tería que ser incomprensible que unha persoa se sentise discriminada, sinalada ou estigmatizada pola súa orientación sexual. Pero, por desgraza, por cousas como



as anteriores vemos que aínda está a pasar, e o mundo do deporte non é unha excepción. Vemos o informe dos delitos de odio do Ministerio de Interior e sinala que o vinte por cento dos incidentes de delitos de odio están vinculados á LGTBifobia. Un dos espazos onde máis incidentes deste tipo se producen é en instalacións deportivas e campos de xogo. Nomea agresións físicas, ameazas, inxurias, insultos nas gradas ou chistes nos medios de comunicación, entre outras.

Isto fai que moitas persoas LGTB sintan o deporte como un espazo hostil no que non teñen cabida e deciden non ser parte do mundo do deporte ou ao practicalo ocultan ser quen son. Por desgraza, isto repítese con máis frecuencia da desexada e, polo tanto, por iso pedimos que a administración competente — neste caso a Xunta de Galicia— leve a cabo accións necesarias para procurar que no ámbito deportivo non haxa ningún tipo de discriminación, de violencia ou de acoso por razóns de orientación e que neste ámbito as persoas LGTB se sintan tan visibilizadas como as que non pertencen ao colectivo.

Temos que poñer, por exemplo, o acontecido hai un mes: un colexiado tivo que abandonar un partido de baloncesto na División júnior en Galicia por recibir insultos de carácter homófobo por parte dunha persoa da grada. Intentou continuar o partido pero, como isto continuaba, viuse incapaz de seguir traballando e ao final marchou, como manifestou, «anímicamente destrozado».

Temos grandes clubs en Galicia; no fútbol, como deporte maioritario. Temos clubs que en xeral dan exemplo, pero non podemos esquecer que moitas veces estas prácticas machistas, xenófobas ou homófobas —en xeral, contra os dereitos fundamentais— repítese. Polo tanto, nós preguntamos: ¿que ten pensado implementar o Goberno para loitar contra a LGTBifobia? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Permítame primeiro que manifieste o firme convencemento que temos no Goberno galego de que o deporte é un medio fundamental para a inclusión social, que é o mellor dos antidotos contra o odio e as condutas violentas. Porque o deporte únenos a todas as persoas e ademais axuda a ser mellores persoas.

En Galicia a Constitución, o Estatuto de Autonomía e a Lei do deporte de Galicia forman a base que nos permite velar polos dereitos e liberdades do conxunto dos galegos e das galegas que practican deporte, independentemente da súa condición, tanto en acontecementos deportivos de alto nivel como en actividades e citas deportivas de base e de carácter popular. Queden tranquilos no Grupo Socialista, porque dende a Xunta de Galicia non imos permitir ningún comportamento LGBTIQ+fóbico, nin machista, nin xenófobo, nin violencia, nin insultos ao redor do deporte. (*Aplausos.*)



¿Que estamos a facer? Pois estamos a traballar arreo e de forma coordinada entre distintos departamentos da Xunta de Galicia xunto con asociacións e colectivos referentes para que estes comportamentos non teñan cabida. En 2019 a Xunta activou o Observatorio LGTBIQ+, é dicir, un observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Neste observatorio hai un representante da Secretaría Xeral para o Deporte e, entre os grupos de traballo que se constituíron neste observatorio e se habilitaron para atender todos os ámbitos da LGTBIfobia, un deles é o dedicado á educación é ao deporte.

Pero como o que non se define non se pode medir e o que non se mide non se pode mellorar, o primeiro que activamos e realizamos ao longo do ano 2023 foi un informe coa diagnose inicial de situación do colectivo no ámbito do deporte. A Secretaría Xeral para o Deporte realizou esta análise a través dunha consulta a todas as federacións deportivas de Galicia na que responderon máis da metade das mesmas. Dous terzos manifestaron que non detectaron casos e noutros casos e noutras federacións —un catro por cento— ademais foron notificados. En todo caso, coincidían todos en que o sentido común, a empatía, o diálogo e o espírito de convivencia son as mellores vías para evitar estas condutas.

Os nosos obxectivos son elaborar un protocolo de actuación para evitar situacións de discriminación no deporte e levar a cabo accións de sensibilización e visibilización específicas neste ámbito, como vostede pedía.

¿E que temos listo xa? Pois no pleno deste observatorio, que terá lugar o día de mañá, vaise presentar o decálogo pola igualdade LGTBIQ+ nos deportes, que é unha guía de boas prácticas no eido do deporte e que se distribuirá como ferramenta de difusión, sensibilización e concienciación a través da Secretaría Xeral de Deporte, clubs, federacións, universidades e demais entidades deportivas. Como poden comprobar, é un tema que nos preocupa, no que estamos traballando e imos seguir traballando.

Finalizo dicíndolle que a Xunta de Galicia considera que o deporte é unha das formas nas que as persoas anciás...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu comparto a idea de que o deporte é esencial; non só por saúde, senón que tamén inspira valores como o xogo limpo, o respecto ao adversario, espírito de esforzo... e que todo isto é incompatible coas fobias, coa discriminación, coa desigualdade ou coa violencia. Por iso é importante traballar neste sentido. Eu aplaudo estas medidas que vostede acaba de anunciar aquí, sobre todo porque son pioneiras no Goberno da Xunta, porque ata agora non implementara ningún tipo de medida.



A verdade é que esta vontade política ten tamén que corresponderse cun compromiso orzamentario, porque na actualidade a partida destinada a políticas LGTBI é unha partida ínfima de 48.000 euros. Polo tanto, é difícil que poidan vostedes implementar todas esas medidas das que me falaba vostede. Nós cremos que, ademais destas políticas de campañas dirixidas a fomentar a visibilidade das persoas LGTBI no ámbito do deporte, tamén é necesaria esa elaboración de protocolos de prevención e actuación fronte a estes ataques ou fronte aos estereotipos sexistas ou calquera tipo de discriminación.

Ademais, tamén entendemos que é necesaria a formación integral de todas aquelas persoas que están encargadas da xestión de instalacións deportivas; ¿con que finalidade? Coa finalidade de non revitimizar esas persoas e saber actuar no caso de que se produza unha agresión con calquera tipo de fobia.

Polo tanto, cremos tamén que é importante cumprir a Lei do deporte. A Lei do deporte marcou un fito, porque xa non só reconece a loita contra o racismo, senón tamén por primeira vez a loita contra ataques LGTBIfóbicos. Como está a facer o Goberno de España, queremos que a Xunta continúe nesta senda. Polo tanto, pídolle non só a vontade política de facer as cousas, senón tamén orzamento para as mesmas, porque se non é moi difícil de cumprir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señoría, penso que quedou claro que nos preocupamos por evitar calquera tipo de comportamento que atente contra a dignidade das persoas no deporte. Tamén dei conta dun traballo que vén de atrás, cun percorrido e froito do diálogo, dunha enquisa, de saber o parecer da xente que está vinculada ao deporte e que traballa co deporte. Polo tanto, sobre a mesa si hai feitos e non só palabras unicamente.

Falaba vostede da importancia de elaborar un protocolo. O que lle digo é que se vai aprobar mesmamente mañá, pero voullo adiantar. E loxicamente tamén hai unha formación que é fundamental, que non a reflectín pero que lla explico. Sabe vostede que na Secretaría Xeral do Deporte tamén se fai formación aos técnicos, adestradores, á xente que pertence ás directivas dos clubs; xente que, en definitiva, participa na vida deportiva de moitos clubs. E aí nesa formación loxicamente tamén se vai incidir neste protocolo, a súa implementación e como teñen que reaccionar ante situacións dese tipo. Polo tanto, creo que nese sentido estamos a traballar.

Ten que quedar claro que a tolerancia é cero fronte a esta lacra. Comportamentos deste tipo non poden estar presentes en ningún polideportivo, en ningún terreo de xogo, en ningunha piscina ou circuíto que exista en toda a comunidade, así como tampouco nos medios ou nas redes sociais. O decálogo que mañá aproba este observatorio en primeiro lugar di, no punto



1: «todo tipo de corpos poden facer todo tipo de deportes». Segundo punto: «hai que rachar cos roles e estereotipos de xénero». Terceiro: «a linguaxe importa, o respecto é esencial nas palabras e tamén nas expresións». Cuarto: «os baños e vestiarios son espazos libres de violencia». Cinco: «a promoción da autonomía persoal e da liberdade é fundamental no deporte». Seis: «non se pode tolerar ningunha conduta LGTBIQ+fóbica e hai que actuar ante elas e previlas». Sete: «hai que tecer unha rede de entidades que apoian o colectivo LGTBIQ+». Oito: «o compromiso coa accesibilidade do colectivo no deporte ten que ser claro, eliminando toda barreira psicolóxica e o acoso xa dende os centros educativos». Nove: «debe facerse visible o apoio e defensa deste colectivo». Dez: «entre todos converter calquera deporte nun espazo seguro de celebración da diversidade».

Pois, como lle digo, este protocolo está para aprobar mañá; vai a proposta e supoño que se aprobará. E, como lle dicía tamén, en todos os plans de formacións que inclúa a Secretaría Xeral para o Deporte tamén vai estar presente. Pretendemos trasladar estas ideas ao conxunto da sociedade galega, que considero que é unha das máis abertas e inclusivas que hai no mundo.

Quédanos seguir a profundar no seo do observatorio, como vía de diálogo fluído e colaboración coas asociacións e colectivos na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. No deporte tamén seguiremos avanzando dentro do seu grupo de traballo, onde se dará continuidade á súa actividade con novas propostas.

Queremos continuar nese camiño, cara a unha Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...na que se avanza en que o conxunto de todas as persoas sexamos iguais en dereitos, deberes e liberdades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da maña.


Suspéndese a sesión ás sete e trinta e dous minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Marnotes Fernández, Argimiro	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Martínez Allegue, María	P
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Mato Díaz, José Manuel	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Méndez López, Lara	S
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Mouzo Mas, Paula	P
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Ojea Bouzo, Armando	DO
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pazos Couñago, José Alberto	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pérez Fernández, Rosana	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Pérez López, José Daniel	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Pérez López, Noelia	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Pomar Tojo, Carmen María	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Prado Cores, María Montserrat	BNG
14. Corgos López-Prado, Miguel	P	52. Prado del Río, Paula	P
15. Deza Martínez, María	P	53. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Queixas Zas, Mercedes	BNG
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Ríos Santomé, Paulo	BNG
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez González, Román	P
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rodríguez Martínez, Roberto	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Grueira Fernández, Nicole	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Iglesias Rey, Patricia	S	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Insua Lema, Óscar	BNG	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. Longueira Castro, Silvia	S	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. López Font, Carlos	S	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Lorenzo Gómez, Rubén	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

